



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Serie Pleno
Número 122

Sesión plenaria
26 de xuño de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGDVp788vu4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 36111 (10/PNP-002682)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 354, do 12.09.2018

4.2 46284 (10/PNP-003465)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

4.3 47507 (10/PNP-003592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e sete deputados/as máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019

4.4 49953 (10/PNP-003781)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

4.5 50311 (10/PNP-003812)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e dous deputados/as máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019



4.6 50426 (10/PNP-003820)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

4.7 50678 (10/PNP-003829)**Grupo Parlamentario de En Marea****Miranda Pena, Flora María e dous deputados/as máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

4.8 50691 (10/PNP-003830)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

Punto 5. Interpelacións**5.1 45948 (10/INT-001520)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

5.2 48741 (10/INT-001623)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación co sector das artes escénicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

5.3 50774 (10/INT-001694)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019



Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 51628 (10/POPX-000154)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do crecemento da economía galega dende o ano 2009 e as súas consecuencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

6.2 51639 (10/POPX-000155)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o nivel de confianza da cidadanía diante dos continuos cambios de criterio do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

6.3 51640 (10/POPX-000156)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre o balance global dos máis de dez anos de exercicio da Presidencia da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 43509 (10/POP-005159)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e tres deputados/as máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do rescate do carácter público dos medios de emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.2 43933 (10/POP-005254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e sete deputados/as máis

Sobre o balance por parte do Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

7.3 51623 (10/PUP-000256)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da consideración, na información emitida pola CRTVG o día 12 de xuño, da proba de galego como un elemento discriminatorio para o alumnado que se presenta ás probas de selectividade en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019



7.4 49849 (10/POP-005924)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 479, do 22.05.2019

7.5 51609 (10/PUP-000254)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun depósito de residuos sen control na bocana da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.6 49414 (10/POP-005888)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios que lle vai reportar á veciñanza a implantación dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo, nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

7.7 50480 (10/POP-005980)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia a actuación do Goberno central en relación coa continuidade de Alcoa na Coruña e o futuro da industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 483, do 05.06.2019

7.8 50786 (10/POP-005992)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir calquera venda fraudulenta que poña en risco as condicións da concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Xallas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 12.06.2019

7.9 51622, E C.E. 51646 (10/PUP-000255)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as características fundamentais do proxecto de universidade privada presentado por Afundación Abanca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 19.06.2019

7.10 49498 (10/POP-005897)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 07.05.2019



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente anuncia o adianto no debate do punto sexto da orde do día, o de preguntas ao señor presidente da Xunta de Galicia. (Páx. 14.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de confianza da cidadanía diante dos continuos cambios de criterio do Goberno galego. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 15.)

Réplica da autora: Sra. Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 18.)

A señora Pontón Mondelo solicita a palabra, que non é concedida por parte do señor presidente e, a continuación, establécese un diálogo. (Páx. 20.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance global dos máis de dez anos de exercicio da Presidencia da Xunta de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 21.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 22.)

Réplica do autor: Sr. Fernández Leiceaga (S). (Páx. 24.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 27.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 31.) e Sra. Arias Rodríguez (P). (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 35.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 37.)



Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 38.)

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Torregrosa Sañudo (EM). (Páx. 40.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 42.), Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 43.), Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 45.)*

A señora Torregrosa Sañudo (EM) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 47.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables. (Punto cuarto da orde do día.)

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Pierres López (S). (Páx. 48.)
Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 52.), Sra. Torregrosa Sañudo (EM) (Páx. 53.) e Sr. Castiñeira Broz (P). (Páx. 54.)*

Nova intervención da señora Pierres López (S). (Páx. 56.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 58.)

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 58.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 61.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 63.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 64.)*

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 66.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 67.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 71.) e *Sr. Moreira Ferro (P)*. (Páx. 72.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 75.)

O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 77.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 78.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 79.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 84.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 85.)

A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)

Votación das proposicións non de lei

O señor presidente le un texto transaccionado da primeira das proposicións non de lei que se van someter á votación, e o señor Castiñeira Broz (P) solicita a palabra para puntualizar que se trata dunha adición ao texto orixinal. (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal: *aprobado por 59 votos a favor, ningún voto en contra e 13 abstencións.* (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados: *aprobada por 40 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 89.)

O señor presidente anuncia a seguinte votación e dálle a palabra ao señor Díaz Villoslada (S) para que comunique o resultado da transacción. (Páx. 89.)



Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

O señor presidente dálle a palabra á señora Torregrosa Sañudo (EM) para que comunique o resultado da transacción sobre a seguinte proposición non de lei e aclarar se acepta a votación por puntos que foi solicitada. (Páx. 90.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

A señora Pierres López (S) solicita a palabra e intervén para dar lectura a un texto transaccionado sobre unha emenda in voce do G. P. Popular. (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables: *aprobado por 53 votos a favor, ningún voto en contra e 19 abstencións.* (Páx. 92.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luis Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor Cal Ogando (EM) para que comunique o resultado da transacción da seguinte proposición non de lei, e o señor Moreira Ferro (P) solicita a votación por puntos. (Páx. 93.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez: *aprobado por 72 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación do texto transaccionado, agás o punto 1, da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre



a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez: *rexeitado por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

O señor presidente dálle a palabra ao señor Trenor López (P), que intervén para pedir a votación por puntos. Esta solicitude é denegada polo grupo propoñente (Páx. 94.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 94.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 97.)

Réplica do autor: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 101.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 102.)

Interpelación de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co sector das artes escénicas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Burgo López (S). (Páx. 104.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 107.)

Réplica da autora: Sra. Burgo López (S). (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 111.)

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 113.)

Resposta da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 116.)

Réplica da autora: Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 119.)

Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela). (Páx. 121.)



Pregunta de D. Luis Villares Naveira, D^a Carmen Santos Queiruga e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do rescate do carácter público dos medios de emerxencias. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 122.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 124.)

Réplica da autora: *Sra. Santos Queiruga (EM)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance por parte do Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 127.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 130.)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da consideración, na información emitida pola CRTVG o día 12 de xuño, da proba de galego como un elemento discriminatorio para o alumnado que se presenta ás probas de selectividade en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 135.)

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia un cambio no desenvolvemento da orde do día consistente en adiantar o debate da pregunta 7.10. (Páx. 136.)

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 137.)

Réplica da autora: *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 138.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González)*. (Páx. 139.)



Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 140.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 141.)

Réplica da autora: *Sra. Otero Rodríguez (S)*. (Páx. 142.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Mobilidade (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 143.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun depósito de residuos sen control na bocana da ría de Arousa. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 144.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 145.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 146.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 147.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios que lle vai reportar á veciñanza a implantación dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo, nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 149.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 150.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 152.)

Pregunta de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia a actuación do Goberno central en relación coa continuidade de Alcoa na Coruña e o futuro da industria electrointensiva. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 154.)

Réplica do autor: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 156.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir calquera venda fraudulenta que poña en risco as condicións da concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Xallas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 157.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 158.)



Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 159.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 160.)

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as características fundamentais do proxecto de universidade privada presentado por Afundación Abanca. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 161.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 162.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 163.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional (Pomar Tojo)*. (Páx. 164.)

Remata a sesión ás oito e once minutos do serán.



Retómase a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Continuamos a sesión, e adiantamos as dúas preguntas ao presidente da Xunta que se tramitan hoxe.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de confianza da cidadanía diante dos continuos cambios de criterio do Goberno galego

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas. Moi bo día.

Señor Feijóo, estamos vivindo tempos nos que é necesario dignificar a política e recuperar o seu verdadeiro significado, e para iso é clave que a política se sustente en principios, en valores e na ética. Xa o dicía Cicerón: «Cando os políticos non se rexen pola ética son como hienas á caza do poder». E para dignificar a política é moi importante o valor da palabra. Que o que se fai se corresponda co que se di.

O pasado 16 de maio publicouse unha entrevista que lle fixeron, na que vostede realizou unha afirmación moi rotunda: «Para Ourense sería letal ter a Jácome de alcalde». Pero non quedou aí, porque vostede non aforrou cualificativos sobre esta persoa. Dixo que era «...una persona histriónica, lo contrario a una ciudad abierta y cordial. Lamentablemente, fuera nos empiezan a conocer por eso. Nos preocupa porque nos da mala imagen.»

Tres semanas despois, ese político letal, histriónico e contrario a unha cidade aberta e cordial é alcalde de Ourense por obra e graza dos votos do Partido Popular. E hai que dicir que isto é un espectáculo bochornoso, que causa vergoña allea, señor Feijóo.

Pero ten outra lectura, que é unha lectura política, máis importante para o que nos debe de preocupar, e é que deixa espido o presidente da Xunta porque nos demostra que a súa palabra non vale nada e que practica a peor das políticas, a que non ten principios nin ética e que só buscan fin, unha meta, aferrarse ao poder custe o que custe. O seu oportunista cambio de criterio o que delata é que está disposto a facer calquera cousa con tal de manterse no poder. Está disposto a sacrificar o futuro de Ourense porque non hai nada máis importante para Feijóo que manterse na poltrona.

E para intentar tapar este espectáculo bochornoso fai o que mellor se lle dá: censura nos medios públicos e poñer en marcha a publicidade e a propaganda, utilizando a Xunta para arrancar a súa precampaña electoral, nun intento desesperado por tapar a realidade: a realidade do seu fracaso porque é vostede o peor presidente da historia de Galiza, (*Murmurios.*) a realidade dos *batacazos* electorais do Partido Popular e a realidade de que, se hoxe se ce-



lebrasen eleccións, os galegos e as galegas poñeríanlle as maletas na porta, fartas de ver como un país con tanto potencial ten unha sangría demográfica que camiña de xeito galopante, onde a xente nova mira sen esperanza o futuro e onde os servizos públicos se están deteriorando.

Por iso, preguntámoslle se pode explicar nesta cámara por que Galicia ten que pagar as nefastas consecuencias da súa falta de criterio, da súa falta de palabra, e agora a utilización da Xunta como gabinete electoral. Porque mire, señor Feijóo, os galegos e as galegas non necesitan un presidente *ionqui* do poder, disposto a todo, disposto a calquera cousa con tal de manterse no goberno, necesitan un presidente que poña os intereses de Galiza por diante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, sorpréndenme algunhas das súas afirmacións. Estamos de acordo con Cicerón, sen dúbida, aínda que non sexa nacionalista. Estamos de acordo con Cicerón, e iso é, sen dúbida algunha, proposta de apertura que parece ser que ten o Bloque Nacionalista Galego.

Acabo de ser censurado por reunirme co Goberno o pasado xoves á hora do Consello e invitar os altos cargos da Xunta de Galicia para que o Goberno explicara a todo o corpo directivo da Comunidade Autónoma cales son os proxectos das consellerías e para que o presidente da Xunta puidera intervir para explicar cales son, en definitiva, os proxectos transversais das propias consellerías.

Sopréndeme, señoría, que vostede non saiba que esta Xunta de Galicia leva feito dous plans estratéxicos, neste momento estamos cumprindo o segundo, e sorpréndeme que vostede non saiba que os gobernos que planifican o lóxico é que presenten cales son as súas liñas estratéxicas envoltas e concretadas no Plan estratéxico de Galicia 2021-2027, horizonte 2030.

Comprendo, señora Pontón, que para vostedes iso é algo inédito porque cando vostedes gobernaban non podían reunir a todo o Goberno. E non podían reunir a todo o Goberno porque os altos cargos do BNG non se falaban cos altos cargos do PSOE, e os altos cargos do PSOE non se falaban cos altos cargos do BNG. Imaxínese vostede o presidente da Xunta daquela convocando os altos cargos das consellerías do BNG para falar conxuntamente da acción do Goberno. ¿Que ocorrería? Pois que simplemente non asistirían. Por iso é algo máis que sorprendente que a vostedes e ao PSOE, que para estes efectos son o mesmo, lles sorprenda que o presidente da Xunta convoque o seu Goberno, e os conselleiros os seus directores xerais, e conxuntamente falemos de Galicia na sede da Administración autonómica, que é San Caetano-Xunta de Galicia. Iso é moi sorprendente, pero, polo que se ve, as sorpresas do BNG non acaban aí.



Di vostede que non temos criterio nas eleccións e en quen goberna. Pero se levo eu falando e este grupo parlamentario e o meu partido propondo modificacións da lei electoral para que governe a lista máis votada. Se na rolda de prensa da noite das eleccións municipais volvíñ propoñer a lista máis votada. Se durante todo este tempo estiven facendo chamamentos ao Partido Socialista e ao BNG para que deixaran gobernar a aqueles que gañaron nas urnas. E agora parece ser que o BNG e o Partido Socialista querían gobernar a Deputación de Ourense con Democracia Ourenzá (*Murmurios.*) e, ademais, invitar a Ciudadanos. Do mesmo xeito que o BNG goberna con Ciudadanos en Malpica. (*Murmurios.*)

Non se ría, señora Pontón, non se ría. Ese Ciudadanos que consideraban vostedes a ultradereita antigalega, resulta que é socio do BNG en Malpica e querían gobernar con el na Deputación de Ourense. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

Señora Pontón, criterio temos. Constatando que o señor de Democracia Ourenzá ía gobernar co Partido Socialista na Deputación e co BNG, constatando que Democracia Ourenzá ía gobernar co Partido Socialista no Concello de Ourense, e constatando que o Partido Socialista non ía aceptar en ningún caso que gobernara o Partido Popular onde gañou, como vostede se pode imaxinar, se o BNG pode pactar con Democracia Ourenzá e o Partido Socialista tamén, ¿cal é a imputación? ¿A imputación é o que o Partido Popular poida gobernar cos mesmos que quería gobernar o BNG e o Partido Socialista Obreiro Español? (*Murmurios.*) É cando menos sorprendente, señora Pontón. É certo que aquí xa sorprende ben pouco.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Despois dos seus antecedentes, despois dos seus pactos, despois das súas alianzas, xa non me sorprende nada do que diga o Bloque Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, vémolos de novo en modo escapista, a obsesión do Bipartito, si, porque ten vostede unha obsesión, non sei. Dez anos gobernando e continuamente vén aquí facendo de oposición a un goberno que non existe. Eu agardo, desde logo, que no 2020 poida vostede estar no lugar que máis cómodo é, que é facendo oposición, porque os galegos e as galegas o sitúen aí. (*Aplausos.*)

A min a verdade é que me sorprende que vostede fale de pactos, porque está como para falar de pactos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, un partido que pacta, e ademais quere facelo de maneira secreta, con esa extrema dereita antigalega, racista, que é machista e que está negando o terrorismo que máis mulleres ten matado neste país, que é o terrorismo machista. (*Aplausos.*) Eses son os pactos que defende e avala o Partido Popular. ¡Está vostede para pactar!



E non nos explica, señor Feijóo, como é posible que vexa coherente que o seu partido lle entregue a cidade de Ourense a unha persoa que vostede mesmo definiu como letal, como histriónica e como o contrario a unha cidade aberta e cordial. Esa é a súa carta de presentación, e vén aquí agora a dicirnos que a culpa dos seus pactos con Democracia Ourenzá é do Bloque e do Partido Socialista. ¿De verdade cre que pode seguir con esta tomadura de pelo, señor Feijóo? (*Murmurios.*) ¿É que non se dá conta de que, cada vez que o poñemos ante o espello das súas palabras, o único que constatamos é algo que é moi preocupante para este país, que o presidente da Xunta tanto di unha cousa como fai a contraria e non podemos crer na súa palabra?

E mire, o mellor exemplo de que non se pode crer na súa palabra é que vén aquí repetirnos constantemente as mesmas promesas. O pasado xoves vostede fixo un acto preelectoral, non fixo un acto de goberno, porque se tivera tanto que ofrecerlles aos galegos e ás galegas non suspendería o Consello de Goberno, no que se poden tomar decisións para o futuro, para facer un mitin na sede da Xunta de Galiza. (*Aplausos.*) Tería reunido ao seu gabinete e tomado decisións. Cando queira, repasamos os consellos da Xunta (*Murmurios.*) e vemos cantos informes, informes, informes, propaganda e propaganda sae deses consellos da Xunta porque non hai materia nin substancia política.

Mire, hai quen di que a vida... (*Murmurios.*) Si, si. Eu agradezo moito o respecto dos conselleiros e conselleiras, que veñen ao Parlamento a rirse do que ten que dicir a oposición, ríndose dos galegos que non pensan coma eles. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: É un retrato de como entenden vostedes a democracia. (*Aplausos.*) Sigán por aí, sigán por aí, señores e señoras do Partido Popular, demostrando a falta de respecto que lle teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a este Parlamento e que lles teñen aos galegos e ás galegas.

Señor Feijóo, hai quen di que a vida é o que nos pasa mentres facemos plans. Vostede ten moitos plans, pero a realidade é que deixa a Galiza tocada despois destes dez anos. Insisto, Galiza non necesita a un presidente que é un *ionqui* do poder e que o único que quere é afezarse...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...á poltrona custe o que custe.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Está claro que vostede non é o presidente que necesita Galiza.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.



A señora PONTÓN MONDELO: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Certamente, escoitar a señora Ana Pontón pedir o respecto dos conselleiros cara o que di, despois de chamarlle *ionqui* ao presidente, como se pode vostede imaxinar... ¡Vostede contradise cada trinta segundos!

Señora Pontón, falar do Bipartito... Mire, eu teño bastante máis respecto polo presidente e polo vicepresidente do Bipartito ca vostede, sen dúbida. É certo que nalgunha ocasión reuniron o Consello para aprobar a Festa da filloa de Boqueixón de interese galego —iso é certo— como único punto da orde do día. Critiqueino cando estaba na oposición. Que me critique vostede os consellos da Xunta é algo sorprendente, señora Pontón.

¿A vostede parécelle que un presidente non se pode reunir cos conselleiros e non pode facer unha reunión cos altos cargos do Goberno? ¿Iso parécelle que é unha proposta propagandística? ¿A vostede parécelle que as reunións de coordinación do Goberno é propaganda? Comprendo que vostede nunca estivo nun goberno, e non sabe o que é a coordinación dun goberno e que o Goberno governe. Esa é unha gran diferenza entre vostede e este goberno. (*Aplausos.*)

En todo caso, señora Pontón, dado que fala de terrorismo, a semana pasada vostede perdeu unha gran ocasión para cambiar de opinión dentro do nacionalismo galego. En vez de aproveitar as detencións dos prófugos da xustiza, presuntos terroristas de Resistencia Galega, a única banda terrorista que existe en España, vostede o pasado luns, en vez de felicitar as forzas e corpos de seguridade do Estado, pediu presunción de inocencia, o cal me parece ben, pero foi vostede moitísimo máis prudente cara a eses dous presuntos terroristas que cara a calquera rival político que estea imputado ou chamado a declarar a un xulgado en Galicia. E na súa rolda de prensa, señoría, mereculle máis reproches un candidato do BNG por aceptar votos do PP que eses presuntos terroristas. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Por iso, señora Pontón, que fale o BNG de terrorismo nesta Cámara é, simplemente, non ter memoria, e ao nacionalismo galego así lle vai, señoría.

Fala de cambios de criterio. Pero, ¿de que BNG estamos falando? ¿Do ano 2004, cando o BNG ía en coalición electoral co Partido Nacionalista Vasco e con Convergència i Unió, é dicir, a dereita burguesa, para entendernos, en Euskadi e en Cataluña? Agora resulta que ese mesmo BNG vai en coalición electoral con Bildu e Esquerra Republicana de Catalunya, é dicir, o independentismo catalán e os herdeiros do terrorismo vasco. (*Protestas.*) Si, señoría, hai militantes en Bildu que teñen sentenzas firmes por terrorismo. Si, señora Pontón. Leccións de terrorismo ao Partido Popular, do BNG, ningunha, señora Pontón, ¡ningunha! (*Aplausos.*)

Pero, señora Pontón, ¿de que cambio de criterio me fala vostede? No ano 2015, cando chegaron a todas as deputacións —despois de perder as eleccións, como sempre fai o BNG—, dicían que había que ir desmoronando esas deputacións e trasladando as competencias aos concellos e á



Comunidade Autónoma. ¿E agora resulta que no ano 2019 volven chegar á Deputación de Lugo e á Deputación da Coruña —despois de perder clamorosamente as eleccións— e se reparten as dedicacións exclusivas? ¿De que BNG me fala vostede? ¿Daquel que dicía que o señor Orozco non podía ser alcalde de Lugo, e agora resulta que están cogobernando en Lugo cunha alcaldesa igual de imputada que o señor Orozco? (*Murmurios.*) ¿De que cambio de criterio me fala vostede, señoría? ¿Do cambio de criterio de gobernar con Ciudadanos en Malpica de Bergantiños? ¿Ou é que acaso xa non se acorda onde está Malpica de Bergantiños, señora Pontón?

Mire, señora Pontón, non deixa de ser irónico que unha deputada que votou en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico (*Protestas.*) veña falar aquí de cambio de criterio.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Xa sei que se ri. O BNG sempre se riu de todo aquilo que lle molesta. (*Aplausos.*) Si, señoría. Ou falar de cambio de criterio dun partido que bendecía que o Goberno de España investira un 8 % dos Presupostos xerais en Galicia...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): e iso era todo un acontecemento histórico, e despois nos recriminaba porque ese mesmo goberno de España investía un dez, un doce, un trece e un catorce por cento dos Presupostos do Estado en Galicia.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por iso, señoría, para criterios, os seus.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En campaña, en coalición con Esquerra e con Bildu, e despois gobernan co Partido Socialista Obreiro Español.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas. Terminou o seu tempo, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, eses criterios para este partido e para Galicia non os quero eu.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*)

¿Para que quere a palabra, señora Pontón?



A señora PONTÓN MONDELO: Señor presidente, eu creo que é moi claro que o presidente da Xunta acaba de deslizar unhas acusacións que son moi graves, non só sobre a miña persoa...

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe... (*Murmurios.*)

A señora PONTÓN MONDELO: ...insidiosas...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non...

A señora PONTÓN MONDELO: ...si, si, si, en relación coa [...]...

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe, señora Pontón. Non, non...

A señora PONTÓN MONDELO: ...e eu quero que quede moi clara...

O señor PRESIDENTE: Non, non, non se lle escoita, señora Pontón. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, perdón, porque eu estiven atento ao debate e o debate foi un debate de ton absolutamente político e en ningún momento houbo... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, perdoe, non lle vou dar a palabra. Non, non, non lle vou dar a palabra. Nese sentido non lle vou dar a palabra. Non apreciei... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si, eu xa lle dei a palabra a vostede, pero vostede estame dicindo que houbo unhas acusacións graves aquí e foron en todo termo expresións políticas... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non ten a palabra, señora Pontón. Non, non ten a palabra. Non, non, non ten a palabra e chámola á orde. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Pontón, non ten a palabra. Non, non... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Señora Pontón, chámola á orde por unha vez. Chámola á orde. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, perdoe, chámola á orde... Si, chámola á orde. Terminou... Chamada á orde. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Terminou, terminou. Ten unha chamada á orde. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non, non. Non, non, non rete... Señora Pontón, non rete nunha cuestión que eu teño clara. Ten unha chamada á orde e terminou aquí a cuestión. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non ten a palabra. Non a ten... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Que non a ten porque non apreciei... (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Terminou o seu tempo. Terminou o seu tempo. Terminou. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non, perdón, non... (*Murmurios.*) (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non vou entrar. Perdón. Estiven atento, o debate é duro moitas veces. En todos os debates se sabe dar pero tamén hai que saber encaixar, e aquí o debate foi un debate político. (*Protestas.*) Terminou, terminou. Terminou o debate. Terminou a cuestión. Terminou. E non quero seguir con chamadas á orde, por favor. Imos continuar. (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non, non ten, señora Pontón. Non ten a palabra.



Correspóndelle o turno ao señor Fernández Leiceaga. Terminou. *(Aplausos.)* Non se escoitou, non se gravou. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Todo o que dixou non se gravou porque non ten vostede a palabra. Síntoo, síntoo. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Ben, pero non queda gravado. Ninguén o escoitou. Ademais non ten o uso da palabra. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, se vostedes queren facer iso... Si, moi ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, perdón.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o balance global dos máis de dez anos de exercicio da Presidencia da Xunta de Galicia

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, do Grupo Parlamentario Socialista.

Cando queira.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, quedalle pouco máis dun ano para rematar o seu terceiro e espero que último mandato, e pasaron máis de dez desde que asumiu a Presidencia da Xunta de Galicia. Debería poder dicirnos xa cal foi o eixo central da súa acción de goberno, que prioridades tivo, cales están resoltas despois de dez anos e que pretende deixar a Galicia como legado dos seus once anos cando remate este lexislatura de goberno.

Fíxese, Galicia é cada vez máis pequena en termos demográficos. Desde o ano 2008 perdéronse 94.000 habitantes en Galicia. Este ano 2018, último pechado, ten o saldo vexetativo negativo máis alto que se coñece. Por tanto, temos un problema en demografía.

Hoxe póñense en marcha en Galicia menos proxectos familiares que nas últimas décadas, e as familias teñen un fillo cando desexan ter dous. Xa o señor Fraga e vostede mesmo dicían que a crise demográfica era prioritaria. ¿Segue sendo prioritaria? Porque o seu agravamento nestes anos testemuña o fracaso das súas políticas de familia.

Cada vez temos máis persoas maiores, pero vostede mantivo o copago farmacéutico, fracasou na política de residencias, creando un imposto non declarado ás persoas maiores e ás súas familias, e ademais os recortes en atención primaria dificultan a asistencia xustamente a un tramo de idade que o precisa moito máis que ningunha. ¿Era a prioridade da súa acción de goberno a atención ás persoas maiores, o reforzamento dos servizos públicos?

Temos unha Galicia con menos base laboral. Temos 90.000 ocupados menos dende o 2018 en relación co 2008, e unha caída dun 16 % nas horas traballadas nese mesmo período, jun 16 %! O número de mozos caeu un 43 %, pero o número de mozos ocupados caeu un 45 %. Temos menos base laboral. ¿Era unha prioridade o emprego, como dicía vostede no seu contrato con Galicia? ¿Xa solucionou ese problema? Con menos base produtiva.

Fíxese, de cada tres empregos perdidos en España na agricultura, na pesca ou na industria, un, un terzo do total, estaba en Galicia nestes tres grandes sectores. ¿Son a agricultura a pesca e a industria as prioridades da súa acción de goberno neste tempo?



E non foi capaz de crear as condicións para captar os investimentos que Galicia precisa. Seguimos estando en I+D+i por debaixo das porcentaxes sobre o PIB do ano 2008. ¿Era prioritario o I+D+i e por iso estamos por debaixo?

Co Plan MOVE aínda situándose no horizonte do ano 2013, a pesar dos fondos europeos que seguen chegando a Galicia. Cunha oferta de solo industrial moi atrasada en relación con Portugal. E cunha xestión da formación para o emprego que merece ser revisada desde o fondo.

Estas son as circunstancias. ¿Era isto o prioritario para Galicia? ¿Era prioritaria a asunción de competencias, a consolidación do autogoberno? ¿Onde estaban as prioridades e que resolveu, señor Núñez Feijóo? ¿Cal foi o eixe central da súa acción de goberno?

Non necesitamos máis propaganda, non necesitamos máis márketing, necesitamos resultados, e para os resultados necesitamos unha opción de goberno efectiva, pero que se basee nun cambio de paradigma que vostede, desde logo, non está disposto a dar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, o que me queda de goberno é máis do que leva gobernado o señor Sánchez en España, polo tanto, mire o que pasou dende que está gobernando o señor Sánchez despois da moción de censura e o que pode ocorrer aínda en Galicia. Pero o certo e verdade é que nunca se sabe o que lle queda de goberno a cadaquén porque son os cidadáns os que deciden os gobernos que prorrogan e aquelas oposicións que as seguen prorrogando durante moito tempo na oposición.

A min sóame esta pregunta como despedida, pero non a miña, senón a súa. Parece que aproveita vostede para intentar facer un balance do que foi a súa portavocía. Eu síntoo moito, porque sabe que teño aprecio persoal e respecto pola maioría das cousas que di. Hai unha parte que non a respecto porque simplemente vostede nin sequera a cre.

Por iso, señor Leiceaga, gustaríame dicirlle que debería estar vostede máis atento sobre o balance dos dez anos porque o fixemos público. Comparecemos diante dos medios de comunicación o 1 de marzo do ano 2019 para facer público o que conseguimos, porque os galegos así o quixeron, o 1 de marzo do ano 2009. Xa sei que vostede entenderá que iso era un acto propagandístico, pero a súa pregunta non, a súa pregunta é unha pregunta concreta e claramente contundente. Si, señor Leiceaga, si. Pero non importa, ímonos seguir vendo no Parlamento, ao mellor durante máis tempo do que vostede cre.

Señor Leiceaga, despois de tres maiorías absolutas consecutivas, supoño que os oito primeiros anos xa teñen balance, o balance da decisión inapelable dos galegos nas urnas. E



agora queda aínda o balance que van facer os galegos no ano 2020. Polo tanto, remitámonos ao balance dos galegos do ano 2020 mentres vostede e eu discrepamos cordialmente.

Mire, este goberno o tempo que estivo gobernando, e que está gobernando, tivo que xestionar a crise máis importante a nivel mundial dende mediados do século XX, ademais agravada — ¡como non! — polas políticas do Partido Socialista Obreiro Español, tanto en Galicia co Bipartito como sobre todo en Madrid co señor Rodríguez Zapatero.

No contexto das comunidades autónomas, ¿por que comunidade autónoma se cambiaría vostede? ¿Que comunidade autónoma ten mellores ratios que Galicia? ¿Hai algunha comunidade autónoma do réxime común que teña mellores datos económicos, sociais, sanitarios, educativos? ¿Hai algunha comunidade autónoma que poida dicir en España que a maior converxencia de todas as comunidades autónomas nesta década lle correspondeu a ela? Non, esa comunidade autónoma é Galicia. (*Aplausos.*) ¿Hai algunha comunidade autónoma en España que poida dicir que a renda per cápita por cidadán onde máis subiu foi nesa comunidade autónoma? Non. De todas as comunidades autónomas de España, onde máis subiu a renda per cápita na última década foi en Galicia. Por iso ¿por que comunidade autónoma cambiaría vostede? ¿Hai algunha comunidade autónoma do Partido Socialista Obreiro Español que deberíamos de copiar? ¿Hai algunha? ¿Hai algunha proposta alternativa?

Mire, señoría, fáleme vostede de sanidade. As menores listas de espera da historia, as maiores infraestruturas da historia, o mellor investimento en tecnoloxía da historia e o maior orzamento da sanidade pública da historia. (*Aplausos.*)

Fáleme vostede de educación. Señoría, na educación temos máis profesores por alumno que en ningún lugar de España. Estamos dentro das catro primeiras comunidades autónomas nos informes internacionais, informes PISA, e temos as universidades máis accesibles de España.

Fáleme vostede de benestar. Hai 61.000 dependentes que cobran todos os meses, ¡61.000! E a maior porcentaxe de incremento de prazas públicas sociais da historia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Fáleme vostede de inclusión, falemos de inclusión. Temos a taxa de pobreza inferior á que tiña o Bipartito no ano 2008, e seguen falando vostedes de inclusión. E agora quere falar vostede de paro. Un 24 % menos de paro que cando chegamos ao goberno. Un 24 % menos de paro, 60.000 persoas menos en paro.

E fala vostede da Seguridade Social. Mire, cando cheguei ao goberno...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...as afiliacións á Seguridade Social baixaban 54.000 afiliados menos nun ano; no último ano, levamos máis de 21.000 novos afiliados á Seguridade Social.



Señor Leiceaga, dígame que comunidade autónoma de España, gobernada polo Partido Socialista Obrero Español ou que comunidade autónoma de España pode presentar este balance.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Núñez Feijóo, eu creo que vostede non me contestou á cuestión central. É evidente que eu lle agradezo esa referencia tan positiva ao Goberno Sánchez, que está cambiando nun ano —como vostede ben dixo— o que non fixo o señor Rajoy durante tanto tempo. (*Aplausos.*) Paréceme que é un recoñecemento que lle honra. Pero eu o que lle pido é que faga coma el. Faga coma el e cambie.

Mire, vostede, e antes o señor Fraga Iribarne, dicía que a demografía era a principal preocupación de Galicia, pero o devalo demográfico non para de aumentar desde que vostede é presidente da Xunta. ¿Era esa a súa prioridade? Dígame se era, si ou non. ¿Ese é o seu legado?, ¿o que nos vai deixar?

E en emprego, mire, resulta que o conxunto de España xa recuperou os niveis de emprego do ano 2008, e nós a este ritmo necesitamos cinco anos máis. Ese é o seu legado.

Eu compárome co conxunto de España, coa media, para que non haxa problemas, coa media de España. España xa recuperou o seu emprego, nós necesitamos cinco anos máis. Ese é o seu legado diferencial, señor Núñez Feijóo. Contésteme a iso, dígame si é así ou non, para xa non falar da calidade do emprego. E no coidado do territorio, ¿pero non se dá conta de que os desequilibrios territoriais non fixeron máis que agudizarse desde que vostede é presidente?, ¿que temos unha Galicia que está deixada de lado, mentres se concentra moito máis a riqueza e a poboación no eixo atlántico?

E en termos de protección do territorio, ¿cantas hectáreas adicionais incorporou aos parques naturais en Galicia desde que vostede é presidente?

¿E as rías están saneadas, despois de tantos fondos europeos para isto, ou estamos pendentes aínda das sancións que nos poida aplicar Europa?

E no autogoberno, señor Núñez Feijóo, vostede non pode dicir nada porque resulta que non recibiu ningunha competencia porque non a reclamou, e incluso votou en contra dunha axenda para isto que nós propuxemos xustamente para non enemistar, digamos, os posibles votantes procedentes de VOX.

En materia de lingua ou de promoción da cultura vostede limítase a acompañar o devalo que existe en Galicia sen poñer sobre a mesa ningunha iniciativa, contundente pero sen impo-



sicións, comprensiva coas familias, comprensiva coa xente, que sexa capaz de darlle ao galego o status que merece.

Chámame a atención que vostede fale da sanidade. O seu legado aquí parece descontentar a todos, porque é un cóctel explosivo de improvisión estratéxica, de recortes e de fomento da precariedade que ten ademais consecuencias asistenciais. Ese é o seu legado nesta materia, señor Núñez Feijóo.

¿Será a vivenda o seu eixe central, cando xa sabemos que non fixo nada en materia de promoción de vivenda pública nestes anos?

Estas son as cuestións que lles interesan aos cidadáns, que lle interesa á cidadanía. E agora ponse deberes para o 2027 e descobre que o acento hai que poñelo nas familias...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...nos xoves, na innovación e no territorio. Esa é a mellor síntese do seu fracaso como presidente nestes anos. Eses asuntos son a mellor síntese do seu fracaso.

Señor Núñez Feijóo, a inercia, a mera administración, non substitúen a unha acción de goberno ben orientada. Vostede, efectivamente, non está vestido —metaforicamente—, e non vai poder taparse coas follas do DOG, por moitas que produzan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...nos meses que lle queden en San Caetano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, vostede está moi orgulloso do que fixo o señor Sánchez no último ano. ¡Aí si que temos unha gran discrepancia, sobre todo con Galicia, señor Leiceaga!

Vostede di por que non copio ao señor Sánchez. ¿Quere que metamos nunha atmosfera de inestabilidade absoluta a Comunidade Autónoma galega? Nin nos trasladou a porcentaxe que nos corresponde das entregas a conta; 300 millóns de euros sen transferir. Nin nos transfire o que nos corresponde polo IVE; 200 millóns de euros sen transferir. E non nos transfire tampouco o que nos corresponde polas liquidacións negativas. En total, 700 millóns de euros de pufo do señor Sánchez con Galicia. E vostede di que copie. ¿Que copie esta falta de respecto aos galegos?



Lamento que non vaíamos facer o debate do estado da Autonomía, porque parece que vostede acaba de anticipalo. Non se preocupe, ten vostede bastantes máis datos do que poida substituír. Por iso, para min vai ser unha perda non poder discutir con xente que ten datos, pero o que me sorprende é que colla vostede os datos como... a ver, hai que dicir algo de vivenda, de augas etc.

Saldo vexetativo. ¿A culpa a ten o Goberno galego? De que levemos corenta anos cun saldo vexetativo e cunha diminución do número de nacementos a culpa tena o señor Feijóo. Cando o señor Feijóo estaba na primaria, a culpa xa a empezaba a ter el de que houbera un problema de nacementos en Galicia. (*Risos.*) Si, señorías, si. Si, si. Eu estaba estudando nos Peares e xa tiña (*Aplausos.*) culpa dos problemas dos nacementos en Galicia. En fin.

Vostede, sen embargo, non aplaude que por fin teñamos o mellor saldo migratorio da última década, que coñecemos onte. Entraron en Galicia trece mil persoas máis das que saíron. Polo tanto, esa cortina de fume permanente do Partido Socialista e do BNG, coma sempre, vaíse esfumando.

Vostede non acepta que o PIB per cápita crecera en Galicia na última década máis que en ningunha outra comunidade autónoma, jen ningunha outra comunidade autónoma!, sería a nosa tarxeta de presentación. A tarxeta de presentación do Partido Popular de Galicia é: sacamos a Galicia da recesión económica, non creamos ningún problema aos galegos, intentamos manter unida a sociedade galega e conseguimos que a renda per cápita dos galegos estea no máximo histórico e que sexa a que máis creceu de España na última década. (*Aplausos.*) Esa é a nosa tarxeta de presentación.

Fala vostede de paro. É dicir, cincuenta mil parados menos, un 24 % menos de paro, párecelle que é unha broma. Fala vostede de taxa de ocupación. ¿Por que non di que a taxa de ocupación dos menores de trinta e catro anos é exactamente a mesma que había co Bipartito? ¿Por que non o di? E por que empeza agora a manchar coa poboación activa, sabendo que os menores de 16 a 34 anos son menos dos que había co Partido Socialista. Pois ben, a taxa de ocupación dos menores de 34 anos é exactamente a mesma que había na época de bonanza económica. ¿Por que non fala de que temos o saldo positivo máis importante da nosa historia, e de que xunto co País Vasco somos as dúas comunidade autónomas con máis competitividade da nosa economía, tendo un saldo positivo de importacións e exportacións claro e contundente nunha España que ten un saldo negativo das súas importacións e exportacións na última década? ¿Por que, señor Leiceaga, non nos felicita porque por fin temos o mellor dato nos últimos dez anos do número de persoas que entran en Galicia sobre as que saen? Trece mil persoas entraron en Galicia sobre as que saíron.

Mire, nós creamos emprego, non causamos problemas aos galegos, investimos máis, temos unha política social que chega a máis xente e pagamos menos impostos. Esa é a Galicia da estabilidade. Eu sei o que lle importa ao Partido Socialista Galicia. ¿Sabe por que? Porque levo dez anos de Goberno.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E neses dez anos de goberno, ningún presidente do Partido Socialista Obreiro Español visitou Galicia en condición de presidente. Ningún. Nin o señor Zapatero, nin o señor Sánchez. Viñeron facer mitins, iso si, pero a ter unha reunión ou unha xuntanza co Goberno galego xamais, en dez anos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): En dez anos, señoría, presentou o Partido Socialista o peor presuposto da historia dende o punto de vista de investimento, cun 30 % de diminución, mentres viamos comunidades autónomas do Mediterráneo cun 60 % de incremento.

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que lle importa ao Partido Socialista nestes dez anos seino perfectamente. O que me importa a min Galicia non soamente o sei, senón que o sinto todos os días.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Continuamos co punto cuarto da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 47507)

Emenda de adición.

Engadir despois de: «servizos de escolas infantís», o seguinte: «públicas cun número suficiente de prazas para cubrir a demanda existente».

Emenda de substitución.

Substituír: «persoal funcionario da Administración autonómica que presta os seus servizos en Santiago de Compostela», por: «persoal que presta os seus servizos na Administración autonómica».



Emenda de adición.

Engadir dous novos puntos:

«-A considerar o tramo de 0-3 anos como etapa de educación infantil, e integrala no ámbito da consellaría competente en materia de educación

-A cumprir neste tramo educativo o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 47507)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta Xunta de Galicia a elaborar, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, e unha vez aprobada a Lei de Impulso Demográfico, unha proposta para a implantación de servizos de conciliación para o persoal funcionario da Administración autonómica que presta os seus servizos en Santiago de Compostela, singularmente en San Caetano e San Lázaro; así como para aqueles centros de traballo propios máis importantes cos que conta Galicia —A Coruña, Ferrol, Ourense e Lugo—.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Bo día aos asistentes.

Acabamos —como nos ten acostumado— de asistir a un novo exercicio de escapismo por parte do presidente Feijóo, porque dá a sensación de que nesta pretendida Arcadia feliz, nesta pretendida noutrora Baviera, dez anos de Goberno autonómico por parte do Partido Popular de Galicia non tiveron nada que ver coa radiografía que hoxe podemos facer, polo menos, polo menos, para centrarnos nesta iniciativa, das políticas sociais.

Porque falar de escolas infantís, falar da rede de escolas infantís, é falar dun pequeno mecanismo que forma parte do conxunto dos servizos de conciliación da vida laboral, da vida familiar, da vida persoal e, polo tanto, tamén falar dun deses mecanismos que teñen que contribuír a paliar a grave crise demográfica que sofre Galicia. Pero tamén é un elemento que hai que enmarcar na crítica fenda laboral que aínda sofre a muller en Galicia, e tamén na alarmante situación de falta de oportunidades para a emancipación dos mozos e mozas de Galicia.



Fálasenos desde as tribunas do Partido Popular, fálasenos nas diferentes intervencións por parte da Consellería de Política Social, da Consellería de Educación, de forma reiteradamente neste pleno, nesta Cámara, da importancia de cuestións que non deixan de ser simples, vou dicir «parches», simples «remedios», dada a gravidade da situación da demografía. É dicir, falar de políticas natalistas, falar de meros mecanismos de conciliación —enténdaseme ben—, non deixa de ser falar de mecanismos meramente paliativos, porque, realmente, o núcleo do problema está nas políticas de igualdade laboral da muller en Galicia; o núcleo do problema está en poder abordar os problemas do emprego xuvenil digno; o núcleo do problema en Galicia está en evitar, evidentemente, a situación grave de falla de acceso á vivenda tamén por parte dos xoves; e o núcleo do problema non deixa de estar tamén na atracción e retención de talento e tamén —que nunca se fala, habitualmente, desta cuestión— nas políticas que atraían inmigrantes.

Acabamos de ver como os saldos migratorios destes dous últimos anos están a ser positivos, pero non son suficientes, e sabemos todos como, ademais, estes saldos migratorios non deixan de ser, á parte de insuficientes, puramente conxunturais, porque —como sabemos— máis de 6.000 ou 7.000 inmigrantes son retornados da grave situación que está a vivir Venezuela.

Neste sentido, quero enlazar esta iniciativa coa iniciativa anterior presentada pola miña compañeira Noela Blanco, precisamente relativa á rede de escolas infantís, nunha interpelación que o pleno pasado presentara diante da conselleira de Política Social, sobre as escolas infantís de 0 a 3 anos nos polígonos industriais e parques empresariais.

Neste sentido, sinalábase como a rede de escolas infantís, o conxunto da rede de escolas infantís, é un recurso público importantísimo en termos laborais e demográficos, unha ferramenta imprescindible para a conciliación da vida familiar e laboral, para incrementar a taxa de ocupación feminina, para ofertar recursos públicos para que volvan eses milleiros de mozos e mozas que abandonaron o noso país, pero, sobre todo —insisto, sobre todo—, é un recurso fundamental para reducir a desigualdade social.

Observabamos nesa interpelación e nese subseguinte debate da moción —rexeitada, por certo, polo Partido Popular—, como na rede de escolas infantís públicas, de xestión pública, só hai unha praza por cada dez mozos ou mozas en Galicia, e se elevamos este ratio ao conxunto da rede de escolas infantís, unicamente hai dispoñibilidade de prazas para catro de cada dez mozos.

Observabamos tamén nesa interpelación, nese debate, como esa política de fomento das escolas infantís nos centros principais de traballo, nos polígonos industriais empresariais de Galicia, estaba a resultar a priori un fracaso porque había una inexecución orzamentaria de arredor do 80 %.

Naqueles debates, a conselleira de Política Social —e leo—, dicíanos, desta forma grandilocuente á que nos ten acostumados o Goberno galego, que os tempos nos que un membro da familia, sempre muller, estaba condicionada a quedar na casa para coidar dos fillos pasou felizmente á historia. A incorporación da muller ao mercado laboral —dicía— foi un dos



cambios máis importantes que experimentou a nosa sociedade no último medio século. Pero é que estamos xa no século XXI, non podemos seguir invocando estes argumentos —como digo— desa Arcadia feliz que se nos pinta habitualmente desde o Goberno galego.

Vaiamos á análise dalgúns dos datos que eu creo que son máis significativos, con motivo desta iniciativa, á hora de facer unha radiografía da situación demográfica de Galicia, da situación do emprego xuvenil, da situación laboral da muller e da situación do acceso á vivenda, como dixen no inicio desta presentación.

Porque fronte aos argumentarios do presidente Feijóo, os datos estatísticos están aí, por moito que se torturen ou por moito que se manipulen, ou por moito que se manipulen as bases de cálculo deses datos estatísticos. E así temos que os últimos datos provisionais do 2018, do Instituto Nacional de Estatística, nos sinalan que Galicia segue sendo a comunidade autónoma con peor saldo vexetativo. Por primeira vez, houbo o dobre de falecementos que de nacementos; trinta e dous mil fronte a dezaseis mil cincocentos cincuenta no ano 2018, cun saldo vexetativo negativo de menos quince mil persoas. E en Ourense, por certo, tres defuncións por cada nacemento.

Galicia é, ademais, a comunidade autónoma onde máis caen os nacementos, un 10 % respecto do ano 2017, fronte á media de toda España que ten unha caída sobre o 2017 do 6 %. Galicia é a terceira comunidade autónoma con peor índice conxuntural de fecundidade; é dicir, en román paladino, de fillos por nai, 1,04. E Galicia en canto á taxa de natalidade, nacementos por cada mil habitantes, ten a segunda peor taxa de natalidade de España, 6,13. Esta é a radiografía desa Galicia que normalmente os voceiros e voceiras do Grupo Popular pintan como «o mellor lugar do mundo para nacer».

Datos de emprego xuvenil. O 29 % dos menores de trinta e cinco anos independizados sobreviven con menos de 1.000 euros. Catro de cada dez menores de trinta e cinco anos teñen contrato temporal, e de 2007 a 2018 caeron de noventa e nove mil a sesenta mil os fogares formados por menores de trinta e cinco anos. Esta segue a ser a radiografía de dez anos do Goberno Feijóo. Inverno demográfico, máis absoluta precariedade laboral de mozos e mozas.

Datos da EPA 2018 en materia de situación laboral da muller en Galicia. A taxa de actividade feminina segue sendo oito puntos menos que a taxa de ocupación masculina. As mulleres en Galicia, do total de poboación ocupada, unicamente están a desempeñar o 2 % de postos de dirección, fronte ao case 5 % dos homes. As mulleres ocupan maioritariamente os empregos a tempo parcial; cento doce mil mulleres, fronte a trinta e tres mil homes, datos 2018.

Permisos de maternidade, case o 98 % son solicitados unicamente pola nai. As reducións de xornada por coidado legal de fillos están sendo solicitadas por mulleres no 76 %. As excepciones por coidado familiar están sendo solicitadas polas mulleres nun 86 % das ocasións. Esta é a recuperación económica, macroeconómica, que non chega a corrixir a situación laboral da muller en Galicia. *(Aplausos.)*

E non debemos de deixar de ter en conta un dato fundamental, o acceso á vivenda por parte dos mozos de menos de trinta e cinco anos están supoñendo un esforzo sobre o salario do 56 %.



Estes son os dez anos de políticas demográficas en hibernación. Agora anuncian unha lei de impulso demográfico. Non é de estrañar, por certo, non é de estrañar que anhlen unha década prodixiosa.

E nese sentido, a iniciativa que hoxe traemos, como complemento e como continuación a outras iniciativas do noso grupo parlamentario en materia de mecanismos de conciliación, e concretamente de potenciación da rede de escolas públicas, é unha reivindicación histórica das xuntas de persoal de toda a Administración autonómica. Porque a Xunta de Galicia, sobre todo nas cidades onde ten os centros de traballo máis importantes, apenas conta con recursos de titularidade pública para prestar os servizos de escola infantil, unicamente en Vigo e Pontevedra.

É certo que a Axencia Galega de Servizos Sociais, anualmente, vén convocando unha serie de axudas para o persoal da Administración autonómica, nos centros administrativos da Coruña, de Ferrol, de Lugo, de Ourense ou de Santiago, pero o que é certo é que non hai servizos públicos de escola infantil de titularidade pública por parte da Administración autonómica nestes importantes centros de traballo.

Parece ser que no proxecto Cidade de San Caetano, iría no programa a creación dunha escola infantil...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...—vou rematando, presidente—, pero iso ten que ser unha realidade non só en San Caetano, senón tamén en San Lázaro e no resto das cidades de Galicia.

Por iso, e para rematar, señor presidente, o Grupo Parlamentario Socialista presenta esta iniciativa, na que solicitamos que a Xunta de Galicia, en colaboración coas organizacións sindicais, poña en marcha un programa de dotación de escolas infantís na Coruña, en Ferrol, Ourense e Lugo, e asegure nos dous centros principais de Santiago.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...Quero facer, señor presidente, unha pequena corrección *in voce*.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pero ten vostede despois un segundo turno. Por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Ben, pois farei esta pequena corrección no segundo turno. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Agradézollo.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.



A verdade é que sería moi bo que, ademais de actos promocionais, o Partido Popular, empezando polo presidente da Xunta, se ocupara dos problemas reais dos galegos e das galegas, e dentro deses problemas reais está, efectivamente, a necesidade dunha rede de escolas infantís no noso país.

A non existencia de servizos públicos en número suficiente e de calidade, dende logo, ten consecuencias. E ten consecuencias, sobre todo, para os colectivos con menos posibilidades de acceder a eses servizos cando teñen un custo.

Eu creo que hai unha evidencia, por moito que se pretenda agochar, de que a rede de escolas infantís en Galicia é tremendamente deficitaria. É unha rede que non é homoxénea no país; hai uns fortísimos desequilibrios en canto á posibilidade de recursos ao longo do país. Hai listas de espera, hai listas de espera máis que abundantes. Hai sectarismo na implantación de novos recursos por parte do Partido Popular, cun clarísimo destino de fondos e de recursos a aqueles concellos onde está o Partido Popular, e, pola contra, falta de recursos e de dispositivos onde non goberna.

Xa deu parte dos datos o deputado autor da iniciativa, pero é que eu creo que hai que insistir en que as prazas pública da Xunta existentes en Galicia só cobren o 20 % da demanda; que a concertada só cobre o 38,5 % desa demanda. Logo, o dato que xa fai saltar todas as alarmas, que hai catro mil nenos e nenas que cada ano quedan sen praza nas escolas públicas do noso país, entre outras cousas, pola escaseza desas prazas públicas existente. Polo tanto, aumentar prazas é preciso, é máis que preciso, en todos os ámbitos.

Podemos ir á promesa de Feixóo de implantación, por exemplo, de escolas infantís nos polígonos industriais, na súa primeira lexislatura. Podemos lembrar que van alá, dende o ano 2009, dez anos. Prometeu sete nos polígonos industriais, unha promesa raquítica de sete, mais a pesar de ser raquítica, estamos á altura de mediados do ano 2019 e soamente se teñen verificado tres. Estamos falando de polígonos industriais como centros de traballo onde é necesario, evidentemente, ter recursos para facilitar conciliación aos pais e nais, e que tamén esa situación laboral preocupante no noso país poida ser levada con máis solvencia.

Posta en marcha de escolas infantís que favorezan a conciliación si, protección si, mellorar as oportunidades tamén, loitar contra a desigualdades tamén, mais dende o punto de vista do BNG, que non nos imos cansar de repetir, tamén ten que ser un recurso de aprendizaxe, ten que ser un recurso de ensino. Por iso nos preocupa cal é o modelo de escolas infantís para o Partido Popular. Preocupábanos antes desta iniciativa, e, vendo hoxe a emenda que presenta o Partido Popular, séguenos a preocupar aínda máis, porque onde na iniciativa pon «escolas infantís», substitúeo por «servizos de conciliación». É dicir, quere aínda rebaixar máis ese modelo de escolas infantís, pensado como un modelo asistencial e non como un modelo de ensino. Un modelo denunciado por varias organizacións, entre elas Unicef, e acabamos de asinar un pacto todas as organizacións políticas con presenza neste Parlamento con Unicef, no que se denuncia que este modelo pensado como asistencialista e de coidados, e non como educación infantil, leva a un modelo de peor calidade, porque logo as inspeccións céntranse na parte administrativa e non na parte de proxectos pedagóxicos ou educativos que teñan eses centros.



Por iso dende o BNG hoxe presentamos unhas emendas a esta iniciativa. Imos votar de todos os xeitos, tanto se se aceptan como se non. En primeiro lugar, no sentido de que pon na iniciativa que sexan para funcionarios, e nós facemos unha emenda no sentido de que sexan para o persoal que preste os seus servizos nas dependencias da Xunta de Galiza; parécenos que iso é moito máis inclusivo para todo tipo de persoal. Tamén para que despois dos «servizos de escolas infantís» se inclúa o de «número suficiente de prazas públicas para cubrir a demanda existente».

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Pensamos que hai que crear unha rede pública, non esta rede fundamentada fundamentalmente en que Galicia non está tendo unha rede pública de escolas infantís, senón que está a base de cheques, de bonos e de convenios coa asistencia privada. Cremos que ese non pode ser o modelo.

Creemos que hai que integralo —remato, presidente— no ámbito da consellería que ten competencias en materia de ensino, é dicir, que ten que ser ensino de 0 a 3 anos; e, dende logo, que se cumpra o Plan xeral de normalización lingüística neste tramo tamén, porque os datos a respecto do non coñecemento, do non uso dos nenos e nenas do noso país da lingua galega, realmente é escalofriante.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Arias Rodríguez.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Galicia é un referente en políticas de conciliación a nivel estatal grazas ás medidas postas en marcha polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo, e iso non é unha opinión, non é unha opinión miña nin do Grupo Popular, eses son datos exactos e contrastables.

No que ten que ver coa conciliación ou coas escolas infantís para persoal que traballa na Xunta, que é o que aquí hoxe nos trae esta iniciativa, hai que dicir que todo o persoal que traballa na Xunta de Galicia nas sete grandes cidades ten prazas de escolas infantís para as súas fillas e fillos. No caso de Vigo e de Pontevedra, en escolas que están no mesmo recinto onde traballan, e nas outras grandes cidades en escolas infantís da cidade onde os seus pais están a traballar.

Pero é que, señor Villoslada, vostede falaba hoxe aquí de recursos de conciliación, cinguindo as escolas infantís, e para nós é moito máis que iso. Por iso, na nosa iniciativa non falamos só de escolas infantís, senón que queremos engadir calquera recurso de conciliación, porque nos parece que todos son necesarios, todo aquilo que veña axudar a un pai, a unha nai, a



poder compatibilizar o seu traballo coa súa vida familiar, e non podemos cinguilo só a escolas infantís.

E mire, con ese obxectivo, nos últimos anos lévanse posto tamén outras medidas que facilitan a vida dos traballadores da Xunta de Galicia. Eu voulle lembrar simplemente tres: o progresivo incremento de permisos de maternidade, que pasaron de 16 a 22 semanas; o teletraballo e a flexibilidade horaria. Estas dúas últimas fórmulas das que se beneficiaron xa máis de 11.500 empregados públicos de Galicia e que están a ter cada día unha mellor aco-llida, e nunca antes na historia de Galicia houbo tantas posibilidades para conciliar, tanto o persoal que traballa na Xunta de Galicia como o conxunto dos galegos e das galegas.

Eu sinto que vostedes teñan unha mentalidade curtopracista política que non lles permita valorar positivamente estes datos, que lles amolen estes datos positivos, pero isto é o que é, isto é o que hai.

Miren, dende que gobernaban vostedes no ano 2009 ata agora, multiplicouse por tres o número de orzamento adicado ás familias, e iso, a pesar de que os orzamentos no conxunto da Xunta de Galicia aínda seguen sendo máis pequenos hoxe que no 2009, pois multiplicamos por tres o adicado á familia. ¿E para que? Pois mire, entre outras cousas, xa lle digo, para duplicar o número de prazas de escolas infantís que había no 2009, chegando a máis de vinte e cinco mil prazas neste momento, pasando dunha ratio de cobertura do dezanove por cento ao corenta e catro por cento, once puntos por enriba do que di que é o obxectivo da Unión Europea.

Que vostedes veñan aquí falar de falta de prazas de escolas infantís sen que se poñan colorados realmente é asombroso, tanto por parte do Partido Socialista como do BNG, con responsabilidades no Goberno bipartito cando tiñamos a metade de escolas infantís das que hai neste momento.

Pero non só as escolas infantís son, para nós, recursos de conciliación —xa o dicíamos—; por iso, puxéronse tamén nestes anos outros recursos, ademais de axudas económicas das que hoxe non imos falar. Entre eses recursos están o bono Concilia, que non ten un límite de orzamento precisamente para facilitar que poidamos chegar á lista de agarda cero nas escolas infantís; o bono Coidado, para aqueles casos nos que as familias teñen unha necesidade puntual de ter un servizo de conciliación; as escolas infantís en polígonos industriais —¡si, señor!—, un recurso similar ao que vostedes piden para os traballadores públicos e que, sen embargo, aquí o único que fan é criticar. Nós o que lles pedimos é que, por favor, se poñan mans á obra e, cando menos, non poñan trabas no camiño; falen cos seus alcaldes e alcaldesas para que deixen e faciliten a instalación destas escolas infantís alá onde os empresarios e os traballadores as queren. As casas niño: cero no ano 2009, sesenta e unha na actualidade; ese é o balance. Porque o obxectivo é que, vivamos onde vivamos, traballemos onde traballemos e dediquémonos ao que nos dediquemos, contemos sempre con recursos de conciliación. E facémolo, ademais, por lei; querémolo facer por lei.

Mire: os problemas demográficos apareceron hai corenta anos, pero nunca un goberno se puxo mans á obra como se puxo o Goberno de Alberto Núñez Feijóo, ata tal punto que esta-



mos a tramitar a primeira lei de apoio á natalidade e dinamización demográfica; a primeira lei de demografía que se vai aprobar en España.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Creo que é nese contexto no que temos que traballar e no que temos que acadar un gran consenso, porque os problemas demográficos e as políticas demográficas teñen que ser cunha visión a longo prazo e co consenso de todos os grupos políticos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Convídoos a que traballemos nesa liña e convídoos tamén, por iso, a que estas medidas se poñan en marcha unha vez aprobemos esa lei co maior consenso posible.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados e deputadas.

A verdade é que eu acabo de quedar en *shock*. Non sei se me deixa máis en *shock* escoitar nas repetidas ocasións que escoitei nesta cámara o señor Núñez Feijóo negar a súa ineficaz xestión con respecto á conciliación, ao fomento da natalidade e ao apoio principalmente ás mulleres para poder ter fillos, ou se me escandaliza máis dunha muller, dunha deputada, a señora Arias, que ademais é unha persoa que, polo seu ton e as súas formas, respecto; pero que, dende logo, hoxe estivo sembrada.

A min, como muller nova e con moitas compañeiras novas, paréceme absolutamente unha falta de respecto, unha falta de sensibilidade e unha falta de ética querer obviar a realidade que vivimos as mulleres e querer utilizar datos verdadeiros para construír premisas falsas. Tamén hai outros datos que xa se mostraron na intervención do poñente, do señor Villoslada, que amosan cal é a realidade que sufrimos as mulleres e que sufrimos as mulleres novas, ademais dunhas profesións —neste caso na administración pública— das que incluso nos podemos considerar certamente afortunadas, despois de estudar e de traballar moito para ter as nosas prazas, e, aínda así, non temos fillos nin fillas porque non podemos conciliar ou non temos facilidades para conciliar.

Os datos de Galicia son escandalosos, e todas esas medidas que vostedes din... ¿Por que mulleres coma min e como tantas compañeiras, entón, acabamos tendo fillos in extremis tirando da axuda familiar? Non é a familia a que ten que suplir a administración, nin sequera



teñen que ser redes de voluntarias. ¿Por que acabamos tendo fillos, en todo caso, in extremis, se os temos? ¿Vostedes non se preguntan por que pasa iso? (*Murmurios.*) ¿Son outros motivos? Pois non, os motivos explícollelos eu en primeira persoa.

Imaxínense outras mulleres con traballo sen estabilidade, ¡imaxínense! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vostede? Pois entón non entendo a súa falla de sensibilidade e a súa irresponsabilidade dicindo o que está dicindo, porque, dende logo, a xestión da Xunta é tan deficitaria... Ademais, moitas medidas que plantexou vostede nin sequera partiron de vostedes. Van ao rebufo da iniciativa política e das propostas doutras organizacións políticas e doutros grupos parlamentarios, que estamos propoñendo, ademais, as escolas de 0 a 3 anos e a ampliación de permisos, cos seus votos en contra no Estado. É escandaloso que veñan aquí insultarnos ás mulleres novas do noso país, cos datos de devalo demográfico tan sangrentos que temos en Galicia; (*Murmurios.*) para que nos veñan contar aquí contos.

Entón, eu traía aquí unha entrevista da propia conselleira, na que lle preguntaban, nunha entrevista de *La Voz de Galicia*: «As mulleres queren ter fillos pero non poden facelo, ¿están fallando as medidas para frear a sangría demográfica?». E empeza a dicir sen ningún tipo de autocrítica que están facendo moitas cousas.

Entón, ¿por que non se frea a sangría demográfica en Galicia? ¿Por que as mulleres novas non temos fillos? Porque non nos dá a gana; esa é a versión do Partido Popular. Non temos fillos porque non nos dá a gana, porque o Partido Popular faino marabillosamente ben; entón as mulleres non temos fillos por vicio. (*Murmurios.*) É por vicio e por comodidade que non queremos ter fillos. Son os temas que indignan calquera persoa que vive no mundo. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Entón, nós imos apoiar esta iniciativa. A verdade é que traía varios datos para dicir das listas de espera das escolas infantís ou dos excesos de prezo que teñen, cando se lle concede unha praza a unha familia; porque iso tamén, ao mellor, o inventamos nós. Efectivamente, todo iso que queren facer nos centros de traballo e nos parques empresariais empecen aplicándoo na casa, onde xa teñen espazos na administración pública para poder facilitar a conciliación, como se di na exposición de motivos —coa que eu concordo totalmente—: aumenta a posición de traballo, a calidade do tempo de descanso, a produtividade, a motivación; redúcese o absentismo; mellórase a comunicación; as nais están máis tranquilas... Ou sexa, ¿como o van aplicar nos parques empresariais se non o fan na Xunta de Galicia, nas súas propias instalacións, nos seus propios complexos?

Eu vin experiencias piloto en Madrid, cando eu traballei en Madrid nos ministerios, ¡me muda diferenza! Por suposto que así as mulleres se animaban a ter fillos, as mulleres novas, as empregadas públicas novas. É que, de verdade, o seu nivel de insulto a cuestións que están, ademais, acabando co país en termos demográficos... É portada de moitos xornais o devalo demográfico de Galicia, e seguen dicindo pouco menos que que debe de ser culpa nosa, das mulleres que non temos fillos; é culpa nosa, porque o Partido Popular faino marabillosamente ben. E se as empregadas públicas estamos nesa situación, ¡imaxínense o resto como estarán! En serio, imos falar en serio destas cousas.



Por suposto, parécenos ben as emendas do BNG para mellorar a iniciativa do Partido Socialista. O noso apoio é, sen dúbida, a esta iniciativa. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Presidente, a corrección *in voce* que quería facer está interrelacionada e incluso mellorada por unha das emendas que presenta no seu texto o BNG, no sentido de que nós trataríamos de non circunscribir, evidentemente, esta iniciativa ao persoal funcionario da Administración autonómica, nin sequera ao conxunto dos empregados públicos, senón ao conxunto de persoas que, por algunha razón laboral, ten que estar traballando nos grandes centros administrativos autonómicos.

Nese sentido, pola nosa parte, polo que atinxe ás emendas, evidentemente estaríamos en condicións de presentar unha proposta de transacción aceptando os puntos 1 e 2, de adición e de substitución, que presenta o BNG. Nos outros dous aspectos, compartimos un debate xeral sobre o modelo de escolas infantís e, por suposto, o noso partido avoga dunha forma clarísima pola universalización do ensino de 0 a 3 anos e tamén polo encadramento, evidentemente, das redes de escolas infantís no sistema educativo, e non no sistema asistencial de servizos sociais, pero nesta iniciativa cremos que non incluíríamos especificamente ese debate, porque parece que quedaría subtraído do conxunto do debate das escolas infantís. Pero compartimos absolutamente esa posición.

Señora Arias, nós, despois de dez anos de goberno do Partido Popular en Galicia, non estamos en condicións de sacarnos as cores nós mesmos; quero dicir: quen leva gobernando este país é o Partido Popular e o señor Feijóo durante dez anos. Entón, eu creo que cómpre un pouco de reflexión e un pouco de autocrítica despois desta década precisamente non prodixiosa.

Porque o certo é que falan moito de medidas de conciliación, pero o que é certo son os datos estatísticos que hai. Eu lía na primeira intervención que a maior parte, máis do noventa e cinco por cento dos permisos de maternidade, máis do setenta e cinco por cento das reducións de xornada por coidado legal e máis do oitenta e cinco por cento das excedencias por coidado familiar son solicitadas única e exclusivamente polas mulleres; eses son os datos. Entón, podemos presentar moitísimas medidas de conciliación, pero é a muller en Galicia —e fóra de Galicia, pero estamos en Galicia coas políticas autonómicas— a que está levando adiante as políticas de conciliación, ademais de traballar. Entón, eu creo que é unha reflexión. Por iso está ben que fagamos a reflexión de que isto non é sistema asistencial, é sistema educativo.

Polo que respecta á emenda presentada polo Partido Popular, podemos coincidir en que se fale de medidas de conciliación, e a Rede de escolas infantís, que para nós é importante que sexa unha rede de escolas de titularidade pública, pode ser un servizo máis dos de conciliación. Pero non fuxamos da necesidade de dotar os grandes centros administrativos autonómicos precisamente destes servizos. Por iso nós poderíamos engadir os servizos de



conciliación, pero non poderíamos excluír a mención específica ao compromiso do Goberno galego para instalar escolas infantís alí onde non hai nos grandes centros administrativos: na Coruña, en Lugo, en Ferrol e en Ourense. E, por suposto, evidentemente, se vai entrar nesta cámara para debate un proxecto de lei de impulso demográfico, que se contemplan estas medidas nesa iniciativa lexislativa —que parece ser que está a chegar un pouco tarde— e, cando chegue, teremos ocasión de debatela. Este sería o sentido da nosa transacción.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Quero agradecer tamén as palabras e o apoio do Grupo de En Marea.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Señor Villoslada, cando rematen, se poden facer a transacción, agradézollelo. Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario de En Marea, unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central coa finalidade de que se estableza un novo título de formación profesional acorde coas ensinanzas impartidas na Escola de cantería de Poio.>>).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.



Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«1. Iniciar as xestións necesarias para a homologación da titulación da Escola de Cantería nun título de ciclo medio e nun título de ciclo superior de mestre de cantería. Nesta homologación, prever un mecanismo para o recoñecemento académico dos estudos realizados polo alumnado que xa rematou a formación».

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutiva o seguinte texto:

«2. Dirixirse ao Goberno do Estado para que promova os cambios normativos necesarios para a creación dos devanditos títulos de ciclo medio e ciclo superior de formación profesional.

3. Asemade, o Parlamento galego acorda como resolución expresar o recoñecemento cara á tradición da cantería e cara ao labor formativo, divulgativo e de proxección exterior da Escola de Poio, así como expresar o apoio ás demandas da asociación Homologar Canteiros Poio para conseguir o recoñecemento dos seus estudos con títulos académicos oficiais.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do seu deputado Jacobo Moreira Ferro, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse á Deputación Provincial de Pontevedra para que, como Administración titular da Escola de Canteiros, realice as xestións oportunas ante o Goberno Central para poder impartir formación regrada que permita obter un título oficial de F.P., así como para que estude a posibilidade de homologar retroactivamente todos os títulos expedidos pola Escola de Canteiros ao longo dos seus corenta anos de historia.»).

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Julia Torregrosa Sañudo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«— O Parlamento galego insta o Goberno galego a dirixirse ao Goberno central coa finalidade de que se estableza un novo título superior de Formación profesional de mestre de cantería acorde coas ensinanzas impartidas na Escola de Canteiros de Poio.

— O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a realizar as xestións necesarias para a homologación ou convalidación de tódolos títulos expedidos pola Escola de Canteiros ao longo dos seus corenta anos de historia.»).



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Torregrosa Sañudo.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, señor presidente.

(A señora Torregrosa Sañudo pendura na tribuna unha camiseta co lema «Homologación xa. Escola de Canteiros de Poio».)

Bo día, señorías.

Estou moi agradecida de que a Asociación de Canteiros de Poio estea aquí para escoitar o que temos que dicir en defensa desta situación tan inxusta.

Entón, para comezar, vou explicar un pouco, por se alguén non o coñece, o percorrido da escola. A Escola de Canteiros de Poio naceu no 1979 no mosteiro da localidade. Dependía na súa orixe do Ministerio de Cultura, loxicamente, pero tres anos máis tarde a Deputación de Pontevedra fíxose cargo dela. A escola foi creada para transmitir ás novas xeracións as artes que durante séculos deron sona ao noso patrimonio labrado en pedra.

Hai que falar de que xa nos séculos XII ao XIV os canteiros tiñan unha condición especial na política galega; temos que falar do Mestre Mateo. Temos que falar de que tiñan unha linguaxe propia, a verba dos arxinas, que era o latín dos canteiros, como se dicía no século XVI. É un oficio, por tanto, cunha gran tradición histórica e cultural, de séculos, no noso país. A escola foi, entón, creada cunha iniciativa, claramente dende a Administración pública, para recoñecer un oficio que existía por sempre no noso país.

A institución imparte cinco anos de formación: tres que habilitan para ser canteiro e dous máis para formar os mestres canteiros. Cada curso consta de preto de mil horas lectivas; en total, catro mil seiscentas horas de traballo directo sobre a pedra, cunha programación organizada en nove materias: Cantería, Restauración de Pedra, Escultura en Pedra, Modelado en Barro, Baleirado, Construción, Debuxo Lineal, Debuxo Artístico e Historia da Arte; unha formación moi completa.

Cando falamos deste alumnado da Escola de Canteiros estamos a falar dun colectivo de mil seiscentas persoas que fixeron un grande esforzo para poder acadar estes cinco anos de formación nunha escola que é única, tanto no noso país como practicamente no resto do Estado, e que foi fundada dende a administración pública hai corenta anos. Tiveron que traballar eles e as súas familias e buscar residencia preto da escola, un investimento que, loxicamente, teñen dereito a que sexa recoñecido e compensado.

Non entendemos por que non hai definitivamente unha vontade de dar unha solución administrativa a este tema de recoñecemento. Basicamente, tería que estar, polo menos, solicitada a equivalencia e a creación do título, ben dende o propio ministerio xa cando se fundou a escola, ben dende a Deputación a partir do ano 2000.

En todo caso, o que non pode facer a Xunta —parécenos— é, de novo, botar balóns fóra. Non se pode entender como nestes vinte anos nin tan só se acadou unha equivalencia da titulación



profesional, que demostraría, polo menos, unha vontade da Administración galega. Aínda que se están a solicitar dúas titulacións de equivalencia profesional a través da Deputación, parécenos que estas titulacións non son suficientes para a formación que se acada nesta escola.

Lamentablemente, malia que o centro dispón dos medios necesarios —é unha escola moi equipada—, con moito investimento para ser un centro de referencia nacional e internacional, a realidade é que nestes momentos suma só once alumnos, e está a piques de pechar. Nos seus mellores tempos había arredor de cen estudantes, moitos dos cales remataron traballando na catedral de Santiago, na Sagrada Familia, no Big Ben ou no Capitolio, e agora mesmo poderán, a través de xestións, de presentacións profesionais particulares, colaborar mesmo na reconstrución de Notre-Dame de París.

A razón de que se producira semellante descenso do alumnado é que, por mor do desleixo insensato das administracións —especialmente da Xunta de Galicia—, os títulos da escola non posúen validez. Non conta cunha titulación oficial que acredite a profesionalidade destes alumnos, polo que se debería poñer en valor o oficio mediante a autorización dos títulos. A formación profesional sabemos que é competencia exclusiva do Goberno da Xunta, polo que lle corresponde a el iniciar os trámites de homologación, validación ou acreditación profesional para que os títulos da Escola de Canteiros de Poio se recoñezan, como corresponde, como títulos de ciclo medio e ciclo superior.

Non entendemos por que agora contestan na Comisión de Educación que non e votan en contra desta solicitude, que simplemente pedía dar unha solución administrativa a esta validación de títulos e pasalo ao Goberno central, cando no 2017 o señor Núñez Feijóo estivo na propia escola dicindo que estaba a favor da homologación e que ía homologala. Porque no pasado decembro de 2018, nunha xuntanza cos compañeiros da Escola de Canteiros, tamén dicían que vían posible e viable a súa homologación. O que non se pode é enganar a xente; co traballo da xente non se pode xogar.

Impedir que unha formación xestionada dende as administracións públicas —non falamos dunha iniciativa nin privada nin particular— non teña un título recoñecido pola propia administración que a creou é, a todas luces, inaceptable. As titulacións xa existentes, por exemplo, como a de técnico superior, de dúas mil horas, existen. Esas catro mil horas corresponderían a un grao medio máis a un grao superior de formación de FP.

Falamos agora mesmo dunha situación límite, dunha escola que pode pechar en breve, cando ten uns orzamentos dun millón de euros anuais. ¿É desleixo ou é mala vontade dunha administración que non quere asumir de novo as súas responsabilidades, negándose a xestionar unha homologación de estudos e unha solicitude de titulación específica que está a deixar sen vida unha escola de prestixio profesional e internacional?

Parécenos unha falta evidente de vontade de aproveitar unha saída profesional con futuro e sen competencia no escaso mercado das posibilidades profesionais que ten o noso país, así como de perder que poida vir alumnado doutros territorios para aproveitar o devandito prestixio académico e de facer unha escola de artes e oficios que sexa un referente internacional dun oficio que forma parte da tradición, da historia e da cultura por séculos do noso país.



Por iso, pedímoslles con esta PNL que, dende a súa responsabilidade, fagan os trámites precisos para solucionar xa esta vergoñenta situación.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Torregrosa.

Perdoe, ten que levar a camiseta, señora Torregrosa. Grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: *(O señor Bará Torres pendura na tribuna unha camiseta co lema «Homologación xa. Escola de Canteiros de Poio».)* A camiseta vai permanecer aquí.

Ben, en primeiro lugar, quero darlles a benvida aos representantes que están aquí da asociación Homologar Canteiros de Poio e darlles tamén o noso recoñecemento, desde o BNG, pola súa loita, pola súa reivindicación absolutamente xusta que están a levar a cabo e porque pensamos, ademais, que están facendo un labor para si e para toda a sociedade, defendendo o prestixio dunha profesión milenaria e dunha escola que tivo e ten que seguir tendo un gran prestixio a nivel galego e internacional. Polo tanto, o noso recoñecemento.

Ao mesmo tempo, botamos de menos a presenza neste pleno dalgún representante do Goberno, por exemplo, de Emprego ou de Educación, cando se está debatendo unha cuestión que afecta nada máis e nada menos que mil seiscentas persoas que fixeron un grande esforzo de formación e que non teñen ningún recoñecemento académico.

Efectivamente, estamos falando dunha escola que ten corenta anos de historia. ¿Que mellor que celebrar estes corenta anos co recoñecemento oficial dos estudos, co recoñecemento académico no sistema educativo regrado? Esa é a mellor celebración e a mellor homenaxe que se pode facer.

Hai que dicir que hai responsabilidades compartidas das distintas administracións: desde logo, da Deputación de Pontevedra, que leva trinta e sete anos xestionando esta escola. Por certo, deses trinta e sete, trinta e tres anos do Partido Popular e agora, os últimos catro, do Goberno de coalición do Partido Socialista e do BNG, que empezou a dar os primeiros pasos para —digamos— resolver todas as precariedades que tiña este centro, por exemplo, facendo un investimento de catrocentos corenta mil euros para cumprir a normativa dos centros formativos, que non cumpría nin sequera. Por non ter, non tiña nin licenza de primeira actividade, así estaba a situación deste centro.

A realidade é que hai neste momento un certo consenso, polo menos na Deputación de Pontevedra, porque houbo un acordo unánime do pleno da Deputación de Pontevedra do 4 de marzo do 2019 onde todos os grupos políticos —incluído o Partido Popular— apoiaron unha iniciativa para demandar o recoñecemento académico destes estudos, pedirlle á Xunta de Galiza que iniciase estes trámites e, ademais, facelo extensible a todo o alumnado que fixo



estes estudos con carácter retroactivo. Quero recordar que nese pleno o representante do Partido Popular defendeu de maneira entusiasta esta cuestión, dicindo que daba o total apoio ao alumnado para poder ter un título homologado e o voto favorable a esta iniciativa. Entón, esta mesma proposta é a que se trae hoxe aquí a votación; supoñemos que o Partido Popular, se votou a favor no debate da Deputación, tamén votará a favor no debate do pleno. Invítámoslos, polo tanto, a sumarse a este consenso e a non facer o que fan habitualmente, que é dicir unha cousa en Pontevedra, no Pleno da Deputación, e a contraria agora no Pleno do Parlamento.

Ben, o BNG reuniuse coa asociación Homologar Canteiros de Poio —canteiros e canteiras—, presentou as súas propias iniciativas neste parlamento e hoxe mesmo presentamos tamén unha serie de propostas para mellorar e complementar a iniciativa que trae o Grupo de En Marea. Concretamente, pedimos tamén que se inclúa un punto no que instamos a Xunta de Galiza a dirixirse ao Goberno do Estado, porque, efectivamente, o Goberno do Estado ten competencias nesta materia, en materia educativa. A creación das titulacións e dos plans de estudo destes graos de formación profesional sería competencia do Estado, pero a Xunta de Galiza é a que ten competencias educativas en Galiza, é a que ten que poñer en marcha todos os mecanismos e é a que ten responsabilidades para resolver esta situación.

Ademais, presentamos unha proposta que, aínda que está no ámbito simbólico, tamén nos parece moi importante. E é que propoñemos —e espero que ningún grupo teña ningún motivo para dicir que non a esta proposta— que o Parlamento galego aprobe hoxe como resolución —e sería unha declaración de intencións de gran valor, asegúrolles que si— expresar o recoñecemento cara á tradición da cantería, por todo o que lle deu a cantería —os canteiros e as canteiras tamén— a este país, e cara ao labor formativo, divulgativo e tamén de proxección internacional —como se dixo aquí— que leva facendo a Escola de Poio. E tamén queremos que nesta resolución se mostre o apoio deste pleno, deste parlamento, á asociación Homologar Canteiros de Poio para conseguir o recoñecemento dos seus estudos e dos títulos académicos oficiais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Representantes da Escola de Cantería de Poio, benvidos ao Parlamento.

Señor Bará, señora Torregrosa, a camiseta segue aquí porque nós, evidentemente, compartimos a necesidade de que se lle dea solución a esta situación; unha situación longa e unha situación para a que ademais, señor Bará, nesa ilusión que vostede ten —que eu comparto



ás veces—, espero tamén que se chegue a un acordo unánime por parte deste parlamento para resolver esta inxusta problemática.

Porque estamos a falar dunha Escola de Cantería de Poio que proporcionou e proporciona ao seu alumnado unha formación que, se fose do ámbito estritamente educativo, estaríamos vendo aquí os responsables de Educación —a conselleira, en concreto— falar da excelencia académica e laboral dos titulados desta escola, tendo en conta a súa longa traxectoria e o seu recoñecemento internacional e nacional, por suposto.

Polo tanto, entendemos que a proposición non de lei que presenta o Grupo de En Marea, coa autoemenda que fixo agora, si que é perfectamente aceptable pola nosa parte. Éo porque, evidentemente, o procedemento para rexistrar un centro como formador de certificados de profesionalidade, que é dentro da Administración laboral, xa se iniciou por parte da Deputación de Pontevedra con eses dous certificados de profesionalidade: o de Obras de Artesanía e Restauración en Pedra Natural e o de Elaboración de Pedra. Sen embargo, efectivamente, non teñen o recoñecemento académico correspondente porque non existe un título académico, ben sexa de grao medio ou de grao superior —ou ambos—, que permita solucionar esta problemática histórica.

Non existe pese a que hai unha familia profesional na que tería certo encadre, que é a de industrias extractivas, pero dentro dela soamente se creou o título de Técnico en Pedra Natural, un título de grao medio, e o contorno profesional que se identifica para estes titulados non é, nin de lonxe, o que se adquire na Escola de Cantería de Poio. É dicir, falamos dun perfil profesional no que se inclúe un operador de máquinas para elaborar pezas, un operador de máquinas para labrar pedra, de máquina pulidora, etc., pero —insisto— é substancialmente distinto da formación que adquiren os alumnos e alumnas nesta Escola de Cantería. Polo tanto, sendo substancialmente distinto, parece absolutamente razoable e oportuno que se desenvolva unha titulación ou unhas titulacións concordantes con esa formación específica que se adquire na Escola de Cantería de Poio.

Ademais, temos o marco legal, e o marco legal é claro: hai un real decreto do ano 2011 que establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo —insisto, non do laboral—, que establece que corresponde ao Goberno, mediante real decreto, establecer os aspectos básicos do currículo dos ensinamentos mínimos dos ciclos, tanto de grao medio como grao superior, axustándose, iso si, as exixencias do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional. E aquí é preciso dicir que, adicionalmente a este marco legal, hai outro que está na Lei orgánica 2/2006, de educación, que di que lle corresponde ao Goberno do Estado, logo de consulta coas comunidades autónomas, establecer as titulacións correspondentes; insisto nisto porque é moi relevante: logo de consulta coas comunidades autónomas.

Polo tanto, estamos aquí ante un intento do Partido Popular reiterado —e así quedou de manifesto na Comisión 4^a— no que o Partido Popular pon o foco na Deputación de Pontevedra. Pon o foco na Deputación de Pontevedra agora que non goberna a Deputación de Pontevedra; a realidade é que durante trinta e tres anos —aos que fixo referencia o señor Bará— non se preocuparon en absoluto de establecer unha solución académica para os titulados desta Escola de Cantería.



Polo tanto, a Xunta de Galicia vai ter que manifestarse ou ben antes ou ben durante a tramitación, porque está así na lei, no caso de que se decida establecer un ou varios títulos académicos. Eu creo, francamente, que sería unha acción política coherente, por parte tanto do grupo propoñente como do grupo opositor a esta proposición non de lei —porque insisto: din que é un problema da Deputación de Pontevedra cando non; é un problema dunha serie de alumnos e alumnas que se están formando na comunidade autónoma—, e sería procedente, dende o noso punto de vista —repito—, que fosen quen de chegar a algún acordo no que, non sei se implicando a Deputación de Pontevedra simultaneamente coa Xunta de Galicia, se dirixisen ao Goberno do Estado para que establezan este título.

Se é un problema da Deputación de Pontevedra ou é un problema da Xunta de Galicia resulta francamente irrelevante; a cuestión é dar o impulso político necesario por parte de todos os implicados —Deputación e Xunta de Galicia— para que se estableza ese novo título e se lles dea solución dunha vez por todas ás alumnas e alumnos formados nesa magnífica e brillante Escola de Canteiros de Poio.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular o señor Moreira Ferro.

(O señor Moreira Ferro pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Quere vostede a camiseta? (O señor Álvarez Martínez pronuncia palabras que non se perciben.) Si, déixea aí, por favor. Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Saudamos tamén os representantes da Asociación da Escola de Canteiros de Poio.

O que si é verdade é que votamos de menos a presidenta da Deputación de Pontevedra como titular do centro e quen debe ser quen debe pedir esta homologación ou acreditación. Non nos opoñemos, señorías, a que se solicite ao ministerio a creación dunha titulación que se poida impartir na Escola e que permita aos seus alumnos obter unha titulación oficial, pero para iso hai que pedir a creación desa titulación, e quen ten que pedir a creación desa titulación é o organismo titular da Escola, que neste caso é a Deputación de Pontevedra.

Así o dixemos nesa proposta que se tratou na comisión que aquí se comentou e que foi rexeitada. ¿Por que foi rexeitada? Por diversos motivos. En primeiro lugar, porque se pedía que a Xunta homologase os títulos da Escola de Canteiros de Poio converténdoo en títulos de ciclo medio e superior, e non existe ningún procedemento nin ningún sistema de homologación de ensinanza non reguladas por títulos oficiais de FP; explicouno perfectamente o señor Álvarez. Sería bo que na Deputación de Pontevedra os membros do Partido Socialista chamasen o señor Álvarez, que explicou perfectamente cal é a imposibilidade que hoxe en día non permite a homologación destes títulos. Se queren ser un centro de FP, teñen que



seguir co procedemento que se establece regulamentariamente na normativa. Hai un marco regulador que non é competencia da Xunta de Galicia; a Xunta de Galicia imparte FP e xestiona FP en Galicia, pero non exercita e non describe ese marco regulador nin o itinerario académico.

Tamén hai unha confusión en canto ao titular: como xa dixen, o titular é a Deputación de Pontevedra e, en todo caso, quen ten que solicitar esa homologación ou esa validación ou acreditación terá que ser o titular, que é a Deputación de Pontevedra. Nin a Xunta de Galicia nin o Grupo Popular botan balóns fóra; a Xunta non pode decidir en cuestións que non son da súa competencia. Isto explicámolo naquel debate na comisión e dixemos que unha solución podería ser a creación dunha nova titulación.

Agora En Marea presentou unha autoemenda, modificando a súa petición inicial, na que propón que se solicite a creación desa nova titulación. Non nos opoñemos a iso, estamos de acordo. Supoño que En Marea terá avaliadas as repercusións que esta posible homologación podería ter para o persoal técnico da escola, supoño que o terán avaliado e aceptarán as repercusións que iso conleva.

Pero a nosa postura segue sendo que quen ten que instar é a Deputación de Pontevedra, porque o Grupo Popular respecta a autonomía local e, desde logo, nós non lle imos exixir ou non nos parece oportuno exixirlle á Xunta de Galicia que se inmiscúa nas competencias doutra administración. Será a Deputación a que decida libremente o que quere facer coa Escola de Canteiros. Nós non nos imos opoñer, se é realmente o que queren.

Pero hai outro motivo de confusión, e é que confunden —e explicouno tamén o señor Álvarez— formación profesional educativa con formación profesional para o emprego; non son a mesma cousa. Aínda que se diga formación profesional non son a mesma cuestión, porque a formación profesional para o emprego vai encamiñada a expedir unha certificación profesional, que é unha acreditación laboral, e non unha titulación académica, que si é a FP educativa.

En todo caso, seguindo a información facilitada pola propia Escola de Canteiros, a Deputación de Pontevedra, segundo se dixo publicamente, xa anunciou que pretende a adaptación á normativa vixente para converter esta escola nunha entidade de formación profesional para o emprego; pois xa está, que o fagan. Agora, é verdade que isto o dixeron en outubro do ano pasado. No día de hoxe nós non temos coñecemento de que se solicitara a acreditación deste centro como centro de formación profesional para o emprego, pero a presidenta da Deputación dixo en outubro que «o Goberno anterior non fixo nada durante dezasete anos e imos ser nós os que, de forma breve, logremos a dita homologación». No día de hoxe non hai nada solicitado. Nós descoñecemos os trámites que fixo, pero o que é certo é que a Deputación non vai facer unha homologación; iso non é unha homologación.

Non é tampouco —polo que puidemos ler— o que piden os alumnos, porque vimos nunha nota de prensa do 16 de novembro de 2018 que, nunha reunión coa Deputación, a Deputación explicou que ían obter un certificado de traballo, e di nota de prensa que o colectivo o cualificou como ridículo e pouco ambicioso. Polo tanto, espero que non se estea facendo dema-



goxia e xerando falsas expectativas aos alumnos e ao persoal do centro, porque o que vai facer a Deputación non é homologar cun título de FP educativa.

Por outra banda, nós queremos poñer en valor o traballo que se está facendo e facer fincapé nunha cuestión: os alumnos desta escola non teñen titulación oficial do sistema educativo, pero é verdade —como aquí se dixo— que son reclamados para obras moi importantes en todo o mundo. ¿E porque? Porque teñen un gran prestixio. Non teñen titulación, pero teñen un gran prestixio e, en moitas ocasións, o prestixio no desenvolvemento do seu oficio está por riba das titulacións; e esta escola foi concibida para recuperar o oficio de cantería como unha escola de oficios.

Pero, en todo caso, se queren manter esa proposta, nós non nos opoñemos; iso si, ten que ser o titular do centro, a Deputación de Pontevedra, quen inste a esta homologación. E tam-pouco nos imos opoñer a que a Deputación estude a posibilidade de homologar ou acreditar os títulos expedidos nos últimos corenta anos; parece unha cuestión bastante dificultosa, pero non nos opoñemos a que se estude.

Pero, jollo!, non fagan demagogia, porque aquí se está mesturando formación profesional educativa con formación profesional para o emprego, e non son o mesmo. Polo tanto, aclaren ben o que queren facer, porque o que está facendo ou vai facer a Deputación non é homologar esa titulación.

Polo tanto, nós plantexamos esa emenda. Se están de acordo, estaremos dispostos a aprobar —se pode ser, por unanimidade— este acordo para facer ese impulso político no que nós estamos de acordo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor MOREIRA FERRO: Pero as cousas hai que aclarar ben como son.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero dar as grazas aos voceiros do Grupo Socialista e do BNG por compartir esta visión tan evidente do que se debe e do que non se debe facer cando un está ao mando dun goberno dun país. Quero dicir, creo que non asumir as responsabilidades que teñen cada quen é o peor que se pode facer. Enganar a xente... (*Murmurios.*)

É dicir, se a súa resposta é tan clara e teñen tan claras as súas competencias, ¿por que non foron tan claros no 2007, cando o señor Núñez Feijóo estivo de visita na Escola de Canteiros? ¿Por que no pasado decembro de 2018 non foron tan claros cando tiveron a xuntanza coa



Asociación de Canteiros de Poio? Porque agora son tan claros cando se ven baixo presión, pero resulta que no seu momento foron incapaces de atopar os argumentos para dicir non.

¿E por que non? Porque a FP é competencia, en materia educativa, da Xunta de Galicia, e iso non ten nada que ver coa titularidade do centro, sexa privado ou sexa público. Quero dicir, a Deputación con iso non ten nin competencias académicas, nin coñecementos, nin ningún departamento educativo —que saiba eu— como para poder ter información suficiente dos trámites que se teñen que facer. Vostedes non poden botar balóns sempre fóra e dicir que a culpa é dos outros e que os outros son aqueles que teñen que solucionar os seus problemas. Para iso están nun goberno, queiran ou non.

Entón, insisto: creo que tampouco é un tema só da Xunta de Galicia, pero hai que dicir que a Deputación de Pontevedra leva só tres anos nas mans do Partido Socialista e do BNG e xa fixeron algo. Vostedes estiveron todo o resto do tempo sen facer nunca nada. (*Murmurios.*) Falamos dunha titulación e dun centro educativo que se formou dende unha administración educativa, dende o propio Ministerio de Cultura, e que está xestionado actualmente pola Deputación. Vostedes non poden dicir que non é a súa responsabilidade.

Con respecto ás emendas, quero dicir que nós presentamos unha autoemenda en relación co acordo que xa tiveramos na Comisión de Educación e, volvendo ao tema, non imos aceptar que vostedes non acepten que é a súa responsabilidade e que voten o balón de volta á Deputación de Pontevedra.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Por favor, señora Torregrosa, as outras emendas dou por feito que as acepta. (*A señora Torregrosa Sañudo pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿As outras emendas acéptaa, as do BNG e do PSOE? (*A señora Torregrosa Sañudo: Si.*) Grazas.

Seguinte proposición.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.



Antes de nada, quero agradecer a presenza de representantes do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia hoxe, dende a tribuna.

Hai iniciativas nesta cámara que poden tratar de temas máis ou menos tanxibles e máis ou menos cuantificables, pero o que hoxe traemos ao debate é, fundamentalmente, decidir se Galicia e este goberno se atopan no momento de madurez suficiente que permita favorecer a calidade arquitectónica como un fin, e non tanto como unha anécdota ou como unha casualidade, que ás veces acontece; decidir se é o Goberno quen vai dar pasos adiante que permitan que Galicia poida aspirar a recoñecer a excelencia, non só na investigación, non só no emprendemento, na educación ou incluso na gastronomía, senón tamén —¿por que non?— na arquitectura, e facelo, por suposto, da man da paisaxe e do territorio, de todo o territorio.

É o momento tamén de apostar e non deostar tampouco as capacidades, a profesionalidade e a sensibilidade de tantas e de tantos profesionais da arquitectura, pero tamén de moitos galegos e galegas; de non negarlles a ningún deles a posibilidade de apostar por unha arquitectura de calidade, extraordinaria e excepcional; de permitirlles, cando menos, seren escoitados e valorados, algo que no día de hoxe non acontece, porque non existe a canle nin o modo.

Explícolles por que: porque a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, contempla o concepto —é verdade— de calidade arquitectónica, e faino en dous dos seus artigos. Por un lado, no punto 7 do artigo 24, do réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural, cando di que «as novas edificacións que se pretendan situar nos núcleos rurais tradicionais identificaranse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente». E di que teñen que cumprir as seguintes condicións: «As características tipolóxicas, estéticas e construtivas e os materiais, as cores e os acabados», que deben ser «acordes coa paisaxe rural e coas construcións tradicionais do asentamento», pero di: «Sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica». De modo similar recólleo o artigo 39, para as edificacións no solo rústico.

Pero estes artigos, na realidade, non atopan logo unha aplicación práctica. Porque, a pesar desa redacción —teño que recoñecer— especialmente aberta á interpretación deses artigos, no momento de aplicalos son os planeamentos municipais os que se impoñen, pois neles se describen eses acabados, eses materiais, esas formas e incluso esas tipoloxías, e a única vía para aportar solucións diferentes está en xustificar esa calidade diferente da obra; pero esa posibilidade de excepcionar algunha desas condicións anteriores simplemente non existe.

Os e as arquitectas municipais entenden, desde as súas competencias, que non poden outorgar de forma unipersoal calidade arquitectónica a unhas obras si e a outras non. Entenden que, coma nos consellos que se conformaron, por exemplo, nos servizos de Patrimonio, debería existir tamén unha comisión avaliadora ou calquera outro mecanismo para emitir informes de excepcionalidade ao cumprimento dalgún punto ou de todos os puntos desas normas e baseados, por suposto, na especial calidade das obras arquitectónicas.

Esta é unha problemática común, moito máis común do que pensamos. Son moitas as persoas promotoras que moitas veces non entenden como as súas propostas, que é verdade que



moitas veces son máis coidadas e máis detalladas que a media das arquitecturas, son desbotadas por riba doutras que, cumprindo —esas si— os estándares reflectidos nas normas, son, sen embargo, malos exemplos de arquitectura construída.

É incomprendible como a falta de calidade arquitectónica dunha vivenda, por exemplo, non a discute ninguén, sempre que asuma unha cor, un material e unha morfoloxía; e, sen embargo, a calidade extraordinaria parece ser algo que se rexeita como un problema a evitar. E aí está o problema principal: o rexeitamento da boa arquitectura, que reside na idea estendida de que aquilo que é diferente, que non segue a norma establecida, ten que ser, por definición, peor.

E se isto o temos, sen embargo, xa desmontado en moitas outras cuestións da nosa vida, ¿por que nos custa tanto entendelo no mundo da arquitectura? Entendamos que a calidade arquitectónica dunha vivenda non está en empregar, por exemplo, unha tella árabe no seu tellado, nin tampouco está en usar pedra nos seus muros ou madeira nas súas fiestras, ou en empregar ocos na fachada con certas proporcións e certas dimensións. A calidade arquitectónica vai máis alá, moito máis alá das receitas normativas, é o conxunto de calidades; e si, o resultado si pode, neste caso, alterar os factores.

Se len o texto desta iniciativa, comezaba falando do concepto de calidade; a calidade como un conxunto de propiedades inherente a algo que permite xulgar o seu valor e que permite tamén comparalo con calquera outra da súa mesma especie. De feito, para o historiador e crítico de arquitectura William Curtis, a arquitectura da calidade está intimamente ligada ao diálogo coa sociedade e co contexto urbano, en sentido físico, e á iconografía da cidade.

O contexto non é, por tanto, só físico e mensurable; ten moito que ver coa interpretación do mesmo, e as interpretacións son, precisamente, as oportunidades de xerar relecturas do xa coñecido. Para entendelo mellor: non se pretende con esta proposición que todas as arquitecturas se desprendan ou se afasten do rigor normativo, senón que aquelas que aposten por aportar novas interpretacións dos materiais, das volumetrías ou das composicións teñan, polo menos, unha oportunidade de seren desenvolvidas permitindo ser xulgado o seu valor previamente. (*Aplausos.*)

A realidade é que no urbanismo galego o exceso normativo e regulador levou a un abuso da reprodución que é francamente preocupante. E, máis alá dese debate que nos daría para moitas máis horas de discusión, a pregunta penso que é clara: ¿que nos leva, na arquitectura, a rexeitar culturalmente o excepcional e, sen embargo, a abrazar o convencional e o común? A resposta é clara: penso que é a comodidade e, neste caso, a comodidade administrativa. Estandarizar permítenos desenvolver sistemas de control máis eficaces e máis sostibles, pero asumir a diversidade supón desenvolver ferramentas de xestión tamén no urbanístico, e ese é un esforzo que só as sociedades avanzadas están dispostas a asumir.

E volvemos á primeira pregunta: ¿está Galicia de verdade preparada para dar un paso adiante e apostar por favorecer a calidade arquitectónica das súas arquitecturas? Desde o Grupo Socialista pensamos que si, que por suposto, que Galicia merece a oportunidade de enriquecer o seu patrimonio, non só nos solos urbanos, senón tamén naquelas arquitecturas que se empracen nos solos rústicos ou de núcleos rurais.



E póñolles exemplos que deberían facernos reflexionar a todos: pensen, por exemplo, nos países nórdicos e imaxinen as arquitecturas tradicionais destas zonas, como conviven con naturalidade coas máis contemporáneas e as máis actuais. Unhas poden ter as cubertas inclinadas e outras poden telas planas, pero cando as vemos recoñecemos perfectamente o país. Son paisaxes harmoniosas porque conseguen o máis importante, que é identificarse co territorio, coa cultura e coas persoas. Algunhas incluso están ao pé de lagoas e, incluso así, situándose nos límites, intégranse de forma extraordinaria e sen agredir en ningún caso a paisaxe. Son vivendas diferentes unhas e outras, as tradicionais e as máis actuais, pero ambas responden ás posibilidades técnicas de cada momento e manteñen o fundamental, que é a esencia da arquitectura escandinava.

En Galicia hai moitos exemplos de arquitecturas que, no día de hoxe, cincuenta ou sesenta anos máis tarde da súa época, de ser construídas, serían inviables por cuestións urbanísticas ou estéticas, pola normativa que afectaría no día de hoxe o seu tipo de solo. Falamos de vivendas como a casa Domínguez en Poio, de Alejandro de la Sota, e a casa da Roiba, de Vázquez Molezún, en Bueu. No seu día foron absolutamente innovadoras, e fórono, entre outras cuestións, por como se relacionan co seu lugar: unha, a pesar de estar sobre o mar, integrándose e mimetizándose co límite costeiro, e a outra situándose por riba e por baixo do terreo, aproveitando o mellor de cada situación. No día de hoxe ambas son referencia do seu momento e motivo de estudo e incluso de inspiración das arquitecturas actuais.

Se non favorecemos hoxe que esas arquitecturas especiais —moitas veces de escasa entidade— poidan darse, dificilmente estaremos favorecendo un patrimonio futuro de calidade e eses outros modelos nos que mirarse e dos que aprender. Non podemos seguir pensando que todo o contemporáneo será nefasto e que só coa imitación mimética dos modelos antigos podemos asegurar unha Galicia mellor.

Nun contexto no que incluso se acaban de aprobar leis como a recente de rehabilitación urbana, onde xa se contemplan tamén as excepcionalidades con arquitecturas que —esas si— xa son en si mesmas patrimonio, ábrese —penso— o momento idóneo para reflexionar sobre este concepto en todas as arquitecturas e, así, mellorar a calidade xeral da mesma; para que o que non é rehabilitación, que é a porcentaxe máis alta das actuacións actuais no territorio galego, poida en todo caso desenvolverse cos máis altos estándares de construción, pero tamén arquitectónicos; para que vivendas que contemplan solucións como unha cuberta axardinada tamén poidan ter cabida; ou para que nunha terra como é a nosa, que ten ceos grises, néboas grises e augas que se tornan grises polas nubes grises, non se impida usar un material como é o cinc, probablemente o máis acorde coa cor da nosa paisaxe galega.

Se pensamos que definir a calidade arquitectónica é unha tarefa ardua, non esquezamos que Galicia conta con persoas expertas do sector da arquitectura, con colexios profesionais e con outros colectivos ou institucións que poden participar desa valoración...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PIERRES LÓPEZ: ...das condicións da calidade arquitectónica que lle dá a unha edificación un valor engadido —xa remato—, tal como acontece —dicíao antes— coa valora-



ción do patrimonio a través dos consellos territoriais do Patrimonio Cultural, a Comisión Técnica de Arqueoloxía ou o Consello Asesor dos Camiños de Santiago.

Eu pídolles a todos os grupos altura de miras e a reflexión imprescindible para a importancia de favorecer ese valor engadido tamén na arquitectura galega.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: O motivo desta iniciativa é establecer un procedemento para valorar a calidade arquitectónica das edificacións que queiran obter unha especie de excepcionalidade con respecto ao cumprimento da normativa da Lei do solo, dos artigos 24 a 39.

Comprenderán que é unha cuestión —podemos dicir— de filigrana, dunha especie de alquimia parlamentaria, porque merecería, ao mellor, unha comisión de estudo; eu, desde logo, non me considero capacitado para tomar unha decisión a este respecto. Penso que, cando se fala de cuestións como a calidade arquitectónica e a excepcionalidade con respecto á norma, habería que establecer, efectivamente, uns criterios comúns, porque cada un de nós pode ter a súa propia opinión sobre a calidade arquitectónica ou sobre como ve o rural e a evolución do rural.

Trátase, polo tanto, dunha cuestión moi especializada e dunha cuestión, desde logo, importante, que está no día a día tamén das decisións que teñen que tomar os técnicos e as técnicas nos concellos e que merece unha solución; polo menos un estudo e unha busca de posibles alternativas. Porque a lei —por certo, unha lei que empeorou nestes aspectos o que viña establecido na LOUG— deixa aberta esta porta á excepcionalidade cando di que hai que manter as tipoloxías tradicionais neste tipo de solos, pero sen prexuízo doutras propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica; esta é a clave.

¿E quen decide isto? ¿Quen decide o que é a calidade arquitectónica? Pois isto é o que temos que resolver. Nós entendemos que ten que ser unha comisión técnica; como hai comisións asesoras que interveñen en cuestións que teñen que ver, por exemplo co patrimonio, nestas cuestións tamén pode haber comisións técnicas asesoras que establezan uns criterios xerais e uns criterios comúns, porque non se pode deixar á interpretación só dos técnicos municipais, porque cada técnico municipal pode facer unha interpretación diferente do que se entende pola calidade arquitectónica.

Ademais, hai un ámbito de traballo, que é o da paisaxe e o das directrices da paisaxe, e hai comisións asesoras en materia de paisaxe e tamén as guías en materia de paisaxe, que poderían botar luz sobre que solucións se lle poden dar a esta cuestión desde o punto de partida de que temos que ter unha visión —para nós— ampla do que é a evolución da paisaxe e dos núcleos rurais, e tamén onde é distinto o que son núcleos tradicionais doutro tipo de núcleos. Pero a realidade é que no noso rural, na nosa paisaxe rural vemos a evolución en materia



arquitectónica, onde hai paisaxes tradicionais e núcleos tradicionais, núcleos modernos e construcións —digamos— máis contemporáneas.

Na evolución dos últimos corenta ou cincuenta anos vimos que houbo de todo, e supoño que o que se está construíndo nese «de todo» está sendo construído tamén con proxectos arquitectónicos de profesionais que, supostamente, din que as súas construcións teñen calidade ou que responden aos parámetros do que lles piden as persoas que queren facer esas construcións. Pero, realmente, aí vemos cousas, desde unha opinión subxectiva, cuxa calidade estética e calidade arquitectónica deixa moito que desexar. Podemos dicir que, en moitos sentidos, o que se construíu nos últimos corenta ou cincuenta anos, tamén como consecuencia de tendencias relacionadas coa emigración e de importación de modelos foráneos, é un auténtico pastiche, hai unha mestizaxe de solucións do máis variada.

Pero penso que si que temos que ter unha ollada aberta a respecto de solucións contemporáneas e de construcións contemporáneas, porque ao final o patrimonio colectivo faise ao longo do tempo, tamén nos centros históricos, con achegas ao longo da historia. Porque o que estamos vendo hoxe da catedral de Santiago é resultado de demoler, de destruír unha construción anterior, que era unha catedral románica; e isto pódese aplicar a cada un dos centros históricos do país, que foron obxecto da evolución a partir da destrución, da reinterpretación e da nova construción do territorio.

Claro, isto non pode ser a excusa para aceptar todo, pero si, polo menos, para abrir un debate e para buscar o asesoramento e unha solución —digamos— que estableza o mínimo común denominador para poder fixar esa excepcionalidade xustificada pola calidade arquitectónica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, hai que dicir que é un tema moi complexo. Persoalmente, podo coincidir completamente na esencia de que a excesiva limitación dos parámetros referenciados á calidade arquitectónica e a respecto do uso de cores, materiais e formas poden empobrecer a riqueza e a variedade, e son de difícil valoración. É dicir, non evitan que se constrúan horribles edificacións que están adecuadas a esa valoración que hoxe en día é exixible ao cen por cento da obra nova.

Se o que se pretende nesta iniciativa é expor que se poñan en valor os coñecementos e a formación estética, histórica e artística para realizar unha nova clasificación da obra nova, páreceme unha proposta excelente. Pero creo que se corre o risco de abrir unha caixa de Pandora cando temos sobre a mesa unha nova lexislación no tema de vivenda, a nova Lei de rehabilitación, que máis que poñer en valor o patrimonio arquitectónico no rural, pásao completamente por alto.



Paréceme un tema verdadeiramente delicado e complexo de xestionar lexislativamente de forma adecuada. Quero dicir con isto que eu discrepo persoalmente de que o momento sexa o idóneo e que, aínda que o obxectivo sexa mellorar a calidade xeral da arquitectura no rural, o resultado é o que ao final vai quedar.

Precisamente porque as persoas usuarias descoñecen as calidades a valorar nunha edificación, máxime se falamos do ámbito residencial, non vexo forma que non sexa a través dunha adecuada formación e difusión do valor engadido que pode ter incluír elementos de interese arquitectónico especial, establecendo como e de que maneira se poden revalorizar aspectos moi sutís; se estamos nunha especie de período lexislativo caracterizado —dende o meu punto de vista— por unha clara insensibilidade nas políticas da Xunta de Galicia para protexer o patrimonio arquitectónico existente, sexa do tipo que sexa, obviando tanto os consellos dos especialistas como do propio Consello da Cultura Galega.

Por iso, entendo que se pode abrir un camiño, pero dubido que sexa o momento adecuado. Que procedemento e quen vai valorar os criterios é o que nos preocupa máis, e non creo que sexa unha valoración excesivamente conservadora, vistos os resultados.

Ben, podemos falar dos exemplos que xa existen, podemos falar do feísmo, podemos falar da falta de planificación e da problemática da comprensión respecto das edificacións, do existente e do novo; cremos que é complicado. Aínda que parece que hai unha vontade de ter, polo menos, unha formación a nivel dos concellos con respecto, por exemplo, á guía de cores e materiais ou, por exemplo, ao Pacto pola paisaxe para incluír no plan básico municipal, ou algunhas iniciativas neste sentido, non nos parece suficiente para lanzar adiante unha iniciativa. Nese aspecto coincidimos co señor Bará en que non só é unha cuestión de ter especialistas en Galicia —que claro que si que os temos—, senón de que peso específico teñen eses especialistas dentro das políticas que se fan na Xunta de Galicia.

Eu tamén son partidaria de que se faga ou de que se propoña unha comisión de estudo específico ou unha comisión técnica para facer unha valoración; que se faga, evidentemente, un estudo previo, unha catalogación do tipo de vivenda que existe agora mesmo xa neses espazos, unha catalogación xeral da vivenda residencial que existe en Galicia, non só por época histórica, senón tamén por estilos, e que poidamos ter unha información previa para poder emitir un xuízo de valor coherente.

Porque, ante todo, para poder valorar o carácter excepcional dunha obra, temos que ter garantido que o excepcional non se converta en norma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Señor presidente.



Señorías.

(*O señor Castiñeira Broz amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Señorías, esta é a Lei do solo. Na súa exposición de motivos, no punto 2, di claramente que un dos principios básicos inspiradores desta lei é a autonomía municipal. Creo que iso é o primeiro que hai que saber. ¿Como imos facer desde este parlamento unha comisión de estudo de algo que é competencia municipal? Pregunto. Creo que nos estariamos metendo directamente nas competencias municipais. Iso creo que é o primeiro que hai que ver. Polo tanto, permítanme, señora Torregrosa e señor Bará, que, con esa comisión técnica, posiblemente... Que a creen os concellos ou que fagan tal —que eu creo que vostede ía nese sentido— pode ser; pero, desde logo, desde aquí entendo que non.

Señora Pierres, dicía vostede que era o momento de saber se este goberno está no grao de madurez que permita recoñecer a calidade arquitectónica. Eu penso que si. Fíxese se este goberno e o Grupo Popular que o sustenta están no grao de madurez que fomos quen de redactar, xunto con todos os galegos e galegas —cunha participación inmensa que houbo nesa lei, incluso cunha comisión previa de estudo—, unha Lei do solo —que, por certo, todos vostedes votaron en contra— que contempla, por primeira vez —se non me engano— nunha lei do solo de Galicia, a posibilidade de valorar a calidade arquitectónica das edificacións. (*Aplausos.*)

Porque, miren (*O señor Castiñeira Broz amósalles unha fotografía aos membros da Cámara.*): creo que ninguén dubida de que sería un erro monumental non dar licenza ao hotel Marqués de Riscal, de Frank Gehry, na Rioxa. Creo que ninguén o dubida, e creo que aí compartimos e coincidimos a señora Pierres e eu. Polo tanto, non podemos poñer portas á creatividade e, desde logo, este grupo non o vai facer. E aí poden estar seguros; por iso, esa lei.

Pero tamén temos que ter en conta, moi claro, a autonomía e o respecto da autonomía municipal. Os concellos e os técnicos municipais non son menores de idade; son técnicos en igualdade de condicións que os técnicos da Xunta, cada un coas súas competencias, pero en igualdade de condicións. As administracións locais non son subordinadas da Xunta de Galicia; cada unha ten as súas competencias, pero en igualdade de condicións, no mesmo nivel. Desde logo, os que vimos da Administración local así o sentimos, e, desde logo, eu non permitirei, dentro das miñas posibilidades, que se subordine a Administración local á Administración autonómica.

Por iso, señora Pierres, cando vostede di que a Xunta regule: non, se a Xunta regula ou busca un procedemento, estaríase metendo nas competencias municipais, e non imos permitir iso. Agora, podemos buscar unha solución e podemos traballar para buscar unha solución, porque é un feito que é unha gran posibilidade que se nos abre con eses apartados ou esas especificacións da calidade arquitectónica e esas excepcionalidades en ámbitos de núcleos rurais e no solo rústico e, polo tanto, sería unha pena e unha mágoa perder esas posibilidades; agora si, loxicamente, teñen que ser cunha calidade contrastada e recoñecida. ¿Pero quen ten que buscar eses sistemas? A propia Administración local, porque é a competente, porque quen pode dar licenza nun núcleo rural ou nun solo rústico, salvo excepcionalidades contadas, son os concellos.



Polo tanto, ¿que podemos facer desde aquí? Eu o que lle diría é que, como máximo, o que podemos facer é intentar facerlle unha emenda *in voce* para conseguir instar —dado que non podemos dirixirnos nós nin á Fegamp nin aos concellos directamente— a Xunta para que se dirixa aos concellos para que, dalgunha maneira, valoren esta posibilidade que permite a lei e non perdan esa posibilidade; que se busque o sistema que eles entendan —porque non nos imos meter nós en como teñen que regulalo—, ben a través da Fegamp, ben das deputacións, ben en agrupacións de concellos. Hai concellos como o de Vigo que seguro que xa o soluciona el só, pero como sexa, cada un buscará, ten a súa autonomía e, nese sentido, pode facelo; ou como os das grandes cidades, que ao mellor eles mesmos teñen técnicos suficientes para crear esa comisión e valoralo. Non podemos nós meternos; pero si que teñan en conta a posibilidade que lles dá a lei e eses dous artigos, o 24 e o 39, para que non se perdan posibilidades de deseño e de creatividade arquitectónica.

Niso si estamos, e podemos buscar unha fórmula —se lle parece ben—, intentar chegar a un posible consenso para acadar esa fórmula, instando, a través da Xunta —porque non podemos—, os concellos a que busquen unha fórmula para poñer en práctica e, loxicamente, permitir —se ben teñen autonomía os técnicos municipais, e eu podo entender, como técnico municipal, a soidade dun técnico ao valorar por si só a calidade arquitectónica dun proxecto— buscar unha liña que marque iso. Aínda que —como digo— hai que ter coidado, porque poñer portas ao can é difícil.

Mire: se nos fiamos das opinións de cada momento, a casa Milà non se construíría, por exemplo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Pero todo iso tamén quere dicir que non se poden construír pendellos en calquera sitio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Señor Castiñeira, grazas, polo menos, por esa discrepancia e por esa busca, en todo caso, dunha vía para dar saída a esta problemática.

Señora Torregrosa, eu entendo que a vostede lle pode o medo a abrir esas cancelas —como dicía o señor Castiñeira—, sen embargo, a min gustaríame que reflexionase. Vostede mesma xa o fixo dicindo que, curiosamente, no día de hoxe, esa traba á calidade e esas arquitecturas que se fan asumindo as cores, os materiais e as formas non sempre son de calidade; unha cuestión non conleva a outra. Polo tanto, penso que ese medo que se lle presenta en realidade xa está acontecendo, e non dar unha saída a esa calidade, precisamente cando as cousas se queren facer ben, a min paréceme un erro de partida.



Eu póñolle un exemplo: unha tortilla faise con ovos e patacas, pero se regulásemos a tortilla e prohibísemos que tamén se lle introducisen cogomelos ou que se lle introducisen pementos, probablemente perderíamos algo moi importante da nosa gastronomía. Eu penso que non se lle pode poñer cancelas, precisamente, a esa creatividade, nin na gastronomía nin na arquitectura. (*Aplausos.*)

A propia Xunta de Galicia, ademais, desde hai dúas convocatorias, está a promover os Premios de Arquitectura e Rehabilitación de Galicia, e na súa web de presentación xa fala de que o obxectivo dos premios é o impulso e a excelencia da nosa arquitectura e rehabilitación recoñecendo a calidade das edificacións. ¿Que pasa? Que isto son arquitecturas que, ao final, son excepcionais, que se contan cos dedos da man; esa é a mágoa. Pero, ademais, esa iniciativa recolle outras que xa se levan anos facendo, como son os premios COAG, que xa levan dezaioito edicións; tamén os premios Gran de Area, do sur de Galicia; e tamén os premios Juana de Vega ou os premios Gómez Román. Todos, efectivamente, premian a excelencia, a calidade e as aportacións que parten non só de grandes edificacións, senón tamén de pequenas arquitecturas, e esas son as que suman e as que dan exemplo para que outras tamén veñan detrás. Desde o noso grupo temos claro que ese impulso á excelencia da nosa arquitectura e rehabilitación e ese recoñecemento, ademais, á calidade que buscan os propios Premios de Arquitectura da Xunta de Galicia non poden quedar en anécdotas. Hai que promoverlo e hai que facilitar e, polo menos, atopar as vías para poder xustificalo.

Pensen que, ademais, coa normativa actual, arquitecturas como a fachada da propia catedral de Santiago —como dicía o señor Castiñeira— non serían factibles; a arquitectura de Antonio Palacios no Porriño tampouco sería factible, nin a de Alejandro de la Sota, nin a de Vázquez Molezún. Non cremos que teñamos que recoñecer a calidade só ligada, probablemente, ao prestixio dos profesionais que están detrás, senón dar a oportunidade aos promotores e aos arquitectos máis descoñecidos para que tamén aporten as súas arquitecturas, se teñen a calidade suficiente para facelo.

Creo que, dado que esa xustificación da calidade agora mesmo non se está dando —porque non existe a canle, e ademais está a supoñer un problema e traba moitos proxectos en Galicia—, debemos, en todo caso, facilitar ou aclarar de quen é a competencia, efectivamente, para emitir o dito informe ou criterio. Ademais, hai que ter claro que isto xa está acontecendo cos consellos asesores de Patrimonio, que realmente xa están traballando nese sentido cando existe unha discrepancia nun servizo de Patrimonio ou cando se precisan varios consellos, que emiten ese informe entre varios expertos. O mesmo pode acontecer coas obras de arquitectura.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PIERRES LÓPEZ: Fagamos isto e non permitamos que perviva por máis tempo no limbo da ineficacia a calidade arquitectónica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esa proposición non de lei:

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a comprometerse a que, no caso de que como consecuencia dun eventual fallo xudicial que supoña a paralización do procedemento de desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia ou que algún ou todos os contratos que articula ese plan sexan economicamente inviables, defenderá o mantemento dos postos de traballo nas condicións que non supoñan a máis mínima mingua dos dereitos laborais e retributivos das persoas traballadoras que resulten afectadas.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Bo día.

Volvemos falar hoxe do transporte público. Di a conselleira —que non está presente— que non traemos iniciativas que falen de competencias da Xunta. Pois imos falar do transporte público, do Plan de transporte público e dos contratos que están agora en tramitación.

Temos que empezar dicindo que a situación que estamos vivindo é consecuencia de decisións erradas da Xunta de Galiza desde o ano 2009, cando decidiu esa prórroga irregular dos contratos do transporte público en contra da normativa europea. Estivo sete anos sen facer nada, varrendo para debaixo da alfombra, coa estratexia da avestruz, e despois, en 2016, encontrouse cunha sentenza do Tribunal Supremo que lle impuxo a necesidade de actuar, de tomar decisións. E, a partir de aí, foi unha carreira desenfreada por intentar cumprir os prazos, unha carreira da que estamos vendo as consecuencias, con dúas leis en menos de dous anos, nunha fuxida cara a adiante que, ao noso entender, pode ter graves consecuencias no futuro, porque se está evidenciando a falta de participación, a falta de transparencia, de ter tempo —máis que nada— suficiente para canalizar esa participación e eses acordos.

Tamén vemos inseguridade xurídica nos novos contratos e tamén no feito de que se anulasen contratos que estaban en vigor e que foron recorridas esas decisións; imaxinen o que podería pasar se se toma unha resolución favorable a estas demandas das empresas. Despois tamén vemos que hai moitísima propaganda, por exemplo, cando se fala da gran novidade da in-



tegración do transporte regular e das liñas escolares, ou do transporte á demanda, o falso transporte á demanda, en realidade. Porque o que vostedes están vendendo agora como gran novidade xa existía co TES+BUS para algunhas zonas do territorio, non de maneira xeneralizada, porque este sistema non pode funcionar e non é, desde logo, transporte á demanda, é un transporte, en todo caso, baixo reserva en determinadas liñas que coinciden coas liñas escolares; por certo, no que non teñen aínda feito un contrato para a xestión deste servizo porque lles quedou deserto, e agora están tramitando outro como un contrato reservado, que nos parece ben que sexa un contrato reservado, que quede claro.

A razón de toda esta —podemos dicir— chapuza en que se está convertendo a tramitación do plan e tamén dos pregos dos contratos son os deficientes estudos de campo, como se evidenciou tamén nos contratos de 2017, realizados por empresas paracaidistas, empresas que non coñecen o territorio, empresas consultoras queridas pola Xunta de Galiza que fixeron —xa digo— unha auténtica desfeita, que despois tivo que ser remendada no período de alegacións e, sobre todo, remendada unha vez que se adxudicaron os contratos e que se lles deu o visto bo ás empresas para que os cambiasen e para que recuperasen as liñas anteriores. Porque aquilo era un desbaraxuste: a xente estaba cabreadísima, os concellos protestando, a xente recollendo sinaturas... E, ao final, o que fixeron foi recuperar os antigos servizos; é dicir, fixeron a adxudicación dunhas liñas e despois recuperaron as que había antes.

O problema de fondo de todo isto é que temos unha Dirección Xeral de Mobilidade que non ten dirección e non ten mobilidade. Non ten dirección, porque na práctica está privatizada: a Dirección Xeral de Mobilidade, na práctica, fíxolle unha concesión a unha empresa privada asesora e consultora e a outras moitas empresas consultoras para que lle fixesen o traballo, para que lle dirixisen a consellería. E non ten mobilidade porque está ao ralentí, ao punto morto; ben, agora está bastante acelerada, porque aí non deben apagar as luces pola noite para intentar resolver todo o petate que teñen montado. Pero miren: vostedes adxudicáronlles por 2,4 millóns de euros a elaboración do plan a distintas empresas; despois había outra empresa encargada da coordinación, e teñen outra empresa asesora. Os contratos formalizáronse en xullo e, ao cabo de tres meses, o Consello da Xunta aprobou o plan. Isto é milagro: que sexan capaces de facer en tres meses seis lotes distintos, seis empresas contratadas, dun plan destas características. Ben, curiosamente, despois tardaron cincuenta días en publicalo; ao mellor é que lles quedaron flocos e estiveron aí retellando ao longo de todas esas semanas.

O problema de fondo, como xa dixemos na comparecencia da conselleira, é que realmente isto non é un plan; isto é un apaño, é un intento de resolver a situación, de tirar cara a adiante, de buscar unha saída, pero non é un verdadeiro plan de transporte público, desde logo, nin de transporte público por estrada, porque parte dunha realidade que é unha realidade desfasada: a realidade do século XX, dunha serie de liñas que non teñen ningún tipo de relación coa dispersión da poboación e coas características do noso territorio. Polo tanto, é un modelo fracasado e do século pasado, desas concesións que foi concedendo a Xunta ao longo das décadas.

Agora estamos na tramitación deses cen contratos que queren resolver antes de agosto e que foron obxecto de críticas e de recursos por parte tanto das organizacións sindicais como



da patronal. Curiosamente, aquí coinciden todas as partes en denunciar graves eivas e carencias destes contratos. Por exemplo, as organizacións sindicais, todas elas —fago referencia neste caso ao que di a CIG, pero as demais coinciden no básico con esta argumentación—, falan dun risco certo de rebaixa das condicións laborais e salariais do persoal, porque as estimacións de custos que fai a consellería nesos pregos non chega nin para cubrir os salarios; só no primeiro ano, nun deses contratos os déficits chegan a seiscentos mil euros, e os pregos establecen un número de postos de traballo inferior ao actual, co cal non se podería facer a subrogación do persoal. Fan unha análise caso por caso en cada un dos contratos.

Ben, situados neste punto, fan tamén unha advertencia de que pode pasar o mesmo que pasou no seu día cos contratos das ambulancias. Acabamos de ver como agora, despois da presión dunha folga sindical e tamén da presión da concesionaria, que colleu un contrato moi á baixa e que estaba nunhas condicións de non cumprir o convenio do sector e reducindo cada vez máis as condicións laborais e os dereitos salariais, ao final á Xunta de Galiza non lle quedou máis remedio que incrementar nun cincuenta por cento o prezo de licitación dese contrato. Pois o que din as entidades sindicais é que aquí pode ocorrer o mesmo, e vostedes non queren enterarse.

Pois ben, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública decidiu a finais de abril paralizar este proceso; despois é certo que lle deu o visto bo e permitiu a continuidade na tramitación. Nestes días estase no procedemento de abrir as ofertas das empresas, que, loxicamente, se presentan porque queren traballar, aínda que despois teñan que aceptar unhas condicións realmente leoninas que van repercutir no persoal, nos traballadores e nas traballadoras. E aquí o que estamos vendo tamén é que o que hai é un proceso —que xa anunciamos no seu día— de concentración parcelaria que vai acabar con esa especie de bus-diversidade que había no territorio, de pequenas e medianas empresas radicadas ao longo do territorio que facían un servizo social, un servizo público, un servizo tamén económico de creación de emprego, de estabilidade do emprego e de implantación territorial, e facendo moitos máis servizos do que son as liñas regulares de transporte, que xa veremos se fan esas grandes empresas que poden ser adxudicatarias deses contratos. Porque o certo é que, segundo o que sabemos, na metade deses cen contratos, aproximadamente, só hai unha oferta, e isto algo quererá dicir.

Aquí o que se estivo, ao longo deste tempo, é abrindo a porta precisamente á entrada desas grandes empresas do sector, e ao mesmo tempo hai dúbidas razoables e incerteza sobre as adxudicacións e a súa viabilidade, sobre o cumprimento das condicións laborais e salariais e sobre o mantemento dos postos de traballo, como dixen antes.

E despois hai outra cousa: estamos pendentes das novas licitacións, porque ían saír no mes de xuño. ¿Cando van saír esas novas licitacións que se teñen que adxudicar antes de final de ano? Porque, desde logo —como dixen antes—, agora á Dirección Xeral de Mobilidade, se tivéssemos que poñerlle o título dunha película, sería *ao bordo dun ataque de nervios*, con todo o mogollón que teñen aí para resolver.

Por iso, o BNG trae aquí unha proposta de acordo que pretende superar este marco, este marasmo e esta falta de solución global con visión de futuro. Por iso propoñemos, en primeiro



lugar, reformular os pregos para garantir que se manteñan os postos de traballo e as condicións salariais e laborais. Para nós isto é prioritario, porque ademais hai que cumprir si ou si os propios compromisos adquiridos pola administración: os convenios e a subrogación do persoal, e entendemos que non se garante con estes pregos. E, despois, o que nos parece máis importante, cunha visión de luces longas, unha visión ambiciosa e a longo prazo, abrir o proceso de estudo, de análise e de negociación para elaborar un verdadeiro plan de transporte público por estrada que estea, ademais, incardinado nunha estratexia ou nun plan director de mobilidade sostible, que é algo que necesita este país como auga de maio ou de xuño ou de agosto. Porque hai unha Estratexia estatal de mobilidade e aquí non a temos.

Hai que facer unha lei; vostedes mesmos prometérona no seu programa electoral e non a fixeron, unha lei de mobilidade sostible. Hai que facer ese plan director e hai que construír un modelo de transporte público que sexa un modelo que inclúa todos os modos de transporte, fundamente tamén...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...o ferrocarril e o ferrocarril de cercanías, e que sexa un modelo que responda ás necesidades do século XXI, un modelo sustentable desde o punto de vista social, económico e tamén, desde logo, ecolóxico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Ben, volvemos falar do Plan de transporte público de Galicia e volvemos falar do proceso de adjudicación posterior á elaboración dos pregos de condicións. Quero deixar sentado de antemán que ao Grupo Parlamentario Socialista o que lle preocupa do desenvolvemento de todo este plan son os traballadores, e dígoo porque cando cuestionamos a viabilidade deste plan resulta que por parte do Partido Popular se nos dixo que asumiamos o criterio das empresas, que viñamos defender as empresas; e non só os traballadores, senón un servizo de transporte público de calidade e adecuado á realidade da nosa comunidade autónoma.

Pero vamos ver o que di a lei: a lei di que, nos contratos de concesión de servizos, a tramitación do expediente irá precedida da realización e a aprobación dun estudo de viabilidade dos mesmos ou, no seu caso, dun estudo de viabilidade económico-financeira, que terá carácter vinculante nos supostos en que conclúa na inviabilidade do proxecto.

Ben, ¿cal é a realidade na que se atopa a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade neste momento? A realidade é que ten un aval do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia e, polo tanto, cabe entender que, desde o punto de vista de goberno, a situación na que se atopa ese proxecto é correcta. É dicir, conclúe non só a consellería, senón este tri-



bunal, que non hai motivos para supoñer que estes proxectos non son viables desde o punto de vista económico-financeiro. É certo que a asunción do risco é un elemento que vai inherente á concesión de servizo e que se recolle tanto na normativa europea como na lexislación española, pero é un risco atribuíble que ten que soportar o concesionario relacionado con risco de insolvencia dos debedores, cun desaxuste entre a oferta e a demanda, con incertezas do mercado e mesmo con que os ingresos non cubran os gastos de explotación, pero partindo, evidentemente, dun dimensionamento correcto dos estudos económico-financeiros dese proxecto.

O certo é que a administración convocou unha licitación na que non se explican ben —xa o dixemos creo que todos os grupos parlamentarios da oposición— e, moito menos, se xustifican eses estudos económicos. Non son —parece— os cálculos adecuados en canto ás necesidades de medios humanos e materiais —aos que fixo referencia o señor Bará—, ás estimacións dos seus custos ou á xustificación dos valores que se lles deron aos custos variables. Entendemos —e así o entende non só a patronal, senón os sindicatos— que hai partidas, practicamente todas, que están seriamente minusvaloradas, e mesmo a relación cos orzamentos de cálculo manifesta nos pregos que existen discrepancias coa realidade da explotación.

En canto aos custos de persoal, todos os proxectos parecen estar infradotados, pese a que esa é a partida máis custosa. O principal factor que aplicou a Consellería, ou mellor dito, esa empresa encargada de redactar os proxectos de explotación, é esa teoría de que os custos de persoal só computan en función da porcentaxe que os tempos de percorrido de autobús representan sobre a xornada laboral, o cal é un argumento desde todo punto de vista inaceptable, porque resulta que non se computa o tempo para o mantemento dos vehículos, o tempo de espera entre servizos, que si forma parte da xornada laboral dos traballadores, ou o tempo que está regulado por lei entre que van recoller os vehículos e que os deixan, que tamén forma parte da xornada laboral dos traballadores.

E, así, creo que nos imos atopar ante unha situación —á que fixo referencia o señor Bará e á que fixeron referencia os grupos da oposición— moi similar ao que ocorreu co transporte sanitario; é dicir, van vir grandes empresas, capaces de soportar as perdas que supoñen os contratos durante os seus primeiros anos de vixencia, e despois van poñer a administración nunha situación na que teña que renegociar necesariamente eses custos de explotación, logo de, evidentemente, varrer —como se dixo xa— unha cantidade moi importante de empresas pequenas desta comunidade autónoma.

Polo tanto, desde o noso punto de vista —e por iso presentamos a emenda que coñecen os grupos parlamentarios—, hai dous escenarios posibles: un, que mediante un eventual fallo xudicial se paralice o desenvolvemento dos contratos —un contencioso-administrativo—, ou ben que algún, moitos ou todos os proxectos se revelen como inviables economicamente. Polo tanto, como —insisto— o que lle preocupa a este grupo parlamentario son os traballadores, presentamos esa emenda, que o que di é que se inste o Goberno a comprometerse con que, no caso de que se dea algún destes escenarios, se defenda o mantemento dos postos de traballo nas condicións que non supoñan a máis mínima mingua dos dereitos laborais e retributivos das persoas traballadoras que puidesen resultar afectadas; é dicir, garantir, ante



todo, a calidade e a seguridade dos postos de traballo, que entendemos que están neste momento seriamente ameazados pola aplicación deste plan.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Estamos diante doutro episodio máis do despropósito da Xunta de Galicia co Plan de transporte por estrada, outro máis que amosa a incapacidade da Xunta nesta cuestión e outro máis da conselleira atrincheirada sen querer traballar colectivamente na busca de solucións. A historia do acontecido nos últimos anos co Plan de transporte é verdadeiramente preocupante para Galicia, unha incapacidade tal cunha cuestión de tanta importancia para o noso país que se converte nun verdadeiro drama.

Xa temos dito outras veces que poñer en marcha un plan de transporte por estrada é complexo, evidentemente, ten moita complexidade e, polo tanto, precísase de moitísimo diálogo con todos os actores implicados: concellos, traballadores, empresas ou as ANPA, que deberían formar parte dunha mesa do transporte para buscar o mellor transporte por estrada para Galicia. Pero a Xunta de Galicia durante todo este tempo non quere traballar absolutamente con ninguén e prefire as estratexias do *power point* e os encargos á medida doutras comunidades, e así lle está lucindo o pelo.

Posiblemente o máis grave de todo este despropósito non sexan os procesos xudiciais desfavorables á Xunta de Galicia, e posiblemente tampouco sexa o máis grave o ridículo espantoso que leva feito a Consellería de Infraestruturas con todo o que ten que ver co Plan de transporte, nin tampouco sexan os continuos atrasos e as promesas incumpridas do que parece o conto de nunca acabar. Para nós o máis grave é o desleixo e o desinterese dunha cuestión tan transcendental para o noso futuro como país, a falla de ambición, asumindo esta cuestión como un trámite máis que hai que executar, e a falla de visión de futuro e de proxecto de país, que parece que reduce esta cuestión unicamente a gastar menos reducindo servizos, trasladando precariedade ao sector e cumprindo os seus compromisos coas empresas amigas.

O problema da falta de proxecto de futuro para nós é o máis desalentador. Porque, cando falamos de transporte público, falamos de incidir e actuar en moitos campos fundamentais aos que a Xunta de Galicia está renunciando. Falamos de xirar o rumbo da crise medioambiental e de loitar contra o cambio climático, onde o transporte público por estrada é fundamental, e, polo tanto, hai que dinamizalo e hai que poñer en marcha un servizo de calidade. Falamos de defender o dereito á mobilidade e de defender unha vida digna para todas, tamén no rural. Falamos de igualdade, porque, se depende do lugar onde vivas ou da



situación económica o poder desprazarte ou non, xa non estamos falando dun dereito. E falamos tamén de abordar a problemática da seguridade viaria, porque o transporte público tamén é un aliado contra a problemática que estamos vivindo en Galicia co incremento da sinistralidade e da mortalidade na Rede de estradas galegas.

Hai moitísimas cousas que están en xogo cando decidimos o tipo de transporte público por estrada, e disto estamos falando con esta cuestión. O transporte público que nós vimos defendendo defende o dereito á mobilidade, á calidade de vida no rural, á igualdade e aos servizos de calidade independentemente de onde se viva e da conta corrente, e para iso precisamos ampliar a oferta e non reducila e defender un transporte público e social. O transporte público que nós defendemos é un aliado fundamental contra o cambio climático, e para iso precisamos dinamizar o transporte público e non mingualo, como pretende facer a Xunta de Galicia. E o transporte público que nós defendemos é un aliado contra a sinistralidade viaria.

Polo tanto, podemos darlle todas as voltas que queiramos, pero no fondo da discusión hai dous modelos: un modelo que aposta polo transporte público, polo valor deste e polos seus beneficios, e outro que non aposta e que o ve como un mero servizo co que favorecer certas empresas.

Polo tanto, nós imos apoiar esta PNL, que vai na liña do que nós levamos defendendo dende o primeiro momento con todo o que ten que ver co Plan de transporte por estrada, que é que se estableza unha mesa de diálogo para poñer solución a esta problemática e para poñer en marcha o mellor transporte público para Galicia.

Pola miña banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señor Bará, o BNG rexistra esta iniciativa o día 3 de xuño, dez días despois de que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia desestimara todos os recursos interpostos polas federacións de transporte; unha información que non figura para nada no seu texto expositivo e que se obvia de xeito interesado, porque lle dá a razón á Xunta unha vez máis.

Pero, ademais, tamén obvian vostedes outra cousa e non a explican; xa a explicou eu: a Xunta non se opuxo a esa suspensión cautelar e non alegou por dar a maior garantía xurídica ao procedemento e por dar garantía aos licitadores. Polo tanto, estamos, sinceramente, ante unha decisión do Tribunal que, ademais, vén sobre outra do ano 2017 do Tribunal Administrativo Central, que era similar e que veu tamén darlle a razón á Xunta de Galicia. Polo tanto,



estamos ante un procedemento con totais e plenas garantías xurídicas que evita a inseguridade por parte dos licitadores.

Pero, ademais, é tamén participativo e transparente este proceso. Non sei por que a vostedes lles molesta que a Xunta recolla as alegacións e modifique cousas nos procesos froito desas alegacións; iso é a transparencia e a participación pública, iso é construír estes pregos coa axuda de todos.

Pero, claro, segue, de xeito interesado, dicindo cousas que non son certas; di que é un plan que non está equilibrado economicamente. Mire: estes cen contratos van ter unha achega de case quiñentos millóns de euros de fondos públicos para uns contratos; coa participación privada, de seiscentos trinta millóns de euros de mobilización de diñeiro, un dezaseis por cento máis respecto aos contratos previos de 2017, tamén froito desas negociacións. Polo tato, mire: se no 2017 e agora se presentan as empresas, ¿por que? Porque de verdade son contratos posibles, están —como dixo tamén o Tribunal de concursos— razoablemente xustificadas as contías económicas e, ademais, pónselle un dezaseis por cento máis —xa digo— para achegar case seiscentos trinta millóns a eses contratos de xeito global.

Pero mire: é que as empresas non só participaron no 2017 cando vostedes dicían o mesmo, senón que, ademais, a maior parte delas fixeron baixas económicas nos concursos. Se ían tan mal economicamente..., Porque eu, sen coñecer..., adianto tamén que estou seguro de que vai haber baixas aquí tamén. Pero hai cento cincuenta ofertas para eses cen concursos; é dicir, que hai empresas interesadas, e moitas —non só as grandes—, en facerse con eses concursos. E adianto e adiviño —e non son adiviño— que vai haber tamén baixas económicas, porque son rendibles.

Ademais, a xente está contenta, que iso é o que lles doe. O que lles doe é que a xente teña agora novas modalidades, co transporte á demanda e co transporte compartido, que están funcionando, que están aumentando o uso do transporte público en Galicia —en datos do ano pasado— e que, como está aumentando, tamén xeran novos ingresos e nova rendibilidade. Isto é o que funciona: o maior uso tamén fai máis rendibles esas liñas.

Polo tanto, non é verdade que esteamos ante contratos que non están xustificadas adecuadamente e, de feito, como xa se presentaron as empresas, veremos como seguro que hai baixas económicas.

Por outra parte, tamén di outra cousa que tampouco é certa: que se empeoran as condicións laborais; non é verdade. Pero mire: no 2017 houbo un acordo, cunhas cláusulas sociais que foron de referencia a nivel nacional, con dous dos sindicatos maioritarios: UXT e Comisións Obreiras; pero este ano, en marzo, volveu haber ese acordo non só con UXT e Comisións Obreiras nesas cláusulas sociais, senón que ata a CIG se incorporou, señor Bará, ¡ata a CIG! Logo, despois de chegar a un acordo e firmar un acordo coa Xunta, presentaron recursos. ¿Non será porque estabamos en eleccións e había que cumprir algunhas ordes? Pregunto, ¡eh!, pregunto, só por casualidade. (*Murmurios.*) Cando non están as eleccións firman un acordo cos gastos sociais e cando chegan as eleccións, ao mellor, pasan outras cousas.



Pero, en calquera caso, creo que o que se está garantindo é que os galegos van seguir tendo un transporte de calidade e que están contentos; que este Plan de transporte, mal que lles pese, está mellorando o uso do transporte público, que está funcionando adecuadamente, que está mellorando o servizo especialmente nas zonas rurais, que está incrementando os servizos especialmente nestas zonas rurais e o tipo de versatilidade no transporte, e que segue o seu trámite. Vai seguir; mal que lles pese escoitalo, ningún día sen transporte público, que é o que queren vostedes, que o paremos. Xa o pedían hai un ano e volven pedir agora que se pare o transporte público.

O que hai que facer é deixar de poñerse do lado da patronal. Onte viamos que o BNG defendía a Constitución, alegrámonos; hoxe tamén a patronal. Seguen vostedes mellorando a súa liña de traballo. O que teñen é que poñerse do lado —como xa lles dixen nos últimos tres anos que levamos falando do Plan de transporte— do interese xeral, porque este é un asunto de país.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señor Fernández Prado, eu tiven un compañeiro de traballo, un compañeiro de militancia política e un exemplo para min, Lois Obelleiro, que dicía aquilo de que o BNG é un poliedro de sensibilidades. Vostede ten unha visión moi esquemática do que é o BNG. O BNG é moito máis do que vostede pensa e do que vostede dixo aquí, afortunadamente para este país. Estamos moi orgullosos diso. (*Aplausos.*)

Fíxese no que representa o BNG que temos a capacidade, que non teñen vostedes, de defender esas pequenas empresas e medianas empresas do noso tecido económico, do noso rural, do noso país, que están sendo abandonadas á súa sorte por parte do Partido Popular, que está defendendo os intereses das grandes empresas multinacionais que queren vir aquí como voitres a apropiarse deses servizos. Esa é a diferenza entre vostedes e nós.

Efectivamente, eu dixen aquí xa que o Tribunal Administrativo de Contratación Pública validou o procedemento e o proceso dos novos contratos. Non veña dicir que ocultamos nada porque o dixen aquí, nesta tribuna. Díxeno aquí, nesta tribuna, ¿díxeno ou non o dixen? Díxeno aquí, nesta tribuna.

O que dixemos tamén, con base na argumentación das organizacións sindicais, é que non había garantías de cumprimento desas cláusulas sociais. Precisamente, as alarmas saltan porque vostedes e as organizacións sindicais asinaron unhas cláusulas sociais que agora ven nos pregos que non se van cumprir.

Mire, pónolle algún exemplo. O contrato 600, Carballiño. Nos pregos figuran vinte condutores-condutoras. O persoal subrogable son vinte e tres, hai tres menos. Figuran trece acompañantes, e os subrogables son dezasete. ¿Como van facer, realmente, para manter estes postos de traballo?



No contrato Lugo-Ourense-Vigo, subrogables dezaseis, no prego aparecen dez. No contrato A Coruña-Lugo-A Mariña, hai que subrogar vinte e oito e no prego aparecen vinte.

Isto é o que nos preocupa a nós, que se manteñan estes postos de traballo e que se faga con plenas garantías de respecto aos convenios e a esas cláusulas sociais. Por iso, xa lle adianto que imos aceptar a emenda do Grupo Socialista como emenda de substitución do punto 1 da nosa proposta, porque entendemos, efectivamente, que xa está o procedemento en marcha, este tren non se pode parar, pero si temos que velar, precisamente, polo cumprimento desas garantías dos postos de traballo en canto á súa calidade e tamén en canto á súa cantidade.

O que vemos tamén, por iso poñemos un segundo punto, é que hai que abordar, si ou si, esa estratexia, ese plan director da mobilidade sostible que vostedes —xa llo dixen— tamén incluían no seu programa de 2016 e están desertando dese compromiso.

Unha nova lei de mobilidade. ¿Vostedes van, realmente, poñer en marcha a elaboración dunha nova lei de mobilidade sostible? Supoñemos que non porque xa votaron aquí en contra dunha proposta do Grupo Socialista neste sentido.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Proposición non de lei do G. P de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez

O señor PRESIDENTE: Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 50678)

Emenda de adición.

Engadir os seguintes puntos:

<<Que non se realice no punto de vertido establecido entre as illas de Ons e Sálvora ningún vertido máis.

Un estudo sobre a situación dos depósitos realizados nese punto e o impacto que o mesmo pode estar producindo na zona desde o punto de vista ecolóxico, pesqueiro e ambiental.>>

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 50678)



Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme á normativa vixente e ás directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes do dragado do Lérez, de tal forma que se garantan que estes non afectará a ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Marcos Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas novamente.

Estes días saltaron todas as alarmas na ría de Arousa, e xa van demasiadas nos últimos anos. Saltaron novamente as alarmas porque a Xunta de Galicia puxo enriba da mesa a posibilidade de depositar na entrada da ría os lodos saídos da dragaxe que prevé facer a Xunta de Galicia na ría de Pontevedra. Non se sabe de que están compostos, non se sabe das afeccións que terán na propia ría, pero a Xunta xa busca que facer con eses lodos, baixo o noso punto de vista, comezando a casa polo tellado nun tema tan transcendente.

A idea da Xunta de Galicia é, ou cando menos era, porque agora manifesta que non hai nada pechado, depositar no vertedoiro legalizado que hai a dúas millas da illa de Sálvora os lodos e áridos extraídos da tamén suposta dragaxe, da que non sabemos tampouco nada, da ría de Pontevedra. Uns lodos, que, loxicamente, non queren na ría as confrarías de Pontevedra na illa de Tambo, argumentando as afeccións medioambientais que terían na zona, as consecuencias e os danos que provocaría nos bancos marisqueiros.

Diante desta negativa do sector da ría de Pontevedra, a Xunta anuncia depositalos na illa de Sálvora, integrada no Parque Nacional das Illas Atlánticas, no lugar de entrada das correntes na ría máis produtiva de Galicia. A verdade é que parece que ás veces están de broma, pero o triste é que non o están.

O que vén dicir a Xunta de Galicia é que as confrarías da ría de Pontevedra teñen razón manifestando que o depósito deses lodos é prexudicial na entrada da ría, por iso buscan un lugar alternativo, e ese lugar alternativo puidera ser a entrada da ría de Vilagarcía, ¡ver para crer!

O primeiro que temos que manifestar, como xa fíemos publicamente dende o minuto un que saíu esta nova, é o noso apoio absoluto ao sector do mar na defensa dos seus intereses, na oposición frontal ao depósito de lodos do río Lérez no punto de verteduras existentes en Sálvora, na ría de Arousa. Manifestamos tamén, o noso apoio á súa petición, que xa levan facendo dende hai anos, de clausura dese punto de verteduras. ¿Ou deberíamos chamarlle polo seu nome, ese vertedoiro legalizado no Parque Nacional das Illas Atlánticas, cuxa existencia



corresponde a prácticas de tempos pasados que vulneran as leis actuais de preservación do medio?

Dende que se fixo pública a pretensión de Portos, a resposta dos colectivos ecoloxistas e do sector do mar da ría de Arousa foi dunha lóxica sensación de alarma. O sector do mar caracterízase pola súa organización en defensa duns intereses que nos son comúns a todos e a todas: a conservación do medio mariño e a sustentabilidade das rías galegas. Temos exemplos moi recentes, como a mobilización deste sector contra o anteproxecto da Lei de acuícultura, ou a súa implicación ultimamente nas mobilizacións contra a reapertura da mina de Touro. Neste caso, a APDRA, a plataforma en defensa da ría de Arousa, manifestouse xa de maneira inmediata cunha serie de comunicados e puxo en marcha unha xuntanza o día 10, na que se convocou ás confrarías e organizacións agrupadas dentro do propio colectivo, co fin de analizar a problemática e ver os pasos a seguir.

Dende logo que van contar, tanto os grupos ecoloxistas como o sector do mar, co apoio de multitude de organizacións sociais, políticas e sindicais, e dunha ampla capa da sociedade que está farta de que se continúe agredindo o medio con total impunidad e que exige rematar con estas prácticas que nos están levando ao desastre.

É preciso sinalar a irresponsabilidade de institucións que someten a un dos nosos máis importantes motores económicos a vivir continuamente baixo a espada de Damocles, chámese mina de Touro, chámese Ence, chámese verteduras, e unha longa lista de causas evitables, de existir un verdadeiro compromiso político con algo que constitúe a nosa identidade como pobo e que é fundamental para a nosa economía: o mar e as rías.

Non comprendemos como a Xunta de Galicia pode xustificar que, ante a negativa das confrarías da ría de Pontevedra ao depósito dos lodos precedentes da dragaxe do Lérez na illa de Tambo, polas consecuencias negativas que terá no contorno e nos seus cultivos marisqueiros, a alternativa a esta situación sexa trasladalos á área de Sálvora, que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas, o que lle confire unha especial protección. Non sabemos como a Xunta de Galicia pretende xustificar semellante barbaridade.

É por isto que instamos a Xunta de Galicia a que busque alternativas que non consistan en pasar a pelota dunha ría a outra, porque as nosas rías non son vertedoiros. As nosas rías forman parte do noso patrimonio natural, paisaxístico e cultural; constitúen unha riqueza fundamental para o noso país e deben ser conservadas e dinamizadas para o que é a súa vocación natural: a explotación sustentable dos seus recursos. Unhas rías que xa están sopor-tando multitude de agresións, e que o último que precisan é a descarga de máis de 300.000 metros cúbicos de lodos.

O problema é, por unha banda, que se fala de como executar a dragaxe da ría de Pontevedra sen un só estudo serio enriba da mesa sobre os lodos que contén a ría de Pontevedra e sobre as consecuencias desa dragaxe.

Por outra banda, o que a Xunta reconece que é prexudicial para a ría de Pontevedra, contempla facelo na ría de Arousa. E nós dicimos que, se a Xunta reconece que é prexudicial



para a ría de Pontevedra, debería defender que tampouco vaia para a ría de Arousa. Se son prexudiciais para unha ría, tamén o son para a outra.

Por outra banda, entendemos que é momento xa de dicir con contundencia que o mar ten que deixar de ser un vertedoiro, polo que os vertidos na fosa de Sálvora deben rematar de maneira definitiva.

Con respecto á dragaxe da ría de Pontevedra, nós xa nos temos manifestado e posicionado en todas as ocasións nas que temos falado desta cuestión, e entendemos que antes de dar ningún paso para acometer unha dragaxe, e menos pensar en que se vai facer xa con eses lodos, precisamos un estudo en profundidade sobre os lodos da ría e as consecuencias que tería a propia dragaxe, a mobilización deses lodos, na propia ría de Pontevedra. E non é algo que só diga En Marea, é algo que tamén apunta a Unión Europea, que limita as dragaxes a ocasións moi xustificadas, cando non exista outro tipo de alternativas e as consecuencias sexan mínimas, e tamén o están indicando os colectivos ecoloxistas.

Entendemos que, antes de acometer esa dragaxe, hai que estudar todas as alternativas posibles, pois a dragaxe tamén é unha solución —cando o é— temporal, pois o río seguirá depositando os sedimentos nos mesmos lugares e volverémonos atopar coa mesma problemática no futuro.

Na ría de Pontevedra hai multitude de infraestruturas que teñen influencia no movemento das correntes, algunhas delas contan con sentenzas xudiciais, e quizais sexa aí onde primeiro teremos que actuar. Temos a situación dos recheos ilegais do porto, cunha condena do Tribunal Supremo que indica ás administracións a devolver á situación actual esa zona, e todo apunta que, posiblemente, os depósitos que está habendo na zona de marisqueo teñan que ver coa construción ilegal dese porto.

Só unha vez que se teña amosado a dragaxe como a mellor solución, en función do tipo de lodos que conteña, só nese momento haberá que determinar cal é o mellor tratamento para eses lodos, e non ao revés.

Con respecto ao vertedoiro de Sálvora, precisamos en primeiro lugar, antes de seguir plantexándonos seguir depositando máis lodos nese lugar, que se publiquen os estudos, se é que existen, que entendemos que deberían de existir, respecto ao impacto que teñen na ría de Arousa os xa preto de 5 millóns de toneladas de lodos e áridos procedentes das dragaxes dos distintos portos, acumulados dende que o Ministerio de Fomento autorizou a apertura do punto de Sálvora a finais dos anos noventa. Entendemos que a Xunta de Galicia debería ter coñecemento da afección que poidan estar tendo estes lodos na entrada da ría de Arousa, porque esa fosa está exactamente na entrada oceánica na ría de Arousa.

Nós defendemos que é momento de deixar de agochar o lixo debaixo da alfombra. A existencia do punto de Sálvora é unha práctica que corresponde ao século pasado. Estamos nun momento no que a cidadanía comeza a amosar un claro compromiso co medio e co planeta, e sen embargo vemos como as institucións seguen a tomar decisións do pasado, o que reflicte que vai moitos pasos por detrás da propia sociedade.



É por iso que imos actuar politicamente diante desta cuestión, en contra de que se acometa unha dragaxe sen buscar alternativas e sen saber exactamente cales son as afeccións que terá esa dragaxe, e tamén actuaremos na dirección de rematar coas verteduras no punto de vertedura de Sálvora e, en xeral, nas rías galegas. A conclusión é moi sinxela: os nosos mares e as nosas rías non son vertedoiros.

Pola nosa banda, máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Efectivamente, a través dos medios de comunicación enterámonos da intención da Concellería do Mar, en concreto de Portos de Galiza, dentro do proxecto de dragaxe do río Lérez, no tramo que vai dende o Club Náutico ata Os Praceres, de depositar as lamas que se extraesen da dragaxe do mesmo e levalos a un punto establecido a finais dos anos noventa polo Goberno español fronte ao Grove, entre as illas de Ons e de Sálvora, concretamente a 3,5 millas de Ons e a 2 de Sálvora.

Dende logo, sorprende, porque no proxecto e na exposición pública o establecido era depositalos arredor da zona da illa de Tambo e Campelo, e logo, por parte da Xunta de Galiza, de Portos, se saca aos medios de comunicación que se vai facer noutro lado.

É evidente que isto é a reacción lóxica pola oposición, por parte do sector, na ría de Pontevedra, mais o que xa non é tan lóxico é que, sen que se volva facer unha exposición pública, sen que oficialmente, seguindo os trámites administrativos, se faga unha nova exposición pública do novo punto de vertido por parte de Portos de Galiza, se bote un globo sonda a ver se non pasa nada cambiando o vertido destas lamas para outro lado.

É evidente que a reacción na ría de Pontevedra é lóxica, porque, por moito que diga a Xunta de Galiza nesa zona, é potencialmente tóxica, temos que lembrar que pasa parte dela por diante da ubicación de Ence, e é lóxica a reacción da ría de Pontevedra, lóxica a reacción de todos os sectores implicados na ría de Arousa, quixen dicir; o sector do mar, as plataformas ecoloxistas e a cidadanía en xeral. Porque estamos a falar de que a ría de Arousa é a ría máis produtiva e máis rica non soamente de Galiza, senón a nivel europeo e incluso a nivel mundial. Estamos a falar dun sector, concretamente no que se refire ao sector extractivo, que representa o 44 % das mariscadoras a pé, o 41 % das embarcacións menores, o 68,7 % das bateas de mexillón...É dicir, que a riqueza desta ría é enorme, xera moitos postos de traballo, e, dende logo, a preocupación é máis que lóxica.

É a preocupación por esta intención de facer este vertido das lamas procedentes da dragaxe do Lérez, mais tamén actualizou unha preocupación que xa viña de vello, e é a preocupación pola existencia dese punto de vertido nunha zona situada na bocana da ría de Arousa; unha zona na que todas as correntes mariñas e os temporais fan que todo o que estea nesa zona



vaia ría a dentro, polo cal hai alarma, e é unha alarma, dende o punto de vista do BNG, xustificada, e, dende logo, apoiamos con toda contundencia as reivindicacións; non só que non se vertan os lodos desa dragaxe, senón que se deixe de verter ningún tipo de lodos máis.

Por iso presentamos unha emenda a esta iniciativa que presenta de En Marea. Na iniciativa o que se demanda é a elaboración unha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do Lérez, co que estamos totalmente de acordo. Non estamos de acordo coa chantaxe e a ameaza que se está facendo desde Portos de Galiza e desde a propia Consellería, a propia conselleira, no sentido de que, se se lle poñen problemas para verter neste punto, vai deixar de facer dragaxes. Hai dragaxes que é necesario facer, o que hai que facer é facelas desde un punto de vista sustentable, con todas as garantías e con todos os tratamentos que precisen as lamas que se extraian para que sexan inocuas. E, evidentemente, o mar non acepta indefinidamente vertidos, por moito que se pretenda xustificar que están fóra da zona de traballos.

Dicía que presentamos unha emenda para que non se realice no punto de vertido establecido entre as illas de Ons e Sálvora, ese punto establecido polo Ministerio a 3 millas e media e 2 millas respectivamente, ningún vertido máis. Que se deixe de facer absolutamente ningún vertido neste punto e que, ao mesmo tempo, se faga un estudo sobre a situación dos depósitos realizados nese punto e o impacto que os mesmos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...poden estar producindo na zona, desde o punto de vista ecolóxico, pesqueiro e ambiental.

É evidente que os vertidos que se fan no mar non son inocuos. É evidente que hai que facer un seguimento e saber que repercusións están tendo. E estamos convencidas de que a repercusión dos lodos...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...das moitas toneladas que se levan depositado nese punto, non é inocua para unha ría...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...tan produtiva como é a de Arousa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Moreira Ferro.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.



Moi bos días.

O Grupo Popular de Galicia está de acordo en apoiar esta proposta, pero cos matices incluídos na nosa emenda, deixando claro que o que se faga sempre terá que ser conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións.

Matizar tamén que non estamos falando de lodos, son fundamentalmente áridos finos, areas, non é material contaminante, como logo comentarei. E así o temos, por tanto, comprometido no noso escrito da emenda.

O Partido Popular sempre estivo, está e estará a favor do sector do mar, buscando o mellor para o sector e en contacto directo co mesmo, e creo que a actuación da conselleira do Mar neste sentido é unha mostra clara do compromiso da Xunta de Galicia e do presidente Feijóo co sector do mar. Pero é verdade que hai voces interesadas que continuamente pretenden xerar alarma nos traballadores do mar. Hai xente á que non lle interesa axudar ao sector do mar, senón que o que lle interesa é xerar preocupación no sector do mar. E velaquí un exemplo.

A Xunta ten o compromiso de levar a cabo a dragaxe da área da ría de Pontevedra e o estuario do Lérez. É un proxecto no que se prevé a extracción duns 330.000 metros cúbicos de materiais, non de lodos, senón de area e áridos finos, que non son precisamente residuos radioactivos, como se quere facer entender.

Aquí se dixo, e nos medios de comunicación tamén, moitísimas cousas. Díxose que se ía verter en Sálvora, díxose que Portos de Galicia aprobou esa medida. Tense chegado a dicir que xa se están vertendo en Sálvora os residuos do dragado do Lérez. Incluso a eurodeputada do BNG, Bildu e Esquerra denunciou ante a Comisión Europea que se están vertendo alí residuos da dragaxe do Lérez —iso foi anunciado nos medios de comunicación—. ¿Cal é a realidade? A realidade é que a dragaxe non comezou, nin sequera ten proxecto aprobado, nin sequera ten aprobación nin autorización. Portos de Galicia non autorizou ningún vertido. Por moitísimos motivos, pero, fundamentalmente, porque Portos de Galicia non ten competencia para autorizar eses vertidos, é unha competencia da Administración do Estado.

¿Que é o que pasou? Pasou que había unha previsión de destinar 109.000 metros cúbicos a rexenerar bancos marisqueiros en Campelo. Vostedes poñen en dúbida os beneficios para o marisqueo, pero eu creo que rexenerar un banco marisqueiro é algo beneficioso para o sector; as Mareas —as mareas da ruptura— parece que non o entenden así. E os restantes 221.000 metros cúbicos irían a depósito nun punto exterior, destinados a unha área de 182.000 metros cadrados na illa de Tambo.

¿Que pasou? Rexeitouse esta posibilidade. ¿Por que? ¿Porque era prexudicial? ¿Porque fose contaminante? Non, rexeitouse porque ía sepultar un banco marisqueiro. Pero o material —e así o acreditan os técnicos— era incluso mellor que o que está alí depositado. ¿Que se fixo entón? Pois reiniciar o proceso de tramitación para facer cambios fundamentais, porque non se quería prexudicar sepultando este banco marisqueiro preto da illa de Tambo. E o que hai que facer é de acordo coas directrices que establece o Cedex.



Vostedes din que esta dragaxe parece buscar unicamente o beneficio dunha entidade vencellada ao turismo náutico. Non, señorías, pretende beneficiar un porto de interese de Galicia, un porto galego; pero fundamentalmente pretende beneficiar o marisqueo da zona, e o feito de rexenerar con 109.000 metros cúbicos de áridos e grosos que ían ir destinados á zona de Campelo é un claro exemplo de que é algo beneficioso para o sector.

Din tamén que se pretenden depositar lodos sen ningún tipo de estudo que o garanta. Non é certo, xa hai estudos que están documentados, e incluso puideron ver en información pública o anteproxecto de dragaxe, o estudo de impacto ambiental. As mostraxes analíticas non amosan presenza de contaminación e serían inocuos. E se estivesen contaminados, señorías, non servirían para rexenerar o banco marisqueiro en Campelo.

Non se trata dun residuo, nin se lle aplica a normativa de residuo, porque non é un residuo. E a tramitación do proxecto de dragaxe teñan a seguridade de que será realizada conforme a normativa, será de público coñecemento e levará aparelado un procedemento de información pública e a emisión dos informes sectoriais correspondentes.

Falando do punto de vertido, este non é un punto de vertido que designara agora ao chou a Consellería, é un punto de vertido xa preexistente, no que se levan depositados 2 millóns de metros cúbicos dende o ano 1998; dos cales, 135.000 foron depositados entre o 2001 e o 2018. A primeira análise do que hai alí depositado reflicte que os materiais alí depositados non posúen carga contaminante; é unha zona na que hai escasa influencia de correntes; non posúe interese arqueolóxico; é un punto de vertido fóra das augas interiores; está fóra da área do Parque Nacional das Illas Atlánticas; atópase dentro dunha zona CEPA pero poderíase empregar en canto que é un punto historicamente empregado como de depósito de materiais de dragaxe, pero non hai nada aprobado. E teñan en conta unha cousa, que neste momento hai dezasete dragaxes en perspectiva que están vinculadas a depositar os materiais neste punto. Porque, se este punto non é posible...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor MOREIRA FERRO: ...van quedar sen sitio para depositar estas dragaxes e estas dragaxes quedan comprometidas. Quedaríamos sen puntos para dragaxes desde Fisterra cara ao sur.

Polo tanto, señorías, non alarmen nin contribúan a alarmar o sector porque non hai motivo. Pode estar tranquilo todo o sector porque nada se vai facer que prexudique as rías galegas e o sector do mar.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor MOREIRA FERRO: E queda claro que non se ten autorizado ningún vertido, que non se está vertendo nada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: ...e que a dragaxe do Lérez non empezou.



Polo tanto, esperamos que acepten...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor MOREIRA FERRO: ...a nosa emenda.

Polo momento, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Polo Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

(A señora Vilán Lorenzo amosa unha fotografía ás súas señorías.)

Esta é a ría de Pontevedra, xusto o punto do que estamos a falar, de onde se extraerían eses áridos, como acaba de dicir o señor Moreira. Pode parecer unha pista asfaltada, pero non. Isto é o que queda cando baixa a marea, e o que hai ao lado son barcos, evidentemente, non son coches. A ría é así, isto é o que queda cando a marea baixa; é dicir, está a punto de cegar, e é insostible dende hai un montón de tempo, non é algo novo, dende hai anos. Na confluencia do río coa ría —se a cousa segue así— chegará un momento en que haberá un lago, porque o río deixará de ser río, e a ría evolucionará cara a fóra, evidentemente.

Claro, será unha maneira, ao mellor, de deixar de falar da ría de Pontevedra e dos problemas medioambientais que ten a ría, e a ría de Arousa tamén. A Unión Europea sábeo, e, de feito, sanciónanos sobre todo por estas dúas rías.

Xa polos anos 2006 e 2007 solicitaba Pontevedra a Portos un proxecto para a dragaxe e para a rexeneración do fondo da ría. Son máis ou menos 5 quilómetros, que van entre a ponte do Burgo e o dique de Praceres. Máis dunha década despois, este grupo parlamentario segue a entender que a dragaxe do río, do fondo da boca da ría e do fondo do río, é necesaria e prioritaria. Os efectos son prexudiciais para os bancos marisqueiros, para o medio ambiente, para os deportes náuticos; só fai falta ver como non poden chegar ou como non poden saír de aí os barcos.

Nós somos conscientes, evidentemente, das dificultades que supón unha dragaxe, non só na ría de Pontevedra, en todas as rías e en todos os ríos tamén. Acaba de pasar, pasou o ano pasado na Guarda na desembocadura do río Miño. Pero o que é inadmisibile é, mentres os lodos e os áridos se van depositando, pechar os ollos, mirar cara outro lado, e xa se irá arraxando de maneira natural —esas foron as explicacións iniciais de Portos de Galicia—, o cal non é certo. Se o río e a ría non sufrisen ningún tipo de impacto humano, pois si, efectivamente, o río e a ría traballarían eles sos de forma natural, pero é que o impacto humano existe e, entón, non se pode obviar que vai seguir existindo ese impacto humano.

Unha década de inoperancia por parte do Goberno da Xunta á que xa nos ten acostumados, porque medioambientalmente a inoperancia vén tamén nesta última década. Nin sequera



foron capaces de facer un proxecto. O único que hai en Portos de Galicia é un anteprojecto, non hai un proxecto, de momento. E no grupo parlamentario sabémolo ben porque pedimos copia, fomos velo e, efectivamente, non nos puideron ensinar o proxecto porque non existe. Hai un anteprojecto que case ten unha década tamén, e iso que Portos de Galicia chegou a poñer enriba da mesa unha futura estación marítima cun proxecto xusto aí para pivotar un transporte de pasaxeiros na ría de Pontevedra. Sería de cara a fóra, a partir deses lodos para alá, porque, dende logo, o río non podería pasar porque é absolutamente imposible. É máis, incluso algún candidato á alcaldía de Pontevedra chegou a falar tamén de montar aí non sei que cuestión portuaria, ¡todo quedou en propaganda electoral!

Dez anos despois, a Consellería do Mar e Portos de Galicia buscan un novo lugar para vertidos. O vertido ía na illa de Tambo, que era o inicial do anteprojecto; e agora van buscar algo que está no Parque Nacional das Illas Atlánticas, na contorna do Parque Nacional das Illas Atlánticas, zona ZEPA, como acaba de dicir ben o señor Moreira, que non debe de importar demasiado porque, total, ¡que máis dá! As zonas ZEPA son espazos protexidos pero non importa, dá igual. Parece ser que esa Lei de patrimonio natural que vai continuar a tramitación nesta Cámara non vai ter en conta as zonas ZEPA, porque como total xa está cheo de vertidos, ¡que máis nos dá seguir acumulando vertidos alí! Haberá que ver se é compatible con ser zona ZEPA, precisamente. Algo terá que dicir a Consellería do Medio Ambiente.

Ademais, é que nesa zona da ría de Arousa xa hai, efectivamente, unha montaña de sedimentos, e engadir máis sedimentos, aínda que se diga que non son contaminantes... Pero cando unha ve o anteprojecto ve que, efectivamente, hai un informe que se lle encargou a unha empresa externa á Xunta de Galicia que di que hai sedimentos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—vou rematando— que superan nalgúns casos os límites permitidos en metais pesados. Entón, si que, efectivamente, son contaminantes, só fai falta lelo. É ir a Portos de Galicia... Ao mellor, señor Moreira, vostede ten máis sorte que nós, que o tivemos que pedir varias veces, en varias ocasións, e tardaron meses en ensinárnolo, pero ao mellor vostede vai mañá e xa llo ensinan.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Curiosamente —remato xa—, non se poden utilizar as instalacións públicas da antiga Sogarisa, por exemplo, para levar eses lodos, que non impactarían en ningunha das rías. Por certo,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...en vez de dar cartos a unha empresa privada, o que foi Sogarisa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.



A señora VILÁN LORENZO: ...faría o seu traballo. Nós imos votar a favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Agora si, polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

O Partido Popular dinos que esteamos tranquilos. Nas cuestións ambientais, transmítenos tranquilidade. Vostedes non teñen ningún tipo de lexitimidade para transmitir tranquilidade nas cuestións ambientais. Vostedes, hai sete anos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Déixanme falar? ¿Quere falar alguén? Vostedes, hai sete anos, dicían que o cambio climático era unha chuminada. Pero ¿que veñen vostedes a transmitir tranquilidade? Por suposto que non estamos tranquilos diante das súas decisións con respecto ao medio. Evidentemente, non estamos tranquilos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non sei se quere falar alguén máis, señor presidente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

O señor CAL OGANDO: Evidentemente, non estamos tranquilos, e moito menos cando é o Partido Popular o que pretende transmitir tranquilidade nas cuestións ambientais, porque así chegamos ata onde chegamos, así estamos na crise ambiental na que estamos, así estamos na crise climática na que estamos, porque vostedes levan moitos anos dicindo que non pasa absolutamente nada. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. Silencio.

Continúe, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: É que non sei, non sei que é o que estou dicindo que non sexa real. Vostedes negaban o cambio climático hai sete anos.

Con respecto á emenda do BNG, imos aceptala, evidentemente. Na miña intervención xa manifestei o que opinabamos a este respecto, que entendemos que ese punto de vertidos debe de rematar. Polo tanto, parécenos moi ben incorporala e tamén facer un estudo sobre as toneladas que se levan depositado en Sálvora e as súas obxeccións na Ría de Arousa, que o voceiro popular tamén di que non hai ningún problema, que non pasa nada pero, evidentemente, nós queremos estudos que digan o tipo de afectacións que teñen que ter.

Con respecto á emenda do Partido Popular, estudaremos a posibilidade de transaccionala, se isto pode servir para que esta ameaza deixe de existir. Pero, evidentemente, non imos mudar a nosa posición clara, que di na iniciativa que se busca unha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos, de tal forma que se garanta que estes non afectarán



a ningunha das rías, e, nomeadamente, a ría de Arousa. Evidentemente, dentro dos marcos legais.

E con respecto á tranquilidade que pretende vostede transmitir con respecto aos lodos de Pontevedra, temos que recordarlle que durante anos Ence-Elnosa estivo vertendo mercurio e chumbo e estiveron condenados por delito medioambiental continuado. Ou sexa, creo tam-pouco nos debemos relaxar demasiado. E tamén sabemos como vén funcionando durante todos estes anos a xestión das augas residuais. Ou sexa, que dicir que iso é unha area fina que parece que estamos tumbados nunha illa en Hawai..., paréceme un pouco excesivo.

Imos ser un pouco serios, ímoslle dar a importancia que ten a cuestión ambiental e as agre-sións ambientais porque, se non, non temos futuro, e coa súa actitude, evidentemente, non hai futuro.

Máis nada pola nosa banda. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento e aplicación polo Go-berno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discrimi-nación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Gonzalo Trenor López, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Elaborar e publicar no menor prazo de tempo posíbel mais en todo caso antes de que remate a presente lexislatura, un estudo no que se visibilizase a situación socio laboral das persoas LGTBI e as medidas a adoptar para loitar contra a súa discriminación en empresas públicas e privadas así como promover a ocupación daqueles colectivos con maior taxa de exclusión.

2.- Integrar nos sucesivos plans de formación do persoal dos CIM formación específica para dar un óptimo cumprimento ás competencias en materia de atención ás persoas LGTBI, que o Decreto



130/2016 lles permite exercer, contribuíndo así ao mantemento dunha rede profesionalizada e de ampla cobertura para a atención das persoas LGTBI en todo o territorio galego.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Antes de nada, tamén queríamos comezar desde o BNG saudando as persoas que nos acompañan na tribuna de convidadas, integrantes todas elas do colectivo LGTB galego, ás que agradecemos que viñesen porque sei que non é o mellor horario e que ademais tivemos cambios. Así que moitísimas grazas porque esteades hoxe aquí.

Miren, Richard Segalman era un recoñecido pintor neoiorkino que foi testemuña directa da revoltas de Stonewall, que deron orixe, como saben, ao día do orgullo. El dicía, falando daquelas revoltas: «Hoxe é difícil explicar que nesa época ser *gay* era desprezábel. Se eras negro, parecía que a sociedade enteira estaba na túa contra, mais se eras *gay*, a sociedade enteira, e ata a túa propia familia, estaba na túa contra. Ninguén quedaba no armario por gusto, simplemente ninguén podía vivir fóra del.»

Facemos esta reflexión inicial desde o BNG porque cremos que é importante ter memoria colectiva para non esquecer que os dereitos non se regalan, para lembrar que a historia non é unha señora que vai agasallando dereitos como se fosen os Reis Magos. Os dereitos conquístanse, e, sobre todo, exércense, e hai que ilos arrincando cada día a base de moito esforzo, moita loita, moita constancia, (*Aplausos.*) pero, sobre todo, moita organización, ¡moita organización!

Esta iniciativa que defendemos hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego e que lles transmitimos xa antes de rexistrar aos colectivos LGTB do noso país, que presentamos e defendemos ás portas do aniversario das revoltas de Stonewall responde a un duplo obxectivo. O primeiro é aguilloar o propio Goberno da Xunta de Galiza, estimulalo no traballo —guialo, quero dicir, por se non se entende—, diante da falta absoluta de impulso e de vontade política do Partido Popular, que non está a aplicar nin desenvolver na súa totalidade a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

En segundo lugar, traemos esta iniciativa para avivar o debate sobre a necesidade de seguir avanzando unha sociedade democrática e xusta para o conxunto da poboación, e facémolo fronte a discursos homófobos e tránsfobos que non só perviven, senón que están a gañar poder político da man do Partido Popular. Falamos claramente dos pactos que o PP asina coa ultradereita e sobre os que piden discreción. Pasaron vostedes de votar contra a lei de matrimonio igualitario, de recorrer xudicialmente os dereitos civís do colectivo LGBT, a empurrar para saír na foto do día do orgullo, e agora gobernan con quen defende que a homosexualidade é unha enfermidade. (*Aplausos.*) ¡Vaia viaxe para volver quizais ao mesmo punto, se é que algunha vez saíran del!



É gravísimo, gravísimo, amparar e branquear discursos homófobos e tránsfobos que atentan contra os dereitos humanos e afastan o noso país dos alicerces sobre os que debe asentarse unha sociedade democrática. *(Aplausos.)*

Galiza, as galegas e os galegos e o movemento LGBT deste país conseguiu que fósamos vanguarda cando este Parlamento aprobou no 2014 a lei que hoxe traemos a debate. Galiza foi o primeiro territorio do Estado español en facelo.

Ese texto naceu con carencias, non inclúe, por exemplo, sancións, pero cinco anos despois temos nesta lei unha boa mostra de que, cando todo o mundo se move e a Xunta queda quieta, Galiza vai quedando atrás.

En xullo de 2017, lembrárono, o colectivo LGBT promoveu unha lei galega de identidade de xénero para cubrir o baleiro que a lei de 2014 deixara, e vetaron a súa tramitación. Dixeron non a recoñecer o dereito ás persoas trans, dixeron non a deixar de considerar a transexualidade unha enfermidade para recoñecer que non sempre a identidade de xénero se corresponde co sexo asignado ao nacer.

Desde o BNG asumimos o compromiso —dixémolo tamén aquel día— de seguir loitando por unha lei galega de identidade de xénero, pero, entre tanto, o mínimo é exixir que se cumpra o marco normativo actual e que a Xunta de Galiza desenvolva a lei de 2014. Aí é onde centramos a iniciativa que hoxe traemos a pleno, e poñemos o foco en tres ámbitos fundamentais que non se están a desenvolver: o laboral, o sanitario e o social.

Hai cinco anos que a Xunta de Galiza debería ter impulsado un estudo que permita coñecer cal é a realidade social e laboral das persoas LGBT e que medidas deben impulsarse para loitar contra a súa discriminación en empresas, tanto públicas como privadas, artigo 12.3.

Os inquéritos elaborados no marco da Unión Europea, que é nos que temos que movernos, o Eurobarómetro de 2015, amosan que a nivel social, e dentro do propio colectivo, existe conciencia de que o espazo laboral continúa a ser en ocasións un espazo hostil para as persoas lesbianas, *gays*, bisexuais ou transexuais, de forma moi especial para as persoas trans. Isto devólvenos á reflexión que eu dicía ao comezo, a de Segalman: a existencia dunha discriminación estrutural provoca medo a saír do armario. O temor a ser rexeitadas leva a moitas persoas a non vivir con normalidade e naturalidade a súa orientación sexual. Pero esa discriminación é maior e máis violenta cando falamos das persoas trans, cando falamos de identidade de xénero. Estudos europeos sitúan a taxa de desemprego entre as persoas trans no 85 %. ¿Que é o que está a acontecer no noso país? Non o sabemos.

A lei tamén recolle e incorpora medidas de prevención e a favor da visibilidade do colectivo, artigo 17. Isto, neste país, había. Isto, neste país, había desde o ano 2007. O que propomos hoxe é recuperar o proxecto orixinal co que naceu a rede de centros Quérote, un servizo centrado na atención, na formación, na información e no acompañamento en materia de sexualidade, especialmente á mocidade. Propomos recuperar o proxecto orixinal co que o creou o Bloque Nacionalista Galego cando estivo na Dirección Xeral de Xuventude.



Estes centros foron practicamente desmantelados polo Partido Popular, e as súas funcións de asesoramento foron derivadas, a partir do ano 2016, aos centros de información ás mulleres. Alén de insensato, porque os perfís profesionais son absolutamente distintos, temos profesionais en materia de sexoloxía na rede de centros Quérote e avogadas e psicólogas nos CIM, supón unha sobrecarga de traballo para o persoal, que nin sequera ten a información necesaria para asumir as tarefas que se lles encomendaron.

Propomos recuperar o proxecto inicial, dotalo de recursos económicos e humanos, e, sobre todo, que desenvolvan unha programación estable que preste atención ao colectivo, que desenvolva medidas de prevención e de visibilidade, como fixa a lei de 2014.

Hai moitas persoas que teñen dúbidas, que teñen temores, que non atopan nin sequera un espazo seguro nas súas casas e que precisan o apoio e o acompañamento da man de profesionais cos recursos necesarios para facelo.

Pero tamén o conxunto da sociedade precisa ou precisamos rachar cos prexuízos e estereotipos, que son a base sobre a que se sostén a día de hoxe a discriminación das persoas pola súa orientación sexual ou identidade de xénero.

E, finalmente, traemos tamén nesta iniciativa medidas pensadas para o ámbito sanitario, especialmente no referido ás persoas transexuais.

Desde o BNG seguimos defendendo que este Parlamento debe tramitar a Lei galega de identidade de xénero, pero mentres iso non acontece, e acontecerá, acontecerá, estamos absolutamente convencidas e traballaremos para que así sexa, entre tanto esa lei non sae adiante, o mínimo será que garantamos unha atención sanitaria integral, baseada no dereito de autodeterminación de xénero, baseada no respecto escrupuloso á autonomía das persoas, pero que sexa tamén con carácter integral e inclusiva. Precisamos desenvolver esa Instrución 13/2017, de atención sanitaria ás persoas transexuais, que contemple menores e persoas adultas, pero, sobre todo —insisto moito nisto—, que se basee en criterios que permitan rachar coa discriminación ou, se mo permiten, coa lotería. A lotería de que dependas da persoa que che toque no teu centro de saúde, da sensibilidade que teña esa persoa; que desenvolvamos un modelo de atención no sistema público baseado no respecto dos dereitos fundamentais, na autonomía, cunha visión inclusiva, integral, e, sobre todo, non patoloxizante.

Remato, presidente. Hoxe pedimos desde o BNG o apoio de toda a Cámara para seguir avanzando nunha sociedade xusta e democrática, que garanta os dereitos fundamentais do conxunto da poboación, sexa cal sexa a nosa identidade de xénero ou orientación sexual, porque só seremos persoas e cidadás libres cando todas e cada unha de nós o sexamos, independentemente de que as cadeas que nos opriman a cada unha de nós sexan diferentes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.



O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Bos días tamén ás persoas que veñen representando os colectivos, e felicitalos por estas datas.

Mire, no 2014 este parlamento foi pioneiro ao aprobar por unanimidade a Lei 2/2014, pola igualdade de trato e non discriminación das lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Fomos a primeira comunidade en facer un desenvolvemento do principio de igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero.

Esta lei é unha lei necesaria, foi unha lei garantista, integral, transversal, foi unha lei ampla e tamén unha lei moi ambiciosa. E isto foi grazas ao gran traballo das súas ponentes, dúas compañeiras que están hoxe aquí, Marta Rodríguez-Vispo e Eva Solla, e dúas cármenes que xa non están hoxe no Parlamento, Carme Adán e Carmen Gallego, que foron quen de entenderse e de traer a este pleno un texto co que todos podíamos sentirnos representados. Foi un texto extremadamente produtivo en canto ás actuacións que xurdiron a razón da súa aprobación.

A raíz desa lei, temos protocolos educativos que garanten a igualdade e a non discriminación nos centros educativos. Modificáronse os plans e contidos educativos, incluíndo os criterios que lles marcou precisamente a lei. Fixéronse campañas de sensibilización e concienciación, houbo convenios coas entidades. Creouse unha unidade multidisciplinar para despatoloxizar a transexualidade e garantir o respecto a identidade de xénero, e, máis recentemente, constituíuse tamén o Observatorio contra a discriminación.

Fala a señora Rodil das limitacións coas que naceu o texto; eu non lle nego iso. Se hoxe o volvémonos facer, seguramente habería algunha cousa que sería diferente, pero quizais ese foi o custo de ser o primeiro parlamento en aprobar unha lei deste tipo. *(Aplausos.)*

Pero non comparto, señora Rodil, o que di das limitacións respecto da proposición inicial que trouxo o Partido Socialista á Cámara. Eu tiven oportunidade de participar na lei como poñente suplente. Fun o único home que houbo nesa lei, o resto eran tres compañeiras como poñentes suplentes e tres poñentes titulares. E créame que o texto inicial, se ben tiña moi boas intencións, non había por onde collelo dende un punto de vista xurídico. Había cuestións de competencia lexislativa que correspondían en exclusiva ao Estado; cuestións de lexislación laboral; cuestións dos corpos do seguridade do Estado; algunha cousa sobre o dereito procesual, como foi aquel debate que tivemos sobre a inversión da carga da proba. Como ben saben, nós non temos competencias no dereito procesual, non podemos dicirlles aos xuíces como temos que facer o seu proceso xudicial.

Había outros aspectos, como o réxime sancionar proposto, que afectaba unicamente —e así foi observado— ou especialmente a función pública, que xusto é o colectivo no cal o seu propio réxime sancionador xa contempla como de maior gravidade os tratamentos discriminatorios, e outras cuestións que eran un pouco raras, como, por exemplo, o de garantir aos gays o acceso aos corpos e forzas de seguridade, aos axentes medioambientais, aos gardacostas, como se houbera unha clasificación de profesións máis gays e profesións menos



gays. Por iso houbo cousas que non se incorporaron ao texto, que foron emendadas, non foron despois ao informe de ponencia e non chegaron xa á votación do pleno.

Logo houbo moitísimas outras eivas que se corrixiron, como, por exemplo, no texto inicial non había ningunha mención á xuventude; non había xóvenes gays no texto inicial. Tampouco había ningunha referencia aos medios de comunicación, e todos sabemos a importancia que teñen os medios de comunicación para acabar coa homofobia, para acabar coa transfobia, para que non haxa discriminación.

Polo tanto, señora Rodil, hoxe vostede nos pide que profundemos na aplicación da lei e nós dicímoslle que, por suposto, que si. É a nosa lei, é a lei de todos os galegos, e especialmente é a lei de todos aqueles galegos que foron discriminados nalgún momento, que foron humillados ou que foron agredidos pola súa orientación ou identidade sexual. Ademais, é unha lei que ten plena vixencia e da que nos sentimos tremendamente orgullosos. Por iso, xa lle manifestei previamente a vontade do noso grupo de apoiar os puntos que van na liña de seguir aplicando a lei.

Sobre os puntos 3 e 4 da súa iniciativa, que se refiren sobre todo ao servizo de apoio e mediación, un servizo de asesoramento a lesbianas, gays, transexuais e bisexuais, miren, cando fixemos a lei, este foi quizais un dos puntos que máis claro tiñamos. Artigo 8 da lei LGTBI: servizo de apoio e mediación ás lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais. Apoiaírase un servizo de información, atención e asesoramento ás persoas lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais. Isto foi o que puxemos na lei: «en colaboración cos gobernos locais». E quixemos que fora na lei, precisamente, para incidir nese carácter local. Non queriamos un servizo que se prestara unicamente en Santiago, que se prestara na Coruña ou no resto das grandes cidades da nosa comunidade. Tampouco queriamos un servizo telemático. Queriamos atender as persoas lesbianas, gays, transexuais, os seus familiares de Ribadeo,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...das Pontes, do Barco, do Grove, e, se non me equivoco, hai unha rede de máis de oitenta CIM. Por iso entendemos que esa é a mellor rede para poder atender tanto as lesbianas e os gays como as súas familias.

Sobre o punto 5, entendo que podemos chegar a un acordo. A Instrución 13/2017 fíxose coa finalidade de que servira como un protocolo. Está a funcionar correctamente. Elaborouse con pais e entidades e permite atender de forma individualizada cada persoa, e sobre todo, supera enfoques patoloxizantes. Por iso entendo que podemos acadar acordos.

Supoño que para máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Xa para rematar, señor presidente, supoño que para máis de un é moi tentador ter en fronte unha maioría tránsfoba ou homófoba, non é o caso. Sigamos a



desenvolver a lei, melloramos todo o que se poida mellorar, e se esa é a súa intención, aquí ten 41 aliados, señora Rodil.

En todo caso, faga o que faga co sistema de votación da iniciativa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor, terminou o seu tempo.

O señor TRENOR LÓPEZ:grazas... (*O señor Trenor López pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Antes de nada, tamén quero agradecer e saudar os membros das entidades LGTBI que hoxe estades aquí. Grazas polo voso intenso traballo. Sen vós, ningunha das leis que saíron adiante —que é algo do que se esqueceron algúns dos voceiros que estaban aquí— houberan saído adiante e teríamos unha lexislación que nun primeiro momento foi pioneira nesta comunidade autónoma, así que grazas.

Pois ben, para ter 41 aliados e aliadas, tanto vós coma nós, a oposición, ao voceiro do Partido Popular faltoulle dicir algo que nós, dende o PSdeG, cremos que é importante. Acaba vostede de perder unha gran oportunidade, a oportunidade de reprobar o que o seu compañeiro, o alcalde de Madrid, está facendo ás portas da manifestación do orgullo gay; de reprobar unha persoa que elimina parte dos lemas (*Aplausos.*) para o orgullo —que non soamente é de Madrid, é de todos e de todas, nesta comunidade autónoma tamén e a nivel internacional— que homenaxeaban a activistas LGTBI, que dicían cousas tan *suxas*, señorías, como que os que gardan lembranzas de represión son o noso maior orgullo, que os que de verdade levantaron, levantastes, os nosos dereitos son o noso maior orgullo. Perdeu vostede a oportunidade de reprobar esas verbas porque seguen empeñados, con ese bochornoso empeño de tentar ocultar a historia democrática do noso país.

O movemento LGTBI conquistou dereitos e liberdades para todos e para todas. A súa historia merece recoñecemento, nin censuras nin armarios, e vostede tiña hoxe unha grande oportunidade para dicilo aquí e para reprobar a actitude do seu compañeiro e dos compañeiros da Comunidade de Madrid que agora mesmo están negociando cargarse —vouno dicir así— a metade das leis LGTBI desta comunidade autónoma, señor Trenor. (*Aplausos.*)

É certo que por primeira vez se lexislou en Galicia, (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) aprobouse unha lei no ano 2014 —xa se dixo aquí—, unha proposición de lei presentada polo PSdeG, defendida pola miña compañeira a señora Gallego, que supuxo un paso importantísimo na loita contra a discriminación baseada na orientación sexual e na identidade de xénero. Cinco



anos despois, o Goberno galego incumpre máis do 70 % deste texto; un texto que a pesar dese consenso que levou moitísimo traballo, e polo que nós no seu momento parabenizamos a todos os voceiros e voceiras, para vostedes soamente serviu para posturar, señorías do Partido Popular, porque a pesar dese lavado de cara pretendían ocultar e ser menos dereita, menos homófoba e menos retrógrada. Pero viuse que, realmente, vostedes seguen sendo os mesmos de sempre, os mesmos que diante do Tribunal Constitucional intentaron arrebatarlles ás persoas un dereito con esa modificación do Código civil; os mesmos que foron ao Tribunal Constitucional hai 14 anos para intentar eliminar ese dereito ao matrimonio entre persoas do mesmo sexo, que nos converteu no cuarto país do mundo que legalizaba estas unións; son os mesmos que tamén aquí, en Galicia, cando os panfletos de Hazte oír chegaron aos nosos centros educativos, negáronse, a pesar de que o solicitou o PSdeG, a retiralos dos centros escolares; os mesmos que hai dous anos impediron (*Aplausos.*) nesta cámara a tramitación dunha lei de identidade de xénero; os mesmos que votaron o mesmo que lles indicou nas primarias Hazte oír, que votaran ao señor Casado; os mesmos que seguen desprezando; os mesmos que se collen do ganchete dunha organización política homófoba que restrinxen os dereitos e as liberdades dun sector desta poboación, co cal poden vir aquí con verbas bonitas, poden vir aquí aparentar o que non son, a dicir que defenden os dereitos e as liberdades de todas estas persoas, pero cada vez que teñen que comprometerse con algo, o certo é que fan todo o contrario.

Nada máis e moitas grazas, presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Primeiro saudar tamén e agradecerlles todo o esforzo que fan os colectivos LGTBI no noso país.

A verdade é que temos que comezar lamentando que teñamos que estar debatendo esta iniciativa, porque ogallá non tiveramos que estar exixindo algo tan básico como que se cumpra e se respecte a lei, algo tan básico coma iso, porque, a pesar de todas as alabanzas que deu aquí o Partido Popular, levan cinco anos sen cumprir coas súas obrigas, coas obrigas máis mínimas, están incumprindo sistematicamente moitos artigos da lexislación actual. Entón, en vez de facer discursos alabando esa lexislación, eu pediríalles que fixesen un mínimo esforzo por cumprir iso que aprobaron xa no ano 2014, a pesar de que a baleiraron de contido; porque tamén hai que dicilo: esa lei non é suficiente, en parte, polo Partido Popular.

Entón, tamén está ben que teñamos memoria, e moitas das cousas que dixó aquí, nesta tribuna, a nós parécennos un insulto. Que fale de protocolos que non se cumpren e que fale de protocolos que non se están socializando e que moita xente nin coñece é un insulto; que fale dunha unidade que en absoluto axuda a que se remate coa patoloxización é un insulto, a verdade. Que veña aquí dicir que todo está ben e que todo se está facendo dende a Xunta de Galicia é un insulto, cando votaron en contra da lei de identidade de xénero.



Estamos falando de vidas, estamos falando de liberdade e estamos falando dos dereitos máis básicos: do dereito a ser, do dereito a poder vivir a sexualidade como nos dea a gana, sen ningún tipo de intromisión e sen ningún tipo de tutela, e a vivir tamén unha vida sen violencia e sen discriminacións. Porque a realidade, por desgraza, é que continúan os prexuízos, continúan os estereotipos, continúa o acoso, continúa a violencia, continúan as agresións, continúan os insultos e continúan tamén os suicidios, que son mortes, son asasinatos, porque os suicidios son, en gran parte, porque o sistema non está sabendo dar resposta aos dereitos máis básicos destas persoas.

Como dicía, rexeitaron unha lei de identidade de xénero que os colectivos traballaron, que é a súa lei; non é a lei de ningún partido político, é a lei dos colectivos LGTBI —se se levase adiante—, igual que o foi, en parte, a do 2014. Non tiveron nin a decencia de admitila a trámite; podían modificala, que seguramente sería peor, porque xa vimos o que pasou coa do 2014: aprobárona, baleirárona de contido e non a cumpren en absoluto, pero nin sequera tiveron a decencia. Despois de todo o traballo e despois de todos os apoios que conseguiron, porque socialmente había un respaldo maioritario, negáronse a aprobar esta lexislación, que é urxente, porque xa se falou: no mercado laboral, paro e exclusión con taxas altísimas; e no ámbito sanitario a cousa é moito peor, con longos camiños polas institucións sanitarias aguantando a tutela continua e aguantando preguntas totalmente innecesarias, como se xogar cunha cousa ou xogar con outra determinase o que es, ou como se os xenitais determinasen tamén o que es, e iso está pasando.

Os estudos fálannos de que ao redor da metade das persoas do colectivo rexeitaron e cancelaron citas médicas por medo a como ía ser a atención, por medo ao cuestionamento constante. Iso víveno as familias e as persoas, o medo constante a chegar e a ver —como dicía a voceira do Bloque Nacionalista Galego— se temos sorte, a ver se do outro lado hai alguén con sensibilidade. Existen, por suposto, moitos profesionais que a teñen, pero iso non pode ser. Non pode ser que ás veces si e que ás veces non; o que ten que haber é lexislación que garanta dereitos. Iso é o que está pasando, tamén, grazas a vostedes.

Tamén é unha decisión discrecional que as persoas se poidan ver recoñecidas no documento identificador. Imaxinen durante cinco minutos que significaría ir a un avión ou ir ao supermercado e que no teu documento identificador non te vises representado, que cando te chamen non te sentises tampouco nomeado; iso está pasando.

Por iso, nós, por suposto, imos apoiar esta iniciativa, que nos parece básica, de mínimos. Non hai ningunha razón para que veten unha iniciativa que pide que cumpran a lexislación na maioría dos seus puntos.

Que veñan aquí falar dos CIM cun suposto discurso de realidade territorial, cando acaban de facer unha unidade única en Santiago de Compostela e pretenden que toda a xente de toda Galicia se desprace a Santiago de Compostela... Polo menos non teñan a cara de, agora, utilizar o argumento dos CIM, da realidade territorial. Desmantelaron os centros Quérote, que eran centros específicos, recursos que funcionaban correctamente e que non teñen nada que ver. Agora, pretender que os CIM sirvan para todo, pois, a verdade, non é a solución.



Sobre todo eu quero remarcar que os discursos non valen; pode o Partido Popular vir aquí falar de que entende e de que defende, pero o que valen son os feitos. Todos os vetos á lexislación específica, o que fixeron no Concello de Madrid e os seus socios de goberno, que están avalando asociacións como Hazte Oír, están demostrando día tras día que, a pesar de que teñen un novo rostro e de que teñen un discurso diferente, en realidade seguen ancorados no mesmo pasado.

Por iso, eu pediría que deixasen de ser cínicos e que de verdade empezasen a defender a diversidade, que para nós, dende logo, é o maior orgullo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, grazas presidente.

Antes de máis, quero agradecer o apoio tanto do Partido Socialista como de En Marea.

Dicía a señora Quinteiro que non había motivos para non chegar a un acordo. Hainos, hainos; teñen o seus, porque no fondo hai dúas concepcións das cousas completamente diferentes.

Eu creo que é xusto tamén ser transparentes, porque o señor Trenor e mais eu levamos toda a mañá falando e intentando chegar a un acordo e alcanzar un consenso. Pero o que nos pide o Partido Popular ao BNG é que renunciemos a unha parte fundamental e moi importante da nosa iniciativa, e non o imos facer, non imos reducir.

Porque o que se pretendía é que nunha parte do punto no que podíamos estar de acordo —son os dous primeiros puntos da nosa iniciativa— renunciemos á capacidade de impulso que ten o noso grupo para converternos case en meros apuntadores, en lembradoras á Xunta de Galiza de que ten que cumprir o que xa aparece recollido na lei. Insisto: os dous primeiros puntos da iniciativa do Bloque son os artigos 12.3 e 12.7 da lei que se aprobou aquí hai cinco anos. Se durante estes cinco anos non se fixo é porque non houbo vontade de facelo, e nós o que non imos facer é actuar —insisto— a modo de apuntadoras. Nese sentido, non imos aceptar a emenda e tampouco —xa o avanzo— a votación por puntos, e explicarei por que tamén.

Ademais desa cuestión previa —que xa dicía agora— de que non se cumprira o que pon a lei desde hai cinco anos, o que demostra que non é unha prioridade para o Partido Popular e a Xunta de Galiza cumprir a lexislación que está en vigor no noso país, todo o que fomos avanzando neste país ao longo destes cinco anos, se facemos un pouco de memoria —e por iso dicía eu que era necesario ter memoria colectiva—, foi polo empurre do movemento e do colectivo LGBT, ¡todo!

Lembren cando se anuncia a creación desa unidade, coa que nós non estamos de acordo, e cónstame que unha parte fundamental do colectivo LGBT tampouco, porque non se consensuou absolutamente con ninguén; anúnciase esa unidade de referencia no CHUS para saír ao paso da lei galega de identidade de xénero que a oposición trouxeramos da man do co-



lectivo aquí, a esta cámara, para intentar salvarse. Para intentar salvar a cara de votar que non á tramitación desa lei anunciaron unha unidade —insisto— que non responde aos intereses e ás demandas do propio colectivo, que o que reclama é, sobre todo, servizos de proximidade e unha atención baseada no dereito de autodeterminación de xénero, cunha perspectiva integral e inclusiva.

Para iso é unha parte fundamental da nosa iniciativa, que é garantir esa atención integral no conxunto dos centros de saúde e dos hospitais do noso país e unificar criterios de atención, sempre con esa perspectiva de acompañamento e non patoloxizante.

Simplemente para rematar, porque é tamén a lectura que eu saco de todas as conversas que tivemos e desta iniciativa, eu recoméndolles algo: o primeiro é que escoiten, pero con capacidade de querer entender o que se lles está dicindo por parte dos colectivos, que escoiten as súas demandas e que escoiten as súas necesidades; e o segundo é que lean, porque se está facendo moito noutros territorios do Estado español. Eu recoméndolles —sen que tampouco se asuma como aplicable aquí, ao caso galego— que se valore o que se está facendo e o inxente traballo que levan desenvolvido, por exemplo, en Cataluña para aprobar un modelo de atención á saúde das persoas trans baseándose neses principios nos que nós tamén inspiramos a nosa iniciativa.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Seguiremos traéndoa unha e mil veces, todas as que fagan falta, porque non imos deixar de pelexar por isto.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas por favor.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Jaime Castiñeira. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e hai unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. ¿Coiñécena ou léoa? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Léoa, di:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a aumentar, en colaboración con todos os concellos de Galicia, o parque público de vivenda en alugueiro social facendo uso de todas as liñas de axudas ao investimento destinadas a vivenda de promoción pública, tanto para nova creación como para rehabilitación de vivenda de titularidade municipal, así como a posta á disposición de vivendas por parte de particulares a través dos programas pertinentes».



Votamos esta transacción.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (O señor Castiñeira Broz pide a palabra.)

¿Si, señor Castiñeira? Hai que parar a votación.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Só para aclarar que esa transacción é de engádega á proposta inicial. Hai a proposta inicial e, a maiores, a engádega dese parágrafo.

O señor PRESIDENTE: Pois está ben que mo diga, claro. Entón esta é de engádega. É que aquí pon parte resolutive.

Pois votamos, tal e como explicou o señor Castiñeira, con esta engádega.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, sobre o fomento por parte da Xunta de Galicia, en colaboración coa Fegamp, da constitución de parques públicos de vivenda en alugueiro social nos concellos de menos de vinte mil habitantes, co emprego simultáneo das liñas de axuda destinadas á rehabilitación de vivendas de titularidade municipal.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 59; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da Proposición de lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios, presentada no Congreso dos Deputados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada. Estaba pendente unha transacción.



O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, temos unha transacción coas emendas do BNG e estamos á espera, pero creo que non hai transacción coas emendas do Partido Popular. Leo o texto que quedaría desta iniciativa:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, unha proposta para a implantación dos servizos de escolas infantís públicas», que é onde estaría a cuestión, «cun número suficiente de prazas que cubra a demanda existente para o persoal que presta servizos na Administración autonómica en Santiago de Compostela, singularmente nos complexos administrativos de San Caetano e de San Lázaro, así como para aqueles centros de traballo propios máis importantes, como son os da Coruña, Ferrol, Lugo e Ourense».

Este sería o texto transaccionado.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Votamos esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e sete deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia, coa participación das organizacións sindicais máis representativas, dunha proposta para a implantación de servizos de escolas infantís para o persoal funcionario da Administración autonómica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Julia Torregrosa. Hai unhas emendas que foron aceptadas, en concreto a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e a do Socialista, e non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O señor Moreira Ferro pide a palabra.)

Si, señor Moreira, ¿para que quere a palabra?

(O señor Moreira Ferro: Para pedir a votación por puntos.)

Grazas. ¿Acepta vostede a votación por puntos?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: A ver, primeiro quero dicir que que admitamos a emenda do PSdeG e do BNG non fai falta porque, de feito, xa presentamos nós unha autoemenda dos puntos 1 e 2. Entón, o punto 3 do BNG sería unha emenda de engádega. E non aceptamos a votación por puntos.



O señor PRESIDENTE: ¿Non a acepta?

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Non. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Ben, pois entón votamos esa transacción da que falou agora ela.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos títulos expedidos pola Escola de Canteiros de Poio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Luisa Pierres. Non hai emendas.

(A señora Pierres López pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra?

A señora PIERRES LÓPEZ: Chegouse a unha transacción, o que pasa é que non lle foi achegada.

O señor PRESIDENTE: Pero non hai emenda. ¿Como foi?

A señora PIERRES LÓPEZ: *In voce.* (*O señor Castiñeira Broz: Hai unha emenda in voce.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Pero iso cando o falaron, despois? (*Risos.*) Pero é que isto... ¡claro!

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, o señor Castiñeira propúxoo no debate e aceptámolo. (*O señor Calvo Pouso pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Pódeno facer. A ver, ata onde eu sei, se están de acordo todos os grupos, pódese facer. Pero eu só lles escoitei a vostedes a intención de facela. Claro, se non nos avisan de que chegaron a ela... (*Murmurios.*)

A señora PIERRES LÓPEZ: Eu avísollo agora.

O señor PRESIDENTE: Entón, en concreto, ¿que é o que imos votar? Se chegaron a un acordo e están todos de acordo, ¿cal é a emenda en cuestión?



A señora PIERRES LÓPEZ: Eu léolla.

O señor PRESIDENTE: Pois léaa, por favor. Así acabamos antes.

A señora PIERRES LÓPEZ: Aí vai:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se dirixa, a través da Fegamp, a todos os concellos de Galicia co fin de facilitar, a través dos mecanismos que estimen oportunos, a aplicación efectiva do contido dos artigos 24.7.a e 39.c da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente ás propostas que se xustifiquen pola súa calidade arquitectónica en canto ao cumprimento das condicións de edificación».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos, polo tanto, esta transacción que se acaba de ler.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e dous deputados/as máis, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun procedemento para a valoración da calidade arquitectónica das edificacións afectadas polos artigos 24 e 39 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, que queiran obter a excepcionalidade do cumprimento das condicións especiais xenéricas que lles son aplicables.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; abstencións, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos pregos de condicións para a concesión do servizo público de transporte regular de viaxeiros por estrada e a elaboración dun novo plan de transporte público por estrada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.



O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, do señor Cal. Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e hai pendente unha transacción. Se nola le...

O señor CAL OGANDO: Si, en vez de facer unha transacción, aceptamos directamente a emenda de substitución do Partido Popular, que incorpora a frase concreta e xa queda igual.

O señor PRESIDENTE: Vale.

Votamos, polo tanto, esta transacción.

(O señor Moreira Ferro pide a palabra.)

Si, señor Moreira, ¿para que quere a palabra?

O señor MOREIRA FERRO: Para pedir a votación por puntos, entón.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta vostede a votación por puntos? *(O señor Cal Ogando: Si.)* ¿O punto 2 por separado?

O señor MOREIRA FERRO: O punto 1.

O señor PRESIDENTE: Votamos entón o punto 1 desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 do texto transaccionado desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos o resto dos puntos.

Votación do texto transaccionado, agás o punto 1, da Proposición non de lei, do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Flora María Miranda Pena e dous deputados/as máis, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.



O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto, agás o punto 1.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil. Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O señor Trenor López pide a palabra.)

¿Para que quere a palabra, señor Trenor? Déanlle voz ao escano do señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Como coincidimos no máis importante da iniciativa, quería volver solicitar a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE: Manifestou xa que non aceptaba a votación por puntos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento e aplicación polo Goberno galego, de xeito real e efectivo, da Lei 2/2014, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e dez minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Continuamos a sesión co punto 5 da orde do día, interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Boa tarde.



Plantexamos, señor conselleiro, un debate —se me permite— a partir dunha situación non explicitamente ou non necesariamente concreta ou real, pero unha situación que se pode dar e que se dá habitualmente: unha muller de trinta e tantos anos —os que sexan— embarazada que decide interromper voluntariamente o seu embarazo.

Podemos cometer dous erros: o primeiro é xulgalá, que é un erro habitual, estrañamente habitual. Non se trata xa unicamente de debater sobre a cuestión legal e a lexitimidade, senón dun xuízo moral sobre xa non o seu dereito, senón incluso a súa condición, sobre se debe ou non debe, como é a súa moral ou en que se fundamentan as súas decisións; como se alguén tivese a oportunidade de dicirlle a unha muller... Fíxese, a alguén poderíasele ocorrer a estupidez de dicir que hai que explicarlle a unha muller o que leva dentro; estas cousas que se poden facer, xulgar a unha muller. Mire: «A maternidade libre fai as mulleres auténticamente mulleres», que dixo un ministro do Partido Popular. Este é o primeiro erro. Podería un dicir que o aborto é facer como facían os neandertais, que cortaban a cabeza aos recentemente nacidos, e algunhas estupideces maiores. Ese é o primeiro erro, cométese este erro. ¿Por que? Porque aínda existe a conciencia de que se pode xulgar unha persoa por unha cuestión sobre a que, probablemente, ninguén saiba con certeza que é o que ocorre nunha situación específica; por tanto, non temos a capacidade moral de xulgar esas situacións.

Ese é o primeiro erro, ¿e por que se dá? Pois mire: dáse porque, a pesar de que esa posición de xulgar unha muller en todas as súas facetas vitais por unha decisión como esa existe nunha parte relativamente pequena —probablemente pequena, sempre preocupante, pero probablemente pequena— da poboación, que considera que iso é moi digno —xulgalas—, hai outra parte non pequena que lle dá voz e que lle dá altavoz, e outra parte que fai campañas electorais dicindo que as mulleres teñen que ser auténticamente mulleres ou —xa sabe— que hai que explicar o que levan dentro. Iso é un erro que leva moitas persoas a considerar que poden xulgar esa decisión. Dende ese punto de vista —probablemente non o imos compartir—, a nós gustaríanos saber se vostedes, dende o Goberno da Xunta, comparten ou non comparten que se deba xulgar unha muller e a súa decisión. Esa é a primeira cuestión.

A segunda cuestión, o segundo erro: dificultarlle un dereito. Porque, señor conselleiro, a interrupción voluntaria do embarazo, absolutamente desagradable como situación persoal, é un dereito, e isto parece ser discutido, porque si que foi discutido. O señor Gallardón dicía que non era un dereito, e aínda non escoitamos moi ben se o Partido Popular actual, no que entendo que o Goberno da Xunta aínda se integra, considera que é un dereito ou non. Dende o Grupo Socialista si o consideramos, e cóstanos que practicamente a maior parte de forzas políticas deste país tamén e que unha inmensa maioría da sociedade tamén. A partir de aí, gustaríanos saber se, considerando que é un dereito, por tanto, vostedes recoñecen que hai que cumprir a lei.

Porque sexamos claros: en Galicia incúmprese o dereito da muller a unha interrupción voluntaria do embarazo tal e como está recoñecido na lei; incúmprese a lei, sistematicamente ademais. Esas tensións políticas que se provocan para atraer ou para intentar que non marche certo tipo de voto, porque é unha cuestión electoral —fíxese: poñer en dúbida a moralidade dunha muller por intención electoral—, son preocupantes e levan a incumplir as leis, que é o que ocorre, e en Galicia ocorre.



Recollemos o caso co que iniciabamos, poñémoslle algo máis de especificidade e seguro que o recoñecerá. Esa muller ten a decisión de interromper voluntariamente o embarazo, poñamos que por unha decisión clínica, por unha desas situacións nas que tecnicamente é recomendable e, ademais, é entendible. A partir de aí, esa muller podería reclamar e reivindicar, como é natural, o seu dereito a facelo. ¿Que pasa en Galicia entón? Que se lle dificulta. Tense moitísima atención, moitísimo coidado e moitísima delicadeza, unha escrupulosa defensa —excesiva— do chamado dereito á obxección de conciencia dos profesionais, moitísimo maior, moitísimo superior e infinitamente máis elevada que o respecto ao dereito da muller a interromper voluntariamente o seu embarazo. Ese desequilibrio é inaceptable.

Vostede sabe que isto ocorreu en máis dunha ocasión en Galicia e sabe tamén que a Xunta foi condenada por iso. Porque existiu algún caso dalgunha muller que sufriu como o sistema sanitario galego, por culpa das decisións dos seus dirixentes, enlentecía, dificultaba e entorpecía o procedemento e o alongaba ata que chegou un punto de grave perigo para o feto e para a nai. Foi ela quen, polos seus propios medios, tivo que desprazarse a Madrid —porque vostedes as derivan a clínicas privadas en Madrid— a facelo. Incluso fíxese: era tan complicado —permítame unha paréntese— que a clínica privada á que a derivaban ¿sabe o que fixo? Derivala á sanidade pública, que é onde están os bos, non o olvidemos. ¿Que pasou? Vostede sabe que ese caso —que hai un caso específico que lle estou describindo— levou esa muller, por toda esa concatenación de situacións, a perder a capacidade de volver ter fillos noutro momento, cando así o decidise ou cando quixese, se o quixese, que para iso pode decidir, porque as mulleres deciden.

A partir diso, ¿esa sentenza cambiou algo para o Goberno da Xunta? Non. Fixeron unha cousa, unha: saíu o presidente Feijóo, dixo que pedía desculpas e que había que buscar un mellor equilibrio dese suposto dereito que vostedes consideran tan importante da obxección de conciencia, para facelo equilibrado co dereito da muller. Hai tres anos. ¿E que pasou dende esa reflexión? Dixeron que ían atopar esa fórmula. ¿Que se modificou? ¿Que pasou?

Por tanto, nós, que comprobamos que non pasou nada e que é un caso que pode volver ocorrer —desexariamos que non, pero pode volver ocorrer—, preguntámonos —e aí está a interpelación—: ¿vostedes comparten realmente a lei vixente de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo?

Asumimos que un goberno minimamente sensato pode non estar de acordo politicamente cunha lei, como non podía ser doutra maneira, pero está obrigado a cumprila. Creo que iso vostedes o defenden habitualmente, ou polo momento deféndeno nalgunhas cousas que lles interesan. ¿Pero está obrigado un goberno a cumprir a lei? Home, supoñemos que si. Pois vostedes non a cumpren, porque deben de ter algún tapón moral que lles impide ou lles dificulta cumprir algunhas leis que tocan, precisamente, cuestións como esta. O seu tapón moral antes estaba un pouco máis oculto, agora está máis visible, xa o coñecemos.

A vostedes tíranlles para que incumpran algunhas leis, teñen ese debate moral que lles plantexan agora dende Vox, que os obriga a posicionarse. Porque entendemos que ese é o problema: que antes o tiñan dentro e agora está fóra, pero que segue no mesmo sitio. Vox, ao final, é o PP sen autocensura; é o que a maior parte do PP quere ser, pero non se atreve; di-



gamos que é como a súa voz da conciencia; Vox é o PP pero con aleivosía. Incluso xa sabe como os chaman: a dereitiña covarde. Debe ser que ser covarde é pretender cumprir a lei e o valente é incumprila. (*Murmurios.*) Por tanto, esa situación é a que a vostedes lles tira para ter que incumprir algunha lei para quedar ben con esa parte da oposición política á que vostedes lle deron espazo. Ao final, vostedes, cando se trata de dereitos, especialmente dos dereitos da muller, falan co logo azul do PP detrás, pero senten e teñen o corazón co verde de Vox, e a verdade é que é un pouco perigoso. (*Murmurios.*)

¿Están vostedes de acordo entón —como dixo o seu presidente de partido— con que hai que eliminar a lei actual, a lei do 2010, e volver á do ano 1985? Se están de acordo, digan por que o señor Rajoy non o fixo. Se están de acordo, que é lexítimo que estean de acordo, ¿van incumprir sistematicamente a actual porque non están de acordo con ela ou van poñer os medios suficientes para cumprila, que non existen? ¿Van facilitar que hoxe en día as mulleres sigan sen ter o pleno dereito de exercer o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo ou non? Porque hoxe non se pode exercer correctamente en Galicia, e vostede sábeo; chega un momento en que as derivan, pónenlles dificultades e ocorren os casos que ocorren.

As mulleres hoxe están desprotexidas neste aspecto en Galicia, porque vostedes teñen unha débeda moral, pero non é coas mulleres, é coa ultradereita que os obriga a facer estas cousas. Por tanto, cando saen —e teñen voces que saen— dicir estas cousas é preocupante, e nós estamos preocupados ante unha involución dos dereitos que custou moito conseguir e que son moi fáciles de derruír.

Por tanto, nós cremos que este goberno debe de posicionarse. Xa sei que vostede intentará dicir outra cousa e que incluso intentará non falar, nin sequera terá as ganas de dicir se están de acordo ou non coa lei. Vostede será capaz de dicirme que está e que non está, porque ten que contentar dúas almas. Pero nós queremos saber, de verdade, se vostedes están con Vox ou están coas mulleres. (*Murmurios.*) Esa é a pregunta que nós queremos facer para saber se, a partir de aí, podemos defender que necesitamos que existan máis recursos materiais e humanos para que se cumpra a lei —que non se está cumprindo—, e saber se, dende ese caso de hai tres anos, cando dixeron que ían reflexionar sobre equilibrar os dereitos, fixeron algo ou non. Porque constatable non fixeron nada e, por tanto, dicir que se fai para non facer tampouco é ningunha garantía.

Agardando que responda, polo menos, algunha das preguntas, polo de agora, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boas tardes, presidente.

Señorías.



A verdade é que quería empezar ben esta interpelación; quería agradecer o tratamento que deron todos os membros da Cámara á Lei de ordenación farmacéutica, agradecer á ponente da ponencia, a Marta Rodríguez-Vispo, polo traballo e a todos os portavoces que interviñeron. Por iso creo que é importante que na Cámara se busque construír, (*Aplausos.*) pero vexo que igual é un oasis no deserto.

Nós imos seguir, loxicamente, defendendo e apostando pola calidade do servizo sanitario e, loxicamente, pola atención á muller e ao recentemente nacido. Porque, de feito, o título da interpelación é a política do Goberno galego en relación coa atención á saúde da muller, entón vou falar do que temos en atención á saúde da muller, non só dun tema concreto.

Desde a Consellería de Sanidade e desde o Sergas cumprimos co establecido, loxicamente, na normativa vixente e traballamos para mellorar a atención á saúde da muller e garantir os seus dereitos neste ámbito, sempre nun proceso de mellora continua. Non parece razoable que se pregunte se o Goberno quere cumprir a lei. Aos gobernos serios creo que non hai que preguntarlles iso; estamos na lei, con todas as leis.

Poñemos os medios e adoptamos as medidas necesarias para garantir unha asistencia de calidade a todas as mulleres, independentemente do lugar onde residan, identificando as áreas de mellora cunha rápida aplicación de medidas correctoras con base en criterios de equidade e eficiencia; vontade que se materializa día a día na adecuada xestión dos recursos en función das necesidades e das variacións da demanda asistencial.

Unha primeira parte moi importante, loxicamente, é —como está na Estratexia 2020— coi-dar dos nosos profesionais: uns profesionais coidados cunha estabilidade no seu traballo, loxicamente, van facer un mellor servizo. E por iso nós, en recursos humanos, publicamos todos os anos ofertas públicas de emprego: na do ano 2018 ofertamos sesenta e dúas prazas de matrona e nesta última, presentada hai uns meses, vinte e sete prazas máis. Pero, ademais de estabilizar as persoas dentro do sistema, tamén creamos novas prazas: no Plan galego de atención primaria 2019-2021 recóllese un aumento da dotación de persoal sanitario de atención primaria no período 2019-2021 directamente relacionado coa atención á saúde sexual e reprodutiva da muller tanto nos centros de saúde do rural como nos urbanos, de forma que haberá cen prazas máis neste período entre matronas e médicos de familia.

En relación coa atención sanitaria á muller, neste plan recóllense medidas como a elaboración da carteira de servizos das matronas de atención primaria, que están incorporadas dentro do grupo de traballo; a designación de profesionais consultores de referencia en atención hospitalaria, incrementando de forma progresiva nos centros de orientación familiar que sexan atendidos por enfermeiras especialistas en obstetricia e xinecología, matronas ou matróns; ou a mellora do Ianus no ámbito da obstetricia, co deseño dos módulos específicos na historia clínica electrónica que se estimen necesarios para o desenvolvemento desta actividade asistencial. Como digo, estas son medidas que están dentro do Plan de atención primaria, e foron estas accións descritas polos profesionais implicados.

Tamén, loxicamente, estamos mellorando as infraestruturas e os equipamentos: desde o Servizo Galego de Saúde estamos a adecuar os espazos e infraestruturas no ámbito da



atención primaria e hospitalaria, realizando reformas e a mellora do equipamento dos espazos dedicados á atención á saúde sexual e reprodutiva da muller, así como tamén á saúde infantil, co fin de crear espazos máis cálidos e íntimos que fagan que a muller se sinta segura e comfortable, dentro do Plan da estratexia marco de humanización da sanidade.

Tamén se puxeron en marcha medidas organizativas que facilitan o acceso da poboación aos profesionais e medios sanitarios, como poden ser a consulta telefónica, a teleconsulta entre atención primaria e hospitalaria ou programas como Telea ou Conecta 72. Precisamente, este programa Conecta 72 facilita o contacto da matrona de atención primaria coa muller tras a alta hospitalaria nun momento de especial labilidade emocional como é o puerperio, no que ten que adaptarse á maternidade e asumir tanto o seu propio coidado como o da criatura acabada de nacer, contando co apoio da súa contorna familiar. Esta consulta e este apoio profesional é especialmente importante no caso daquelas mulleres en risco de exclusión social ou de depresión posparto.

Queremos dar resposta ás necesidades e problemas de saúde que aparecen ao longo do ciclo vital da muller de forma integral, promovendo a saúde física, mental e social de todas as mulleres de Galicia, e mellorar a calidade da atención prestada, sobre todo tendo en conta que, en moitos casos, estamos a falar de mulleres sas que ingresan por problemas fisiolóxicos como é o parto.

Para acadar estes obxectivos temos varias liñas de traballo. En atención á saúde sexual, os centros de saúde constitúen o espazo promotor da saúde que garante o acceso á información sobre os métodos anticonceptivos na contorna máis próxima da cidadanía e contan cos profesionais especialistas necesarios.

No que se refire á anticoncepción, nos casos nos que o procedemento para instalar o método elixido non estea dispoñible a nivel de atención primaria, a persoa será atendida noutros dispositivos asistenciais, centros de orientación familiar —COF— ou tamén nos hospitais. O Servizo Galego de Saúde conta, neste momento, con cento corenta e cinco matronas en atención primaria e dispón de trece COF —catro na provincia da Coruña, tres en Lugo, catro en Ourense e dous en Pontevedra— e catorce hospitais. Realizamos actividades formativas dirixidas aos nosos profesionais para a mellora e asesoramento en anticoncepción e tamén actividades do plan Proxecta dirixidas ao profesorado.

Polo que se refire á saúde reprodutiva, dispoñemos de guías técnicas asistenciais, protocolos e procesos asistenciais integrados. Sobre a consulta preconcepcional e de embarazo normal, por exemplo, no procedemento de intervención en saúde no caso de violencia de xénero vaise crear un apartado específico para maltrato infantil e maltrato obstétrico e unha guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero. Seguimos a traballar para que as mulleres acudan á consulta puerperal que prestan as matronas de atención primaria tras o nacemento do seu fillo ou filla. Como dicía antes, o Conecta 72 facilita o contacto da matrona na atención primaria coa muller. Temos cursos de educación sanitaria de grupo pre e posnatal impartidos polas matronas de atención primaria.

Traballamos no fomento, protección e axuda á lactación materna; creamos, de feito, dous bancos de leite humano —un no Álvaro Cunqueiro de Vigo e outro no CHUS de Santiago—



para garantir a subministración de leite materno doado de forma segura para a alimentación de prematuros. Tamén contamos con formación e educación sanitaria para a atención á muller menopáusica e, así mesmo, abórdase a promoción de hábitos de vida saudable e a prevención dos problemas de saúde máis frecuentes nesta etapa, como poden ser as disfuncións do solo pelviano ou a osteoporose.

En prevención contamos co Programa galego de prevención precoz do cancro de mama. Desde a súa implantación en 1992 participaron xa 2,5 millóns de mulleres e, segundo varios estudos da Dirección Xeral de Saúde Pública, entre 1980 e 2012 producíronse novecentas dez mortes menos por cancro de mama en mulleres de entre cincuenta e sesenta e nove anos.

En relación coa atención ás mulleres embarazadas, promovemos tamén a inclusión do test prenatal non invasivo dentro da estratexia de cribado prenatal e de anomalías cromosómicas e a vacinación de todas as embarazadas contra a tose ferina. Tamén contamos cun protocolo de actuación no caso de mulleres embarazadas ou que desexen un embarazo e que estiveran en lugares endémicos do virus de Zika.

Tamén contamos cun sistema de información para profesionais sanitarios sobre os efectos teratoxénicos de fármacos a exposicións ambientais de risco. As consultas sobre medicamentos son enviadas polos profesionais ao correo electrónico de información, que é teratoxenos@sergas.es, desde onde, tras unha revisión do coñecemento científico dispoñible, se remite un informe escrito por correo electrónico. Ademais, a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia - 061 pon á disposición da cidadanía un teléfono de atención sanitaria a través do cal os usuarios e usuarias poden formular dúbidas acerca de diversos temas, entre eles a información xeral sobre os riscos teratoxénicos da exposición a medicamentos.

Na actualidade tamén existe un protocolo específico para a atención á muller embarazada con trastornos aditivos. Existen iniciativas, nas áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde, de consulta específica para mulleres con enfermidades reumáticas, inflamatorias ou sistémicas autoinmunes que desexan o embarazo ou están en período de xestación.

En hábitos de vida saudable temos o programa Cóidate Cóidame, dirixido a neonatos e nais lactantes, que inclúe información sobre as vantaxes da lactación materna, o calendario infantil de vacinación, o desenvolvemento psicomotor, táboas de crecemento e outros temas; tamén o Xente con vida, dirixido a mulleres en distintas etapas da vida, que inclúe información sobre o embarazo e o tabaco; e tamén unha oferta formativa continuada.

Todo isto conforma —como dicía— un amplo catálogo de actividades que facemos desde o servizo sanitario de Galicia en canto ao coidado da muller.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.



O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Certo é que hai que ser construtivo; nós axudamos, na medida das nosas posibilidades, a construír unha lei como a Lei de farmacia, e vostedes incumpren unha lei porque non lles gusta. Esa é a diferenza, señor conselleiro. (*Aplausos.*) Di vostede que os gobernos sempre queren cumprir a lei, o cal é unha tautoloxía que estará por ver.

Pero iso non é o que preguntamos, porque vostede moitas veces, cando os debates se pronuncian sobre certas situacións, sempre apela con certa prudencia e bo regate —xa sabe que vostede regatea ben ás veces— que as preguntas da interpelación non son esas. Eu de verdade que fun mirar, a ver se me equivocara de interpelación. Vou ler a primeira pregunta da interpelación, a primeira, ¿eh?, non é que existan dezasete e sexa a número quince; non, a primeira: ¿apoia a Xunta de Galicia de maneira inequívoca a Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo?

Os motivos desta pregunta poden ser tres: primeiro, porque podemos facela, que somos un grupo parlamentario; segundo, porque vostedes non está claro que a apoiem, e terceiro, porque temos a sensación de que están vostedes intentando non só non apoiala, senón facer todo o posible por incumprila. (*Aplausos.*)

Así que, señor conselleiro, voulle ter que reclamar que me conteste. Xa sei que vostede vai contestar o que considere, porque vostedes estiman que é un bo exercicio parlamentario contestar o que lles peta; non é o noso concepto de parlamentarismo, pero en fin, iso é para outro debate, e este parlamento permite que vostedes contesten o que lles dea a gana. Pero supoño tamén que entón, implicitamente, me está dando a razón.

Vostedes igual tiveron que pedir permiso sobre se podían contestar sobre isto, Santiago Abascal díxolles que non (*Risos.*) —porque, se non, non había posibilidade— e non poden contestar. Porque teñen unha dúbida: se contestan que están a favor de apoiar a lei —que sería o natural—, vanlles dicir que non hai acordos (*Murmurios.*) —xa saben que teñen acordos; non sei se vostedes os fan públicos ou están asinados en segredo, non sei como fan, pero non lles van deixar—; agora ben, se din o que pensan de verdade, que é que non lles gusta a lei e por iso a incumpren, terían un problema, porque estarían evidenciando que vostedes incumpren a lei ideoloxicamente. Xa saben aquilo de «veñen vostedes facer política»; vostedes é que nin sequera fan política coa lei, fan unha cuestión moito peor, que é impoñer o seu criterio político por riba das leis. Non sei se lle soa isto, que o acusan moitas veces.

Están poñendo en perigo a saúde das persoas porque non lles gusta unha lei, e hai unha sentenza xudicial que o di. Vostedes puxeron en perigo a vida dunha muller e impedíronlle volver ter fillos porque non lles gusta a lei. Iso é indecente para un goberno, señor conselleiro, ¡indecente! (*O señor Vázquez Almuíña pronuncia palabras que non se perciben.*) Non o digo eu, dío unha sentenza e dío un xuíz. Vostedes puxeron en perigo a vida dunha muller e impediron que volvera ter fillos porque non lles gusta a lei, porque demoraron o proceso inxustamente, porque exixiron probas que non eran necesarias, porque non estaba xustificado ningún dos procedementos que fixeron; demorouse o procedemento e, así, pasou o que pasou. Xa hai tres anos e ninguén deu unha resposta.



Isto pode volver ocorrer, porque non fixeron nada. E o que nós preguntamos é: se non fixeron nada, ¿será porque están de acordo co que pasou e consideran que é —como din das listas de espera— unha anécdota cando hai algunha?, ¿consideran esas cousas? Porque, se é así, temos un problema, ou polo menos nós percibimos que hai un problema; a vostedes igual non llelo parece.

Como non fixeron nada e están constantemente replicando todas as voces que din que esa lei é inxusta, indigna e inasumible para un país, que é cousa da turba feminista ou non sei que imbecilidades din algúns por aí, pois entón estarán vostedes sostendo esas cousas; ou teñen líderes políticos que falan de que iso é cousa dos neandertais. É que ese é o partido político no que vostede milita —creo que milita, descúlpeme se non é así—, e participa dun goberno que o sostén; é que ese é o partido político que está hoxe dirixindo. Por tanto, nós claro que temos esa dúbida.

Se non responde é porque non quere, porque non pode ou porque considera que non é importante. Nós cremos que si e, por tanto, queremos saber se vostedes teñen algún problema con esa lei que lles faga incumprila, porque é evidente que a incumpren, e dío un xuíz. Incumpren esa lei, non dotan de recursos suficientes os centros, non están os recursos necesarios para cumprila e vostedes fan que se demore esa cuestión. Por tanto, estamos preocupados, e vostede non nos deixa máis tranquilos, porque non responde.

A min ensináronme que cando alguén se agocha é que ten algo que esconder, e cando ten algo que esconder é que non está orgulloso, e eu entendo que non estean orgullosos. Rompan xa con esa ultradereita; son vostedes capaces, son un partido serio e capaz de volver a unha zona natural, democrática e lóxica. Se non son capaces, entón teñen un problema, pero non fagan a sociedade culpable do problema de que vostedes teñen unha tensión con esa ultradereita inaceptable. E, se non, pásense a Vox, que é o mellor que poden facer.

Moita grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Indigno é o que fai vostede, que utiliza sentenzas para falar de temas gravísimos. Se vostede ten algunha constancia do que di, debe ir á vía penal (*Balbordo.*), porque a min me parece gravísimo. (*Aplausos.*) Debe ir á vía penal, e, se non, é vostede un irresponsable.

Mire: o que non se pode é interpelar o Goberno e contestar, facer a interpelación dun lado e do outro dicindo o que imos contestar nós. (*Murmurios.*) Vostede dedicou un primeiro minuto a falar, como nun debate televisivo, de que nós xulgamos as mulleres. (*Murmurios.*) ¿Quen as xulga?, ¿vostede? Nós non. (*Balbordo.*) Dedicouse a dicir que incumprimos a lei. Eu, se



vexo que alguén é dun goberno e non cumpre a lei, iría ao xulgado. *(Balbordo.) (Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si; pero vostede, que o está dicindo. *(Balbordo.)*

Na terceira frase que fixo na súa intervención fala de votos.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Fala vostede de votos; trae isto aquí e fala de votos, por algo será. *(Murmurios.)*

Fala de Vox, de Santiago Abascal e do logo azul do PP que está detrás; estas son as súas frases para falar de algo moi serio como é a saúde sexual das mulleres e a capacidade reprodutiva. *(Aplausos.)* Iso é o triste.

Entón, nós aportamos datos de accións nas que se está traballando en todo o que representa a saúde a muller, en todo; desde a miña primeira intervención, todo o anterior. Vostede —como digo— si pregunta sobre a interrupción voluntaria do embarazo e tamén se ten a Xunta ben dotados, en termos materiais e humanos, os centros de atención primaria tanto urbanos como rurais no que corresponde á atención á muller. Diso non falou nada porque non interesa, ¿non?

Nós si que temos moito que dicir: como dixen na primeira intervención, con todas esas accións de todo tipo —asistencial, formativas...—, e na segunda, na que falamos da interrupción voluntaria do embarazo, que cumprimos exactamente sempre coa normativa establecida. *(Murmurios.) (Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.)* Si; vostede diga o que lle dea a gana, eu digo o que estamos facendo. *(Balbordo.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VÁZQUEZ ALMUÍÑA: Seguimos traballando para garantir a calidade asistencial e a prestación dos servizos sanitarios cos medios ao seu alcance no territorio galego.

Hai algo tamén moi importante que vostede non conta: a muller pode elixir onde quere facer a interrupción voluntaria do embarazo. *(Murmurios.)* Precisamente iso, a liberdade, é unha parte que a vostede parece que non lle interesa; sen embargo, moitas mulleres queren facer efecto dese dereito elixindo onde queren facelo, e nós non imos entrar niso. *(Murmurios.)* Nós temos a capacidade, somos democráticos e gústanos, ademais, que os dereitos se exerzan individualmente, non por imposición.

Seguimos avanzando e dando pasos na atención á interrupción voluntaria do embarazo: elaboración e difusión dos circuítos asistenciais das IVE de entre catorce e vinte e dúas semanas de xestación; establecemento de centros de referencia para as IVE de máis de vinte e dúas semanas, que son dunha gran complicación —o que dicía anteriormente de que había que trasladalas fóra da comunidade—, neste momento temos dúas referencias en Galicia: o Álvaro Cunqueiro en Vigo e o Complexo Hospitalario de Ourense; inclusión nos acordos de xestión de que todos os hospitais públicos galegos leven a cabo estas interrupcións, como



tal e elaboradas con este protocolo, ata as vinte e dúas semanas en todos os centros; elaboración dunha instrución sobre como actuar ante calquera caso de IVE que estea contemplado na Lei orgánica do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo, para o coñecemento de todos os profesionais do Sergas implicados; ampliación a dous do número de comités clínicos para estudar os casos de solicitudes de IVE de xestacións de máis de vinte e dúas semanas para diminuír a demora de diagnóstico; mellora do rexistro a través do sistema de información epidemiolóxica das IVE, que se implantou en 1976; e realización de xornadas científico-formativas con expertos doutras comunidades autónomas.

A atención á saúde sexual e reprodutiva da muller nos últimos anos responde ás necesidades amosadas polas mulleres e á evidencia científica recollida nas recomendacións da Estratexia de saúde sexual e reprodutiva da muller e tamén na Estratexia de atención ao parto normal do Sistema Nacional de Saúde, que implican un cambio de enfoque asistencial, pasando dun modelo biomédico a un enfoque de dereitos holístico e de xénero, centrado nas necesidades das mulleres ou dos seus fillos e das súas familias, favorecendo así a toma de decisións por parte da muller.

Seguimos traballando nas medidas que nos permiten avanzar no desenvolvemento do Plan integral de asistencia ás mulleres, impulsando políticas sanitarias que, con perspectiva de xénero e de maneira transversal, aborden problemas específicos, formando e sensibilizando o persoal sanitario, fomentando hábitos de vida saudable, desenvolvendo accións de promoción da saúde e fomentando a coordinación entre a atención primaria e a hospitalaria.

Como digo, seguimos traballando. Para nós, dentro do ADN da asistencia sanitaria, é a mellora continua o noso obxectivo, e, desde logo, imos seguir garantindo os dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres en Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación co sector das artes escénicas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías. Señor conselleiro.

En primeiro lugar, quero saudar os representantes da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que están aquí con nós, preocupados tamén por este tema que imos presentarlle, señor conselleiro, para ver se logramos todos atopar solucións ou, polo menos, unha vontade de solución.



O tema que traemos neste momento — como vostedes saben — é o Centro Dramático Galego, que foi creado hai trinta e cinco anos como resposta ás demandas do sector escénico e que é a unidade de produción cultural máis importante de Galicia, pero que está sufrindo, fundamentalmente dende a chegada do Goberno do PP ao poder co señor Feijóo, un proceso de abandono moi preocupante que está sendo denunciado realmente por toda a profesión, manifestando unha inqueda por esta continua perda de peso dun centro que tiña que ser emblemático para a cultura galega; queixas e denuncias feitas fundamentalmente pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia, que reúne — como vostede sabe, señor conselleiro — gran parte da profesión da interpretación e da dirección de escena, que están preocupados por esta situación do Centro Dramático Galego, pero que non atopan respostas positivas por parte nin da Consellería de Cultura nin da AGADIC.

Os problemas comezaron realmente dende a chegada de Feijóo ao poder. Lembremos soamente ese primeiro ano de goberno, onde non houbo director do Centro Dramático, pero logo continuaron — vou facer unha pequena síntese —: unha redución orzamentaria brutal, realmente, de máis do cincuenta por cento dos orzamentos do Centro Dramático Galego, que practicamente o deixaron sen posibilidades de traballar; paralelamente, unha redución da actividade moi importante, cunha reducidísima produción propia que nestes momentos acaba soamente unha obra ao ano, cuns elencos moi curtos, neste caso de dez intérpretes, pero incluso foron menos nalgunhas da anteriores; e un problema de distribución tamén moi grave, porque as obras do Centro Dramático Galego realmente non xiran, a última vez simplemente foron ás sete cidades galegas. O Centro Dramático Galego pagámolo cos impostos de todos os galegos, pero hai moi poucos galegos e galegas que poidan realmente beneficiarse del ou desfrutar con el.

Todo isto, unido á falta de coproducións, a problemas coas residencias, a que non se convoca o Consello Asesor e a un proceso de burocratización, estao deixando sen ser o que debe ser: un impulso para o sector teatral, que é a súa obriga. Tampouco pode desenvolver ese labor de levar a cultura galega aos públicos e de crear novos públicos; unha función do Centro Dramático Galego que non é capaz de crear.

Ademais de todos estes problemas cos que levamos moito tempo, dende 2016 cambiou o sistema de selección de elencos das obras — non antes, foi no ano 2016, porque antes non se utilizaba este —, cuns sistemas que non se axustan á realidade laboral da interpretación nin á liberdade creativa precisa na dirección de escena. Por riba, as convocatorias feitas pola AGADIC foron acusadas de falta de transparencia — e realmente cando un ve as convocatorias así o cre — e tamén de presuntas irregularidades. Foron tan importantes todos estes feitos que varios membros do tribunal dimitiron, e dimitiu tamén Tito Asorey, que ía ser o director dunha das obras, de *Martes de Carnaval*, de Valle-Inclán. É dicir, é unha situación suficientemente grave como para que a Consellería dixera algo, que non dixo.

O que si fixo foi cambiar o sistema no ano 2018, cambialo por un sistema que a nós nos parece realmente perigoso, un perigoso antecedente. Foi contratar a presunta produción propia do Centro Dramático Galego a unha compañía privada de teatro, que se tiña que encargar da dramaturxia, da tradución e de contratar unha parte dos intérpretes; a outra parte era contratada pola AGADIC co sistema anterior, cousa que tampouco entendemos. En todo caso, creo que isto non se pode considerar unha produción propia.



Todo isto, por riba, complicouse coa dimisión hai moi pouco tempo da directora do Centro Dramático; unhas dimisións que se multiplican, señor conselleiro: dimitiu unha directora hai anos —que foi cesada—, dimitiu o seguinte director e dimitiu a actual directora. Creo que tamén son elementos de preocupación para vostede; imaxino, ¿non? Queremos pensar que esta dimisión non implique unha nova parálise do centro.

Polo tanto, hai dous tipos de problemas, señor conselleiro: falta de vontade política para impulsar o Centro Dramático Galego como centro de produción e que non se deixe esmorecer, e os problemas derivados dunha falta de adecuación dos marcos legais ás necesidades do sector artístico e da produción cultural, aos que parece que tampouco buscan solucións.

Este segundo problema —que sei que é o que vostede vai responder, fundamentalmente— non é o único problema, non é un problema único de Galicia nin do Centro Dramático; é un problema común a outros centros de produción cultural, como os centros nacionais —o Centro Nacional de Teatro Clásico e outros centros de produción artística— e tamén os das autonomías. E por iso, porque hai que buscar respostas, porque todo o mundo e todo o sector ten o mesmo problema —o sector público da cultura ten o mesmo problema—, houbo unha reunión, no Ministerio, do Consejo Estatal de las Artes Escénicas y de la Música en decembro do 2018, onde se falou de solucións, polo menos de posibles solucións, onde se presentaron problemas e solucións. E non se sabe que pasa, pero entre todos os membros da Consellería de Cultura e os membros da AGADIC, ninguén tivo un momentinho para acercarse a esta reunión de Madrid. Polo tanto, non saben o que alí sucedeu nin as posibles propostas de solución.

Ben, con todo isto —que é sorprendente, realmente—, todo o sector pediu unha reunión para tratar estes problemas, para tratar todos os problemas: os problemas que levo relatado de actividade, de orzamento, etc. —que non vou repetir—, e os problemas de buscar unha acomodación das fórmulas xurídicas e das fórmulas legais da normativa para que sexa máis doado utilizar un modelo que facilite a creación artística e que facilite o desenvolvemento de concursos destas características.

E a verdade é que é posible buscala, señor conselleiro, porque —como vostede sabe— a Lei de creación da AGADIC está sen desenvolver totalmente, e a Lei da AGADIC deixaba un oco para crear un ente diferente á AGADIC para xestionar os centros de produción, tamén o Centro Dramático Galego, cousa que non se desenvolveu; está na disposición —como sabe vostede perfectamente— transitoria segunda.

Hai que buscar unha solución para o Centro Dramático Galego; e poderíamos dicir todo isto, e incluso con maiores problemas, para o Centro Coreográfico, porque o Centro Coreográfico está tamén absolutamente abandonado. Agora mesmo estamos falando deste, pero incluso está máis abandonado se cabe o Centro Coreográfico. Habería que buscar unha solución para que os dous centros de produción tivesen algunha entidade xurídica distinta que permitise unha maior autonomía; que permitise, polo menos, unha facilidade dos procedementos de selección de elencos, e que, por suposto, respectase a igualdade de oportunidades, pero tamén a liberdade de creación.



É necesario buscar algún tipo de fórmula, e para iso cremos e, dende logo, defendemos os socialistas que hai que reunirse co sector, situación que o sector pediu e que vostedes non fixeron. Houbo unha reunión onde soamente se quería falar de selección de elencos e de procedementos, pero vostede sabe, señor conselleiro, que os problemas do Centro Dramático Galego van máis aló, como tamén os problemas de todo o sector de artes escénicas, pero neste caso son os que acabo de referir. Necesítanse respostas políticas para que este centro siga sendo o que tiña que ser: o impulso e o buque insignia, polo menos, da arte dramática en Galicia.

Espero que poida responderme unha serie de preguntas que ten vostede e que non lle vou formular, porque as ten vostede nas súas mans, pero que si que me valore esta situación e, sobre todo, que me diga se van reunirse co sector para buscar respostas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu tamén lle dou a benvida aos representantes da Asociación de Actores e Actrices de Galicia.

Ben, a verdade, señora deputada, é que cando o Partido Socialista fala de autonomía e fala de independencia, a verdade é que se xera moita contradición e se xera moito lío. A min a verdade é que me foi moi difícil captar realmente o que vostedes plantexan: saber se apostan por un maior control da Axencia Galega das Industrias Culturais e por un maior control —neste caso— do Centro Dramático ou se apostan por unha maior independencia.

Eu percibín unha enorme contradición tanto nas súas palabras como —por certo— na parte escrita da súa iniciativa. Porque, por unha parte, queren un Centro Dramático independente —así o din—, pero, por outra, queren tamén que se controlen máis as obras que se producen e a actividade que se produce no propio centro. Eu digo que unha cousa ou a outra. Eu entendo que no ámbito político da esquerda hai certa querenza por certo control político da arte, en xeral. A verdade é que dende o Goberno galego e dende a nosa formación política aí somos bastante diferentes. Nós cremos nunha sociedade e nun Centro Dramático que sexa absolutamente aberto, plural e libre e que teña autonomía real, é dicir, que poida seguir traballando libremente, producindo libremente e con acordo ás leis, igual que o leva facendo nos últimos anos.

Eu estou seguro, señoría, de que vostede —igual que eu— e a súa formación —igual que a miña— non cren ou non acreditan na inquisición cultural; estou absolutamente seguro de que así é. Pero tamén é certo —e aquí vén a contradición— que vostede plantexa un dilema



entre independencia, autonomía e control. ¿Que quere dicir vostede cando fala de independencia ou de autonomía? ¿De que fala?

Eu voulle dicir como funciona o Centro Dramático Galego: primeiro, este centro ten un orzamento propio —maior ou menor, pero propio— que administra e xestiona con total autonomía; en segundo lugar, conta cunha competencia e cunha capacidade para realizar a distribución das súas propias producións sen ningunha interferencia nin inxerencia política, e, terceiro, o seu director —ou directora, como é agora o caso— ten competencias plenas para decidir sobre a actividade e a produción teatral, tanto sobre a produción propia como sobre as coproducións.

¿Que entende vostede por autonomía? ¿Que entende vostede por control? Gustaríame que nolo aclarase, porque eu estou seguro tamén, señoría, de que vostede —igual ca min— entende que a autonomía non pode ser controlar ou contratar a dedo os profesionais sen que haxa procesos abertos e competitivos. Estou seguro de que nisto está de acordo comigo, en que os profesionais que contrata o Centro Dramático non poden ser contratados —se se me permite a expresión— a dedo. Unha compañía pública —e o Centro Dramático é unha compañía pública, neste caso de teatro— ten que asegurar unhas condicións de contratación en igualdade, en transparencia e en non-discriminación e ten que ofrecer as mesmas oportunidades a todos os aspirantes; xa non é por principio moral, é que o manda a lei.

Ademais, señoría, como vostede tamén sabe, convocáronse diferentes mesas de diálogo co sector durante os últimos anos para intentar buscar ou rachar este pretendido nó gordiano que se plantexa entre a contratación dos actores e as pretensións de facer unha maior —neste caso— liberdade de elección sen os procedementos —chamémoslle administrativos— que marca e fixa a Lei de contratos públicos. Nestas mesas houbo representantes das compañías, dos actores, dos dramaturgos, dos programadores..., e a verdade é que houbo no seu momento un acordo unánime, de tal xeito que o prezo de contratación debía realizarse fomentando a concorrência e que non fose unha decisión unilateral de cada director, remarcando precisamente que esta era unha das principais misións dunha compañía pública. Por certo, señoría, a este acordo chegouse xusto antes de que determinados participantes se levantaran da mesa e abandonaran, neste caso, o diálogo; un diálogo que —tamén lle adianto— mantemos a disposición de retomar sen ningún tipo de problemas.

Efectivamente, señora Burgo, o Centro Dramático Galego leva trinta e cinco anos funcionando. É o centro de referencia, sen lugar a dúbidas, da escena galega; foino dende a súa fundación, xa hai moitos anos, no ano 1984, ata hoxe. Tamén é certo que nas últimas tres décadas, nos últimos trinta anos, mudaron moitísimas cousas. Obviamente, a sociedade galega evolucionou, a actividade cultural e teatral tamén evolucionou, e tamén evolucionou a forma de acceder e de desfrutar da cultura; todo se foi transformando. Hoxe en Galicia contamos cunha ampla oferta: contamos con compañías privadas que son capaces de representar calquera tipo de montaxe, e ese é o gran éxito do teatro galego, que existan compañías que son capaces de representar calquera tipo de montaxe; e temos equipamentos culturais de moita calidade espallados por toda a xeografía galega, en calquera parte de Galicia temos acceso a unha infraestrutura e a un equipamento cultural de primeirísimo nivel. E, obviamente, os obxectivos ou a misión do Centro Dramático de hai trinta anos non pode ser igual



á de hoxe. Efectivamente, hai trinta anos había máis autoprogramación, había máis auto-produción, porque o sector era moito máis débil. Hoxe ten que haber produción propia, pero ten que fomentarse fundamentalmente a coprodución. ¿Por que? Porque existen compañías profesionais de altísima calidade que poden facelo e que o fan moi ben, por certo.

Con todo, señora Burgo, a realidade da escena teatral que vostede nos trae aquí, a esta cámara, certamente non é como a pintan vostedes. Mire: hai moi pouco, o Consello da Cultura Galega editou e publicou unha diagnose feita polo Consello da Cultura Galega onde nos di que os indicadores de consumo privado da cultura e de asistencia a espectáculos amosaban un moi bo comportamento nos últimos anos.

Vostede falábame dos orzamentos: debería saber —estou seguro de que o sabe, o que pasa é que non o di— que nos últimos cinco anos os orzamentos da Xunta adicados ás artes escénicas medraron progresivamente, superando —insisto, superando— o investimento dos anos anteriores á crise, onde a xestión destes centros de produción era do Bipartito PSOE-Bloque.

E, fíxese, houbo nos últimos anos un incremento moi notable dos espectáculos programados: pasamos de 718 espectáculos teatrais no ano 2013 a 1.326 no ano 2018. Ademais, o número de espectadores medrou notablemente nos últimos anos: fíxese vostede que no ano 2009 había cento corenta mil espectadores nas redes culturais da Agadic —cento corenta mil no ano 2009—; hoxe hai máis de douscentos mil. Quere dicir que non creamos público, que se está machacando o teatro, que se está destrozando todo...; sen embargo, hai un incremento moi notable do público, ¿verdade? De cento corenta mil a douscentos mil.

Falaba vostede tamén de que non hai xira das producións propias: ¡home!, *Divinas palabras* foi a dez concellos, entre eles, Madrid. (*Murmurios*.) Vostede falaba de que ía ás grandes cidades: pois mire, a algunhas cidades nunca foi porque nunca o pediron; algunha das grandes cidades —por exemplo, Lugo— non o pediu nunca. E foi a concellos como Vigo, como Rianxo, como O Barco, como Ourense, como Cangas, etc. Fala de que non hai coproducións; ¡home!, o ano pasado houbo catro: *Camiños* —de Butaca Zero—, *Arnoia*, *Arnoia*, *Elisa e Marcela* e *Anarquismos*. A verdade é que é moi fácil rebater os argumentos de serie que non se sustentan na realidade e non se sustentan nos datos.

Vostede falaba dunha reunión do INAEM: efectivamente, coñecemos esa reunión, sabemos que se produciu e tamén sabemos que en sete meses dende que tivo lugar a primeira reunión non temos ningún resultado nin ningunha proposta encima da mesa. Oxalá saia e oxalá esas conclusións ou esas propostas sexan de interese, pero nos últimos sete meses a verdade é que non as coñecemos.

En todo caso, señorías, todo é susceptible de mellora, pero temos que seguir traballando e respectando e garantindo a independencia do feito artístico, a transparencia e a pluralidade dos procesos de contratación pública e a liberdade e a autonomía dos profesionais do sector.

E xa remato, señorías. Vostede trouxo aquí o nome dunha persoa á cal respectamos moito e coa cal colaboramos moito, e vostede aquí está dicindo que parece que dimitiu porque estaba



en desacordo, que se sentía mal tratada ou que non estaba a gusto no Centro Dramático Galego. Vostede sabe coma min —estou seguro— que esta persoa vai deixarnos —e lamentámolo profundamente— porque vai asumir unha moi notable mellora profesional, da cal nos congratulamos notablemente. Pero en ningún momento o feito de que deixe o Centro Dramático Galego é un feito negativo para o Centro Dramático Galego; ao revés, é un feito positivo, porque está chamada a maiores responsabilidades no mundo da escena española. *(Aplausos.)*

Co cal, moitas grazas, señorías, e esperemos que na seguinte vostede poida aportar máis rigor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, o subconsciente faille ver cousas e, sobre todo, escoitar cousas que non existen. Non dixer nin unha soa vez a palabra «control», e vostede deuno por feito, non sei por que. Eu pregaríalle que me escoitase, porque igual se me escoita e, sobre todo, igual se escoita o sector, entende mellor as cousas, mire. *(Aplausos.)* Porque vostede a min non me entenderá, pero é que estou dicindo o mesmo que di o sector profesional de intérpretes e de dirección de escena. Reúnase con eles e estou segura de que eles lle poden explicar as cousas moito mellor ca min.

¿Que queremos e que dixer eu? Ben, igual non o dixer, pero vouno repetir, a ver se esta vez nos entendemos. A Lei de creación da Agadic non está desenvolvida, e a disposición transitoria segunda di que os centros de produción quedan adscritos á Agadic «en tanto non se cree un ente específico para a xestión e coordinación dos centros de produción cultural de titularidade pública». ¿Quere vostede ou non quere crear este ente? Porque o que pide o sector —e aquí estamos nós transmitindo, e estamos de acordo co sector— é que se necesita dotar o Centro Dramático Galego dunha entidade xurídica propia con autonomía e orzamento suficientes, a revisión do sistema de coprodución e residencia e a reformulación dos mecanismos de distribución á procura de procedementos de selección que combinen todos os elementos, a creación e a igualdade de oportunidades.

Vamos ver, señor conselleiro, ¿a vostede non lle estraña que soamente utilicen este sistema de selección pública vostedes?, ¿que non atopemos ningún outro centro de produción que utilice o mesmo sistema? ¿Que pasa, que son vostedes máis listos que toda España? Ben, pois igual é mellor mirar que se está facendo fóra de aquí, comparar os distintos sistemas e acadar un sistema que facilite as situacións.

Como xa imaxinaba eu perfectamente, vostede non me respondeu aos demais problemas do centro. ¿Os orzamentos cando van crecer? Porque así non chegan. E da relación coas com-



pañías privadas, mire: unha coprodución en absoluto é deixar a produción propia en mans dunha compañía privada a través... *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, iso non é unha coprodución. Se quere, reúnese co sector, que lle explicará mellor ca min que é unha coprodución. *(O señor Rodríguez González pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, iso é externalizar un servizo e dicir que hai unha produción propia, que non o é, pero que tampouco é unha coprodución.

Por outra parte, vostede está con que Lugo non chama o Centro Dramático Galego: ¡é que o chamei eu, persoalmente, como concelleira de Cultura! Entón, igual ten vostede que revisar os datos que ten, porque ten diante a que levou o Centro Dramático Galego.

Mire, do Consello da Cultura Galega: lea, por favor, ben a diagnose do Consello da Cultura Galega. Eu non sei se vostede recorda —pero lémbrolla eu— que o Consello da Cultura Galega fixo un informe en 2014 que avogaba e dicía que era absolutamente necesario o que está pedindo o sector e toda a oposición dende o principio: un plan de artes escénicas, o que se necesita é un plan de artes escénicas. E non o digo eu, aquí, sen máis; dío —se a vostede lle gusta máis— o Consello da Cultura Galega. Igual que é necesario facer unha lei de artes escénicas. ¿Onde está? Realmente xa a tiña feita o anterior Goberno, e tamén o sector enviou unha. Non queren facela, polo que se ve, e iso si que é necesario para impulsar o sector.

Déixame moi preocupada con esta idea de que todo o ecosistema teatral galego cambiou moito e que hai moitas compañías privadas que poden facer calquera tipo de montaxe. É certo, por suposto que é certo. ¿Pero iso quere dicir que o Centro Dramático Galego é cada vez máis innecesario? Dío vostede, porque, cos seus actos políticos e coa súa política, si que o está dicindo: sen produción, sen orzamentos, cada vez máis pobre, cada vez con menos actividade. ¿Que quere dicir iso?

E, por favor, señor conselleiro, non poña na miña boca palabras que eu non dixen. Cando queira, falamos do control da cultura; cando queira, falamos das formas que vostedes teñen para intentar controlar a cultura —que todos as coñecemos—; e, cando queira, explícolle como fai e o que pasa cando a cultura a ten a dereita.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Peche da interpelación por parte do conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moi ben, señora Burgo, vostede e mais eu xa hai moitos anos que deixamos de ser concelleiros; vostede en Lugo e eu en Lalín, no meu pobo. Pero só lle digo, e non mo pode rebater, que nos últimos anos á cidade de Lugo non foi, e sempre gobernou o Partido Socialista, iso non se pode rebater.

A verdade, señora Burgo, é que eu a escoito. E escoítoa con moito gusto. Pero, sobre todo, léoa. E léoa tamén con moito gusto. E na súa iniciativa fala literalmente de «control». Leo literalmente: «Perdendo o Agadic o control da obra».



Pero é que lle escapou tamén aquí. Vostede tamén aquí citou claramente que como imos deixar unha coprodución dunha compañía pública en mans dunha compañía privada. Por iso falo eu de que hai unha contradición no seu discurso. Porque, por unha parte, pretende ou presenta a necesidade dunha maior autonomía, pero, por outra parte, fálanos dun maior control. Co cal aí é moi difícil saber o que lle respondemos, porque é a favor da autonomía ou a favor do control. E nós xa lle dixemos que o Centro Dramático ten plena autonomía de funcionamento e ningún control político. Dixémosllo e díxenllo na anterior iniciativa.

E, claro, vostede segue dicindo e lanzando datos. Fala de que hai poucos orzamentos. Podería haber máis, obviamente. Pero hai máis que no ano 2009, hai máis que no seu orzamento, cando Galicia, no ano 2009, rebordaba de recursos e de diñeiro. Hai máis orzamento no ámbito das artes escénicas e musicais hoxe que na súa época, que no ano 2009. Tamén é certo que houbo anos moi difíciles, tamén é moi certo. Pero, afortunadamente, nos últimos cinco anos estamos asistindo a un incremento progresivo cada ano do orzamento dedicado ás artes escénicas e musicais. Vostede di que isto é un abandono. Deille os datos: pasamos de 718 funcións no ano 2013 a 1.326 o ano pasado. Xa sei que é un dato puramente cuantitativo, pero é un dato que mide a saúde do sector, porque hai maior actividade teatral no conxunto do país. E outro dato que tamén é dificilmente cuestionable: vostede di que non se crearon ou que non se aposta pola creación de públicos. Pasamos —como xa lle dixen— de 140.907 —en concreto no ano 2009— a 202.866 no ano 2018, no ano anterior. É dicir, hai un incremento notabilísimo dos galegos e das galegas que asisten a espectáculos de teatro. Son datos que eu non os cuestiono, son datos absolutamente obxectivos.

E obviamente vostede ao final métenos nun callejón sen saída. Pregúntanos se somos máis listos que os demais. Nós non somos máis listos que os demais, simplemente temos rigor e temos os datos encima da mesa. E no ámbito da contratación pública cumprimos a lei, simple e sinxelamente cumprimos a lei.

E, claro, seguir negando, seguir cuestionando, seguir poñendo en tea de xuízo o apoio a un sector importantísimo para a cultura galega, como son as artes escénicas, cando por unha parte se incrementan os orzamentos, por outra parte se incrementa o número de espectáculos, por outra parte se incrementa o número de espectadores e por outra parte temos un maior número de compañías con maior capacidade e con maior posibilidade de facer espectáculos polo conxunto do país, é simplemente negar a evidencia.

E xa lle dixen tamén anteriormente, e repítollo nesta, que respecto da reunión que tanto lles preocupa a vostedes do Inaem, algunhas das cuestións que se falaron aquí, ou que se falaron aí, polo que dixeron algúns compañeiros, son cuestións que en Galicia afortunadamente levamos xa moito tempo facendo e desenvolvendo cun notable éxito. Porque unha cousa, señorías, é dicir que se vai facer, e outra cousa é facer. Porque dende a primeira reunión —á que a vostedes lles parece tan mal que non fose ningún representante da Xunta— transcorreron sete meses, jeh!, ¡sete meses! E en sete meses, que se saiba, non houbo practicamente ningún avance.

En todo caso, nós temos unha estratexia para o sector cultural, temos unha estratexia para o sector das artes escénicas. Non nos cabe a menor dúbida de que temos que buscar un gran



acordo que garanta o futuro do Centro Dramático Galego, temos que buscar un consenso para afrontar os retos sociais, os cambios sociais nos comportamentos culturais, na forma de consumir cultura, nas formas de ofertar a cultura que existen e que non son iguais ás de hai trinta anos. E temos que seguir traballando cos axentes implicados e tamén buscar fórmulas xurídicas. Pero de aí a debuxar, a plantexar, un escenario tan negro como o que vostedes plantexan hai simplemente un abismo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde e benvido, conselleiro.

Hoxe vimos preguntarlle pola lei aprobada no ano 2014 de igualdade e non discriminación das persoas LGTBI, porque, por desgraza, a pesar de que o Partido Popular foi un dos grupos que aprobou esta lexislación —despois, iso si, de baleirala en gran parte de contido—, cinco anos despois vemos como esta lexislación se converteu para o partido do Goberno nun papel absolutamente mollado. Non se levaron a adiante as medidas efectivas nin se desenrolou a propia lexislación. Pasaron xa cinco anos e temos que dicir que o balance é totalmente negativo, totalmente dramático. Porque o peor de todo, como dicía, é que incumpren sistematicamente a maioría de artigos que contén esta lexislación. Como digo, a pesar de que é insuficiente consideramos que este marco lexislativo supuxo naquel momento un avance moi importante para os dereitos das persoas LGTBI.

Por falar dalgúns artigos concretos, tardaron moito tempo, máis tempo do que recolle a propia lexislación na súa disposición adicional, en render contas a este Parlamento. E, cando o fixeron con ese informe, temos que dicir que foi un informe totalmente escueto, case unha simple descrición da lexislación e dun par de conceptos ou de significados asociados a esta cuestión, pero non un informe, como debería ser, de avaliación, de cumprimento da lei e de medidas. Incluso se apropiaron de medidas que non fixeron vostedes mesmos para plasmar nese informe. Este é un dos artigos da lei que incumpren. O mesmo que cando falamos do estudo que recolle o artigo 12 en relación co ámbito laboral das persoas LGTBI. Queremos preguntarlle —ao mellor é que fixeron ese informe e nós descoñecémolo— que medidas concretas tomaron para evitar, como sabe, esta porcentaxe tan elevada de paro e tan elevada de exclusión social que se dá no colectivo. Tampouco garanten que non se patoloxice as persoas, todo o contrario. A unidade que venderon aquí como unha unidade non patoloxizadora é todo o contrario. E falabamos hoxe mesmo cos colectivos e coas asociacións, e as propias persoas afectadas directamente, e as familias que acompañan as persoas que van a esta uni-



dade, din que é como unha especie de gueto. As persoas teñen que trasladarse do seu concello ata Santiago de Compostela, e aínda por riba non teñen nesta unidade de referencia os recursos que están exixindo, só o mesmo de sempre: unha mirada absolutamente limitada, absolutamente patoloxizadora, que é exclusivamente falar dende o ámbito da saúde mental.

No que se refire ao ámbito educativo tamén suspenden, porque fixeron un protocolo. E outra das nosas preguntas vai sobre como difundiron este protocolo educativo, esa é a primeira parte. Pero, sobre todo, sobre que medidas levaron a adiante para avaliar como se está implementando este protocolo nos centros de ensino. Porque o protocolo está ben, pero, se non se está a difundir, se non o coñecen todos os profesionais e, sobre todo, se non o poñen en práctica como se debería poñer, obviamente é insuficiente.

Polo tanto, nós cremos que este incumprimento reiterado da maior parte dos artigos que compoñen esta lei vén evidenciar que non é para o Partido Popular unha prioridade política, en absoluto, este tema. E creo que nos últimos tempos asistimos a un cambio de discurso. É verdade que, por sorte, non temos que escoitar xa comentarios homófobos como fixeron non hai tanto tempo, porque o das mazás e as peras non foi hai tanto tempo, e o vínculo coa drogadicción tampouco foi hai tanto tempo. E foron de xente directamente vinculada co Partido Popular. Eu creo que, a pesar de que cambiaron o seu discurso, de que eliminaron estas frases homófobas que atacaban directamente o colectivo, seguen tendo a mesma mentalidade retrógrada, porque así o pon en evidencia este incumprimento reiterado dos artigos da lexislación. E tamén o poñen en evidencia cuestións moi concretas. Votaron en contra dunha lei de identidade de xénero que era imprescindible, que era urxente para o noso país. As persoas, os colectivos, reivindicábana como unha necesidade urxente, importantísima, e vostedes votaron en contra. E non hai que botar a ollada a hai un par de anos. Hoxe mesmo, pola mañá, rexeitaron unha proposición non de lei de mínimos. Era unha iniciativa que debería ser totalmente asumida. A maior parte dos puntos solicitaban que se cumprira coa lexislación que vostedes mesmos aprobaron.

Por iso cremos que, a pesar dos discursos que lanzan, non teñen interiorizado isto como unha prioridade política. Non respectan a liberdade das persoas, e por iso é tan importante que, cando votan neste Pleno, cando rexeitan iniciativas tan fundamentais para a vida das persoas, cando votan iniciativas fundamentais para a vida das persoas, pensen un momento no que senten estas persoas, no que sente esta xente cando chega ao médico e ten que escoitar moitas veces comentarios que non aportan absolutamente nada, que son tratadas coma se foran enfermas cando non son enfermas, cando non é un trastorno. Non teñen por que escoitar preguntas totalmente innecesarias sobre con quen xogaban, con quen non xogaban; non teñen que escoitar que por ter uns xenitais ou outros son unha persoa ou outra. Porque saben perfectamente o que son. O que non necesitan son tutelas nin segregación nin absolutamente nada diso.

Tamén me gustaría que pensaran no cuestionamento constante que sofren estas persoas, que pensaran no que significa non recoñecerse no seu propio documento identificativo; e nas implicacións que ten escoitar nomes que che soan alleos e non recoñecerse nin sequera cando te chaman. Pois todo iso é o que a xente ten que vivir no noso país grazas a que vostedes se negan a legislar especificamente sobre a cuestión trans. Como digo, unicamente



piden liberdade, ser persoas con capacidade de decisión sen que ninguén veña dicirlles o que teñen que facer, o que son. Sábeno perfectamente, son persoas que saben perfectamente o que son. Non ten ningún psiquiatra que vir analizar se verdadeiramente esa persoa pode dicirse que é muller. Sobre todo, como digo, con esas preguntas. Estaría ben que fixeran eses tests, pois seguramente moitas mulleres con xenitais de muller, como vostedes entenden, nin sequera pasarían eses tests e viceversa. Por iso entendo que é fundamental o ámbito sanitario —de feito é unha das partes centrais da nosa iniciativa—, porque é un dos peores camiños que teñen que vivir estas persoas. Porque segue existindo a violencia, segue existindo a opresión, seguen existindo as explicacións constantes e o cuestionamento constante das persoas que non se adaptan aos parámetros normativos. E as cifras son terribles, son dramáticas, porque toda esta realidade supón que ao redor da metade das persoas trans pensarán nalgún momento da súa vida quitarse a vida. Hai un número de suicidios nas persoas trans elevadísimo. Estes suicidios son un fallo do sistema; son asasinatos, poderíamos dicir. Porque o sistema fallou, non lle deron os recursos. Se ti te sentes todo o tempo cuestionado, todo o tempo tutelado, todo o tempo sen capacidade nin de dicir que es... Porque son cuestións tan sinxelas como ser o que consideras que es, o que es.

E ante todo isto entendemos que non valen discursos —porque levamos moito tempo escoitando discursos—, valen feitos. E, como digo, o relatorio de feitos dos últimos tempos non é en absoluto positivo. Rexeitaron moitas iniciativas—hoxe rexeitaron unha, non é a primeira vez—, rexeitaron esa lei tan traballada polos dereitos das persoas trans sen ningún tipo de argumento. Porque non poden dalo, porque, se dixeran os argumentos reais que se atopan detrás dese rexeitamento, quedarían moi mal ante a opinión pública. Porque hai un sentimento xa contra os discursos homófobos. Pero cando se aceptan ese tipo de cuestións estase lexitimando tamén a violencia. É así, estase lexitimando, porque todas estas persoas sofren e conviven con agresións e con violencia ao longo da súa vida.

E a día de hoxe o que pasa é que depende absolutamente da boa sorte. Hai un nivel de discrecionalidade altísimo. Podes ter moito apoio familiar, social, ou podes non ter ningún. Podes ter moi boa sorte e ter un médico ou unha médica que te atenda de maneira estupenda, por suposto que os hai con moita sensibilidade; podes ter un centro educativo que te deixa, que te respecta e te apoia en todo o proceso. Pero pode ser tamén o lado contrario, podes sentirte totalmente só. E a Administración ten que dar resposta tamén a todas esas situacións. Non pode ser que algunha persoa máis queira quitarse a vida por sentirse soa, por sentirse unha estraña de si mesma, porque non hai ningún tipo de motivos.

E, por certo, nos últimos tempos asistimos a un retroceso. Eu espero que non se consolide, pero nos últimos tempos os discursos de parte dos seus socios son demoledores. Xente que volve a algo tan pasado como dicir que a homosexualidade é unha enfermidade, co que están infundindo odio constantemente. E con esa xente, que é a mesma xente que nega a violencia machista, non debería haber ningún pacto, absolutamente ningún pacto, porque é xente que está xerando violencia constantemente.

E remato xa. Sermos diversos é un orgullo, así debería ser para o conxunto de persoas que estamos nesta Cámara, é un orgullo. Pero, mentres non se modifique a lexislación, mentres non se cumpran ao cen por cento todos os artigos que están xa na lexislación aprobada e se



avance, non imos poder dicir que vivimos nunha sociedade libre e nunha sociedade que defenda a liberdade das persoas. Porque xustamente diso falamos hoxe, de liberdade e de dereitos, non olviden que falamos diso.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Quinteiro, dicía vostede que o noso grupo foi o único que non o recoñeceu nese aspecto, porque despois en todo o demais vostede é a enorme defensora de todo que ten que ver co colectivo LGTBI, coa identidade de xénero. E os demais, especialmente o Partido Popular, non temos dereito nin a falar disto. Porque eu estou aquí en nome do Goberno; se non, vostede crería que non temos dereito nin a falar.

Dicía que foron un dos grupos que aprobaron a lei no ano 2014. Non, non, conte as cousas como son. Vostedes, os seus antecesores —AGE, naquel momento— foron os únicos que non aprobaron a lei, os únicos. Tanto PSOE como BNG aprobaron esa lei tamén —pioneira, por certo, no Estado—. Vostedes xa non a quixeron aprobar naquel momento, seguramente porque pensarían que son os únicos —a min foi a impresión que me deu hoxe aquí— con dereito a falar dese tema, defendelo e dicir que están concienciados de que hai moito que facer, de que se fixo moito pero aínda queda moito por facer, e por suposto.

E, claro, fálase aquí da homofobia, fálase de que somos uns retrógrados, de que o balance é dramático, inexistente. Falábase, así mesmo, de que rexeitamos unha PNL do BNG. Efectivamente, pedimos a votación por puntos. Había moitos espazos para o acordo, había moitas emendas que nós pensabamos e seguimos pensando que melloraban o acordo para que fose efectivo e para que se poidan seguir facendo cousas. Claro, ao mellor non interesa precisamente chegar a acordos co Partido Popular sobre este tema, porque entón toda esa pose de que vostedes son os únicos e de que os demais nin sentimos isto nin temos dereito se vería que é unha absoluta mentira, ¡unha absoluta mentira! (*Aplausos.*)

Alégreme moito unha cousa: vostedes dixeron —paréceme que foi a señora Solla no ano 2014— que isto, a lei, era unha pura propaganda, que non valía para nada. Non ía ter ningunha efectividade, e todo o que estaba alí era papel mollado, que a súa aplicación non ía supoñer ningunha eficacia. Hoxe xa me vén aquí a pedir que apliquemos a lei porque, ao seu entender, non se está aplicando axeitadamente. Polo tanto, resulta que a lei si estaba ben, a lei si podía ser eficaz. Dende logo entendo todo o que vostede di, e pregúntame como a estamos aplicando. Efectivamente, naquel momento probablemente cometeran un erro sendo



—insisto— o único grupo da Cámara que non a aprobou. É moito máis útil que simples titulares para a prensa, como dixeron naquel momento, hai cinco anos.

Pregúntame por eidos concretos de aplicación da lei. E é o que vou intentar responder. A interpelación ten uns motivos amplos e ten preguntas concretas. E eu, coma sempre que teño que comparecer aquí cumprindo a miña obriga, o que intento é responder co que está facendo o Goberno ás preguntas concretas. Fóra de aí, xa sei —e creo que é importe remarcalo porque isto ao final é un diálogo entre dous—, vostede, coas cousas que dixo, parte da base de que, como non temos ningún interese neste tema e estamos absolutamente opostos, non teríamos dereito nin a aplicar as medias. Pero estámolas aplicando. Somos un goberno que impulsou esta lei, e, con maioría para aprobala naquel momento, no ano 2014, recolleu unha iniciativa e impulsouna porque tiñamos maioría. Xa sei que lles fastidiou moito votala co Partido Popular, pero foi o Partido Popular o que, coa súa maioría, permitiu que se aprobase. E estamos moi orgullosos de desenvolvela dende aquel momento. *(Aplausos.)*

Pregúntame polo o ámbito sanitario. Mire, a lei é clara. Artigo 20: «Garantirase a atención sanitaria, segundo a necesidade e o criterio clínico, das prácticas e para as terapias relacionadas coa transexualidade». Artigo 19: «A consellaría competente en materia de sanidade garantirá a información sobre a homosexualidade, bisexualidade e transexualidade que recolle a Organización Mundial da Saúde a todas as persoas que traballan no ámbito da saúde, tanto no público como no privado ou concertado, de modo que se garanta que estes profesionais coñezan» —e, por suposto, apliquen — «a dita información».

Polo tanto, tendo en conta todo isto, tendo en conta tamén un convencemento persoal e o cumprimento da lei, os profesionais do Servizo Galego de Saúde respectan as persoas transexuais, as súas diferentes identidades de xénero e, por suposto, despatoloxizan a súa aplicación e, polo tanto, todo o tratamento que lles dan a estas persoas. Vostede vén dicir aquí que non, que é todo o contrario. As persoas chegan alí, a un servizo de referencia, efectivamente, que xa atendeu a máis de oitenta pacientes que en Galicia acoden a estes servizos, e aos seus familiares. Téñeno en Santiago, con magníficos profesionais para atender as persoas menores de idade, no CHUS, unidade de referencia en Galicia. E traballa dun xeito multidisciplinar —endocrinoloxía, saúde mental e cirurxía—. Vostede di que non, vostede di que non os atenden. Bueno, ao final fala mal destes profesionais, e eu veño aquí a falar ben porque o fan ben, cren no seu traballo e aplícanos con moitísima eficacia. *(Aplausos.)*

Di que teñen que saír dos seus concellos —creo que é perfectamente entendible— para ser atendidos na unidade de referencia, que está ben dotada. Calquera menor transexual que resida en Galicia pode ser atendido nesta unidade. Xa digo, son 80 pacientes desde que se creou. E, por suposto, seguimos impartindo cursos de formación para os profesionais sanitarios —séguense facendo probas de prevención de VIH, 285.000, case 300.000— dedicados a facer probas a este colectivo no ano 2019. En 2018 distribuíronse miles de paquetes preventivos de ITS dirixidos especificamente tamén a este colectivo. Polo tanto, os profesionais sanitarios aplican a lei, e aplícanos con eficacia e con convencemento.

Fálame tamén dos centros Quérote. Vostede di que non fan absolutamente nada, isto é unha cousa recorrente. Dixeron desde o ano 2009 que os centros Quérote se ían suprimir. E non



foi iso senón todo o contrario, fan máis e máis funcións. E moita xente nova acode a eles que antes non acudía. Pois fan ataque sistemático en cada parcela á que se dedican. Tamén se dedican a isto, señora Quinteiro, seguen realizando as probas rápidas de detección de VIH estes centros que vostede di que están desmantelados. Todo o contrario, fan máis funcións e máis variadas; 6.000 mozos e mozas dirixíronse a estes centros para formular algunha dúbida ou consulta. Digo eu que algunha cousa estaremos facendo ben, e digo eu —ao mellor vostede pensa o contrario— que obrigados alí non van, senón todo o contraio.

O mesmo se pode dicir da atención ao colectivo LGTBI dos centros de información á muller. Vostedes están absolutamente en contra —hoxe falábase disto pola mañá— de que sexan puntos de referencia para atender estes colectivos. Nós cremos que a súa distribución no territorio, o seu coñecemento, os magníficos profesionais —mulleres case todas— que traballan aí, fan que sexan centros axeitados para atender tamén este colectivo —por suposto coa formación necesaria, que se está dando tamén—. Votades decidiron que non, que eses profesionais non saben e, polo tanto, non están preparados, que non teñen ningún dereito e non teñen ningunha capacidade para atender este colectivo. Nós pensamos todo o contrario, e creo que os que estamos no certo somos nós. Por suposto, con reforzos; por suposto, con formación e, por suposto, con garantías.

Pregúntame tamén polas situacións no ámbito do emprego. Queda moito por facer, sen dúbida. Coñecemos as estatísticas igual que vostede. ¡Oia! pero fixéronse cousas, igual que noutros eidos, dende que a lei entrou en vigor. Este ano 2019 —por non ir máis lonxe— as axudas do Programa Galicia emprego, dirixido a facilitar, como vostede sabe, a formación e contratación dos colectivos que máis dificultades teñen para atopar un traballo —e este éo, sen lugar a dúbidas—, inclúen unha novidade importante: o incremento nun 25 % das contías base, dedicado a fomentar que atopen emprego as persoas transexuais, atendendo ademais ás demandas específicas deste colectivo. Ademais, este incremento aplícase por primeira vez no programa de promoción do emprego autónomo e no programa a prol da economía social neste ano 2019.

E, ademais, hai outra cousa importante. Acordouse un protocolo específico con Inspección de Traballo e Seguridade Social para xestionar dunha maneira específica e dun xeito preferente as denuncias que presente calquera persoa do colectivo LGTBI respecto da discriminación no traballo e mesmo da discriminación á hora de acceder a ese traballo.

E agardo tamén que sexa de especial interese, agora que se pon a funcionar, o Observatorio contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero, e eu quero pensar que non é unha casualidade que vostedes presenten esta interpelación. ¡Oia!, se é un movemento acción-reacción alégrome moitísimo de que sigamos facendo cousas para que vostedes reaccionen. Efectivamente, está funcionando este observatorio e agardamos moitísimas cousas. Despois na réplica supoño que me dará tempo a falar máis especificamente do arranque deste observatorio e das cousas que esperamos que se fagan coa colaboración de todos.

Ámbito educativo —para o tempo que me queda—. Presentamos no 2016 un protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero. ¿Con que fin?



Avanzar na atención á diversidade do alumnado galego e, por suposto, tamén atender especificamente ás necesidades, ás demandas e ás situacións discriminatorias que se puideran dar no alumnado LGTBI.

¿Difundímolos? Por suposto, e de moitísimos xeitos. Primeiro no propio profesorado. Xa se avanzou o seu contido, e xa o coñecen máis de 300 orientadores e orientadoras educativas de toda Galicia, un dos colectivos preferentes que queremos que o coñezan, traten e manexen en primeiro lugar. Enviamos en 2019, para facilitar a súa consulta e uso —dígoos porque vostede preguntou pola súa difusión—, unha carpeta a todos os centros educativos galegos con todos estes protocolos, que ademais están dispoñibles na páxina *web* da Consellería de Educación. No 2016 presentamos o primeiro Plan de actuación para a igualdade nos centros educativos de Galicia, 2016–2020, cunha actividade e difusión moi grande sobre todo o que ten que ver co acoso, coa non discriminación e coa igualdade, obxectivos específicos que interesan moitísimo ao colectivo escolar LGTBI.

Temos, e tamén fomos pioneiros aquí, unha materia de libre configuración autonómica, Igualdade de xénero —xa no curso 2016–2017—; unha ferramenta educativa de primeiro nivel. Creo que é importante, creo que é valente, e xa digo que non existía en ningunha outra comunidade autónoma. Agora xa existe un ciclo formativo de FP superior, Promoción da igualdade de xénero, que tamén toca todos estes temas.

En definitiva, señora Quinteiro, estamos facendo moitas cousas. A lei cumpre agora cinco anos de vixencia, ten moito campo desenrolado, moito campo por desenrolar e podémolo facer entre todos. Claro, se vostede cre que son os únicos que cren todo isto, os únicos que poden falar e os únicos que teñen dereito porque os demais non podemos falar disto, probablemente avancemos moi pouco e, sobre todo, non lle fagamos ningún favor ás persoas ás que nos diriximos e que temos que atender especialmente, que é o colectivo LGTBI.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Ben, estamos encantadas de que falen deste tema. De feito, poderían falar máis do que falan. Porque di vostede que rexistramos esta iniciativa polo do observatorio. Se quere, pode facer unha inspección e avaliar cantas iniciativas hai do noso grupo parlamentario e cantas hai do Partido Popular, cantas veces o noso grupo parlamentario trouxo este tema ao pleno e ás comisións e cantas veces o Partido Popular. Oxalá falaran máis deste tema, pero oxalá falaran, tamén lle digo, dende o respecto. Porque si, eu reafírmome en que fixeron moitas veces moitos comentarios retrógrados. E a hemeroteca está moi ben, pode botarlle unha ollada e ver todos os comentarios de xente vinculada directamente co Partido Popular que ofendeu a este colectivo de maneira directa. Iso é así, de maneira evidente.



Nós abstivémonos cando foi a lei de 2014. E vólvolle dicir que esta lexislación supuxo un avance pero foi totalmente insuficiente. E volveríamos facer absolutamente o mesmo, porque foi totalmente insuficiente. É máis, cinco anos despois podemos comprobar dunha maneira evidente como esta lei non serviu para nada máis que facer propaganda, para que fagan propaganda cada vez que soben a esta tribuna a falar da lei de 2014. Porque a día de hoxe incumpren sistematicamente a maior parte dos artigos que vostedes asinaron.

Falamos dos temas. En sanidade, o tema da unidade. É que non criticamos nós a unidade, é que o fan as persoas que asisten directamente á unidade. É que o fan as familias. Deberían escoitar a xente que lles conta cales son as deficiencias desa unidade. E non é absolutamente nada en contra dos profesionais da unidade. Tamén estaría ben que aclararan dunha maneira clara —porque houbo bastantes cambios— quen dirixe esa unidade.

Esa unidade está concibida única e exclusivamente dende o ámbito da saúde mental, coma un tramo obrigatorio para persoas que xa saben o que son, que non necesitan que veña un psiquiatra a dicirlles: Si, douche o permiso para que sexas muller. A xente xa o sabe. O único que queren é liberdade. E obviamente, se queren acceder a un determinado tipo de tratamentos, a un determinado tipo de operacións, teñen que ter unha unidade, pero concibida dende esa óptica, e non patoloxizar e obrigar a todas as persoas a sentir que están enfermas. Porque non están enfermas, non teñen un trastorno. E esa unidade o que fai é iso. Ademais, fai exactamente o mesmo que se facía no resto da atención primaria, pero agora en Compostela. Non crearon unha unidade que sirva para formar os profesionais, non crearon unha unidade que sirva para acceder aos tratamentos que as persoas libremente decidan, absolutamente para nada diso. Só serve para que alguén, un psiquiatra, che veña dicir se si ou se non podes dicir que es o que es.

O tema dos CIM é alucinante. Vaia preguntar ás traballadoras dos CIM a ver que opinan do seu decreto, a ver que opinan. ¿Teñen recursos e teñen profesionais os CIM para atender, a maiores, persoas LGTBI? Non, e non o dicimos nós. Dino todas as persoas que traballan nos CIM, que non están nin estiveron concibidos para iso. Ten que haber recursos específicos.

Os centros Quérote+ foron desmantelados, iso é unha evidencia. Podemos tamén facer unha comparativa do número de persoas que traballaron nos centros Quérote+ cando se puxeron en marcha, do número de persoas que están a día de hoxe e dos que se pecharon. É unha cuestión moi sinxela. E é así, vostedes o único que fixeron co decreto dos CIM foi añadir unha coletilla, pero non dotaron absolutamente nin un só euro máis para que a xente faga o traballo que debe facer —se quere, a señora Prado podería vir contestar tamén a esta iniciativa, porque debería ter claro como funcionan os centros de información ás mulleres—.

No tema do emprego deberían saber que están incumprindo a lei. Tampouco me dixo se van facer o estudo, se xa o fixeron ou se non van facer absolutamente nada para cumprir ese artigo da lexislación. Levan moito tempo utilizando a lei do 2014 como o argumento que vale para todo, como a lei que xa chegou para cambiar absolutamente todo. Eu digo que é un avance, pero é totalmente insuficiente. A lei de identidade de xénero era imprescindible, era unha necesidade urxente, e o conxunto da sociedade apoiou esa reivindicación. Porque foron os colectivos LGTBI os que fixeron un traballo inxente de conseguir apoios, de socializar a



lei para que non quedara só nos muros deste Parlamento. E rexeitárona sen dar ningún tipo de argumentación, non houbo ningún motivo para que a rexeitaran. O único argumento foi que xa existía a Lei de 2014, cando sabe que na Lei de 2014 só vén recollido como un artigo menor o tema da transexualidade.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Non vai desenvolto como tiña previsto esta lei específica.

Entón eu espero que vostedes poidan falar deste tema, e ogallá falaran moito máis. Pero falen con respecto, con coñecemento das realidades e do que viven as persoas e as familias, que nós non falamos por elas, non olviden iso tampouco. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, di que podemos falar todo o que queiramos. Si, si, por suposto, como todo o mundo; e falar con respecto, ademais. Vostede fala de que hai moito tempo que non temos insultos nin comentarios homófobos. Eu non lle escoitei a vostede nin a ninguén do seu grupo criticar o de «*la azotaría hasta que sangrase*». ¿Que pasa, que non é un comentario homófobo? Como vén do seu... Non sei se do seu partido, porque eu xa me perdín. Non sei se é do seu partido ou non, non sei exactamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero bueno, nalgún momento sería e, polo tanto, supoño que naquel momento puido facer algún comentario.

E dígoo porque isto vén moi ao conto de que, cando vostedes falan destes temas, ata poden dicir estas cousas e non pasa nada. Pero, cando nós dicimos algo, todo se interpreta no sentido de que nin fixemos nada nin estamos dispostos a facer nada nin falamos cos afectados e afectadas nin nos enteramos de nada. Vostede entérase de todo, ten a capacidade para discutir procedementos médicos, di que non critica os profesionais do Sergas pero despois critica o que fan os profesionais do Sergas. Polo tanto, creo que ao final non sei que é peor. Di que eles son moi bos pero que non se enteran do que fan, que non teñen nin idea e están facendo cousas que non había que facer e, polo tanto, que están contribuíndo a acrecentar o problema en vez de solucionalo. Eu veño outra vez aquí a insistir na necesidade de respectar o que fan os profesionais, e de pensar que o que están facendo o están facendo porque pensan que é o mellor. E seguramente o é —realmente, non, seguro—.

Polo tanto, paréceme un pouco atrevido, sinceramente, vir dicir que o que se está facendo é todo o contrario do que habería que facer; que é, cando menos, perder o tempo, cando non é directamente prexudicar os afectados. Eu creo que non, eu creo que non e, polo tanto, veño aquí a dicilo outra vez máis. Porque outra vez máis vostede volve poñelo en cuestión.



Di que non escoitamos os colectivos. Non, non, escoitámoslos tanto que ata intentamos —porque, ademais, méreceno e necesítano— apoialos economicamente. Xa é o terceiro ano que se pon unha asignación económica nos orzamentos para que todos aqueles colectivos que defenden os intereses e representan o colectivo LGTBI teñan unha axuda para poder seguir desenvolvendo a súa función. E xa sei que non é dabondo, xa sei que con iso non lles chega para cumprir todas as súas funcións, nin é a solución a todo o que plantexan. Pero eu creo que é un plantexamento importante, non se fai en case ningunha comunidade autónoma. Dígoo outra vez por esa lexitimidade que vostede lle nega a este partido e a este Goberno para falar de todo o que ten que ver con asuntos relacionados co colectivo LGTBI. Di que se alegra moitísimo de que falemos deste tema, e que falan vostedes máis que o Grupo Parlamentario do Partido Popular. Probablemente porque, como apoia o Goberno, dáse conta de que o Goberno está facendo moitas cousas e está executando a lei. E imos seguir executándoa.

E insisto, señora Quinteiro, en que pensar que uns xa o saben todo e teñen dereito a moverse neste aspecto en todas as direccións e que todo está ben, e que outros non sabemos nada e polo tanto todo o que fagamos imos facelo mal e as instrucións que deamos están mal dadas e non van servir para resolver ningún problema, nin para conseguir ningún avance, creo que é unha postura errónea. Acabamos de constituír o observatorio, acabamos de recoller moitísimas das alegacións que presentaron os colectivos LGTBI, entre outros colectivos que van estar neste observatorio, e imos ver se somos capaces de desenvovelas entre todos e todas. Sería un gran avance, daríamos un magnífico exemplo. E por suposto que escoitaremos a todo o mundo, por suposto que pensaremos que non temos a verdade absoluta neste tema. Pero vostedes, dende logo, tampouco; probablemente menos ca nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos ao seguinte punto, o de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira, D^a Carmen Santos Queiruga e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do rescate do carácter público dos medios de emerxencias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Bo día, señor vicepresidente.

Señor Rueda, alégrame que hoxe estea aquí con nós, xa que no anterior pleno fixemos unha pregunta —que nos gustaría que vostede respostara— sobre as folgas do 112, do 061 e dos helicópteros —é dicir, do conxunto dos servizos de emerxencias—, e que contestou o señor Almuíña. Pero nós preferimos abordar estas cuestións con vostede. Porque, como sabe, a acción dos poderes públicos en materia de emerxencias, de protección civil, con orientación e estudo na prevención das situacións de grave risco, de catástrofes, de calamidades públicas, e a protección tanto dos bens como das persoas en situacións de crise, pois é unha das fun-



cións fundamentais do Goberno galego e, neste caso, da Vicepresidencia da Xunta. Ademais é un servizo público fundamental que garante a seguridade e a tranquilidade dos cidadáns e das cidadás. É un servizo en cuxa organización pois participan tanto as distintas administracións públicas como a cidadanía, aínda que o superior xerárquico na súa coordinación, como ben sabe, é vostede.

É certo que dende o ano 2007 temos unha lei de emerxencias para Galicia. Pero, sen embargo, nós consideramos, á parte dos servizos de emerxencias, que continuamos sen contar cun mapa de emerxencias operativo. Vimos sucesivas descoordinacións en situacións de emerxencia, de crise, en inundacións, na crise do accidente do Marisquiño, coa vaga de lumes, unha situación que o que amosa —polas denuncias e pola propia percepción dos servizos de emerxencias e dos seus traballadores, sumada á súa sobrecarga de traballo, e de aí as folgas, e tamén ás descoordinacións con equipos como os do GES, que tamén viñeron reivindicando distintas situacións todo o ano pasado— é que temos un mapa de emerxencias que se caracteriza pola ineficacia, a descoordinación e un funcionamento territorial deficitario.

O mapa de emerxencias de Galicia estaría integrado, como vostede sabe, polos parques de bombeiros locais das grandes cidades, os parques de bombeiros comarcais e servizos municipais de bombeiros, os grupos de emerxencias supramunicipais (GES), o servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais, que se complementan co mapa de protección civil, Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica, servizos sanitarios e 112. Ou sexa, non é unha cuestión menor.

E na actualidade, agora mesmo, vemos que este mapa de emerxencias o que amosa é unha deficiente capacidade para poder xestionar tanto os recursos que se teñen como toda esta coordinación territorial e funcional. E os servizos de emerxencias pois denuncian todos os problemas que ten a xestión diaria e como, cando hai algunha crise, a súa xestión se ve entorpecida habitualmente por decisións erradas da Xunta. Aínda que nós tamén cremos que non é soamente culpa de vostedes, porque hai casos nos que se amosaron as deficiencias que existían, como no caso do Marisquiño, en Vigo.

A temeridade da Xunta vese incrementada tamén polos intereses económicos que hai e a privatización dos servizos, como o caso dos helicópteros no caso das emerxencias.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Por iso nós lle preguntamos —e remato— se ten pensado rescatar o carácter público do servizo de emerxencias, como propoñemos dende o noso grupo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.



O señor VICEPRESIDENTE, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Santos, nisto sempre digo mesmo: o Goberno responde colectivamente. É o que ten ser un goberno coordinado e informado, e, polo tanto ao final quen lle responde é quen ten mellor información para poder darlla, con independencia de que vostedes prefiran uns ou outros. Insisto, porque aí vese, ao contrario do que pasaba hai dez anos, un goberno coordinado, que pode responder das áreas dos demais cando son eles os principais afectados.

Dito isto, insisto nunha cousa: as emerxencias en Galicia son públicas sempre, con independencia do xeito de xestionalas. Son públicas sempre; se non, eu non estaría aquí respondéndolle e non lle diría a vostede que eu son o responsable da coordinación e o responsable tamén cando algo sae mal. Se foran privadas, pois probablemente non estaríamos falando disto. Polo tanto, son públicas, a titularidade é pública e o control que se fai —moi estrito en todos os casos— sempre é un control público.

Outra cousa é a administración responsable. Vostede falaba da Lei de emerxencias do ano 2007, que seguro que coñece. E, como a coñece, sabe que a Xunta de Galicia ten unhas funcións de superior coordinación, é certo. E para iso está a Dirección Xeral de Emerxencias, e para iso está o 112. Pero os responsables dos medios, en todos os casos, son os concellos de máis de 20.000 habitantes directamente. E os de menos de 20.000, tamén. E, se non foran capaces —que moitas veces non o son porque non teñen os recursos suficientes, sobre todo nas grandes emerxencias—, as deputacións provinciais. Outra cousa é que a Xunta de Galicia sexa consciente de que ese modelo, que está moi ben sobre o papel —lei do Bipartito, do ano 2007—, despois na práctica non se dá se a Xunta de Galicia non pon tamén os seus recursos e o seu esforzo. Por iso estamos tamén nas intervencións directas. Por iso, en xeral, eu teño que dicir que Galicia é segura, que temos magníficos profesionais e moitos medios, moitos máis que noutros sitios ¡eh! Non ten vostede máis que ir ver outras comunidades autónomas e ver os medios dos que dispoñen, e ver se colaboran as administracións de diferentes cores políticas. Por certo, creo que este é un exemplo de que isto sexa así.

Ponme vostede como exemplo de mala actuación en emerxencias o Marisquiño. Eu creo que foi buscar... Outra cousa é o que habería que ter feito para evitar que se producira todo iso. Pero a intervención de emerxencias foi impecable. Eu crin que todos estabamos de acordo aquí, falouse na comisión de investigación, en todas as intervencións. (*Murmurios.*) Agora vostede vén dicir que non, que a intervención en emerxencias foi un desastre. Claro, así non nos imos poñer de acordo nunca. Foi exemplar, e reivindico outra vez o que fixeron os profesionais no Marisquiño ese día (*Aplausos.*)

A partir de aí, queda unha segunda réplica, e vostede tiña que ver o que eran as emerxencias en Galicia no ano 2000 e o que son dezanove anos despois —xestión do Bipartito incluída—. Neste aspecto seguiu avanzando, non á velocidade á que se tiña que ter avanzado pero avanzouse tamén. Agora mesmo, sen ir máis ala, se vostede ve os medios de emerxencias que había no ano 2000 e os que hai agora, darase conta de que se avanzou moitísimo. É que o mapa de emerxencias deu un salto cualitativo impresionante. ¿Quedan cousas por facer? ¿Hai que pechalo coa comarcalización dos parques? ¿Hai que reformular algunha cousa dos



GES —agora falarei na segunda parte—? Por suposto, pero diso a dicir que os servizos de emerxencias non funcionan e que, polo tanto, é un desastre e que se viu en casos como o Marisquiño é unha gran inxustiza que eu non podoo admitir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica, ten a palabra a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Señor Rueda, as folgas que existiron nos servizos de emerxencias non as invento eu, sabe vostede que existiron. E non dixeran que fora un desastre ou que non cumprira os servizos o persoal de emerxencias no Marisquiño. Eu o que lle digo é que existiu descoordinación —díxoo o xerente da Axega, o señor Marcos Araújo, nesa comisión, na que recoñeceu as descoordinacións— ... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si, eu estaba. Ao mellor estaba noutro sitio e non escoitei o mesmo. E non quero dicir con iso que sexa só responsabilidade da Xunta, pero existiu descoordinación. Son os servizos de emerxencias os que denuncian a descoordinación, a desorganización.

E que me diga que non hai unha privatización dos servizos de emerxencias... Por suposto, o caso dos helicópteros é que, de verdade, é o exemplo perfecto de mala praxe á hora de privatizar un servizo, de privatizar uns recursos que eran públicos, para empeorar a calidade e o custo dese servizo. Entón, polo tanto, imos falar con contundencia.

A min non me importa o que pasou no Bipartito, eu estou no ano 2019 e estou falando da situación do ano 2019. E é o persoal do servizo de emerxencias o que denuncia, e remarcan que non se conta cun mapa actualizado de equipos de intervención, que hai arbitrariedade na cobertura xeográfica, desequilibrio territorial na protección da cidadanía, a falta de criterios técnicos en lugar dos puramente partidistas, que son os que non fan máis que empeorar a calidade do servizo de emerxencias, a temeridade da Xunta neste ámbito, onde eles mesmo denuncian que se priman intereses económicos das empresas amigas sobre o interese público e a salvagarda da poboación, e que se traduce en privatizacións sistémicas dos medios de emerxencias —repito, como o caso dos helicópteros—, e en persoal precario que protesta —dá igual se é empregado público que se é subcontratado—.

Entón, señor Rueda, por suposto que lle temos que preguntar a vostede, aínda que as deficiencias do sistema afecten ao señor Almuíña ou á señora Quintana, porque vostede é o xefe das emerxencias de Galicia a nivel político.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: E esa é a verdadeira coordinación.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Eu dicíallo no sentido positivo, porque seguen insistindo...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...en que un sistema privatizado funciona mellor que unha xestión pública e directa...

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Santos, pois se cando fala en sentido positivo fala así, cando fale en sentido negativo das emerxencias levaraas por diante absolutamente, *(Risos.) (Aplausos.)* levaraas por diante. *(Aplausos.)*

Mire, por aclarar unha cousa outra vez —porque vostede fixo unha alusión moi directa—, o señor Araújo, o xerente da Axega, non dixo que houbera descoordinación. En absoluto, dixo todo o contrario. A verdade é que eu estiven en contacto con el desde o primeiro momento, e o que dixo —e segue pasando, por desgraza— é que hai moitos problemas —pero en xeral, e non só no Marisquiño— para poder coordinarse cun concello, ¡cun concello! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Seguimos sen ter o teléfono do alcalde de Vigo para cando se produce unha emerxencia. Isto non nos pasa nos outros 312 concellos de Galicia, e isto hai que dicilo. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Polo tanto, se vostede cre que iso é descoordinación, pense o que queira. Dende logo, a descoordinación vén por un lado. Os outros alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas de toda Galicia cren que é bo que poidan ser localizados inmediatamente e que se poida empezar a traballar dende o primeiro momento conxuntamente, probablemente porque é o que lle interesa á xente que está na emerxencia. Claro, cando hai outros intereses, incluso por enriba deles, vostede ten que preguntar por que isto é así aos que provocan esa situación.

Eu vólvolle insistir en que temos uns servizos públicos de emerxencias de moita calidade. E, mire, teñen que aclararse. Vostede dicíalle á directora xeral de Administración Local nunha comparecencia, falando dos GES —que son unha parte importante do mapa de emerxencias—, que a ver cando os rescataba a Xunta porque non podían estar en mans dos concellos porque había moitas prácticas caciquís —dicían vostedes— nos GES; e, polo tanto, dicían que a Xunta tiña que recuperalos e xestionalos. E, ao mesmo tempo, dinos que estamos xestionando todo de xeito privatizado e que, polo tanto, a Xunta non xestiona ben os servizos de emerxencias. ¡Póñanse de acordo! Se collemos as cousas, porque as collemos; se non as collemos, porque non as collemos e porque estamos xestionando mal. Ao final creo que estamos cumprindo a nosa función —insisto— de xeito coordinado coas outras administracións. E avanzamos moitísimo. Hai moitísimos máis parques de bombeiros e moitísima máis seguridade da que había hai dezanove anos e, por suposto, da que había hai vinte e cinco —que non hai tanto—.



E por suposto que aquí estamos atopando moita responsabilidade en xeral —coas excepcións que lle dixen— con todos os responsables políticos, que ven que é necesario investir en emerxencias, que ven que, aínda que sexa algo que non se ve tanto —e oxalá non se vira nunca—, cando é necesario alí están; e, polo tanto, vale a pena poñerse a coordinar, e iso é o que se está facendo.

Vostede fálame de folgas. ¡Oia!, a folga do 061 e do 112 produciuse cando se produciron os traslados a outros lugares. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tiñan máis que ver coa deslocalización dos traballadores que co servizo de calidade que se estaba prestando, que, dende logo, medrou. E o tempo demostrou —xa levan un tempo funcionando— que foi así, e que o servizo que se presta agora é mellor. Polo tanto, eu comprendo esas tensións dos traballadores, comprendo as súas lexítimas reivindicacións, pero creo que se está mellorando moitísimo en emerxencias e investindo moitísimo.

Por tanto, jollo, señora Santos! Dende a miña responsabilidade —vostede di que eu son o responsable das emerxencias—, como responsable de emerxencias, dígolle que ollo con esas mensaxes catastrofistas, ollo con esas mensaxes inxustas. Porque, cando de verdade se produce unha catástrofe, os servizos de emerxencias son profesionais, dependen da Administración...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e responden axeitadamente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Ángeles García Míguez e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance por parte do Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Boas tardes.

Hai uns días superabamos o escalofriante dato de mil mulleres asasinadas a mans das súas parellas, segundo os datos recompilados dende o ano 2003. Pero sabemos que son moitas máis se temos en conta as datas anteriores a este ano. E máis aínda, xa que a Lei do ano 2004 de protección integral contra a violencia de xénero só contabiliza aquelas mulleres que tiñan unha relación de afectividade co seu asasino. En Galicia non sucede así, na Lei galega do ano 2007, de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero, inclúense



todas as mulleres asasinadas sen necesidade de ter un vínculo afectivo co seu maltratador. Como exemplo teríamos o caso de Diana Quer. En Galicia si formaría parte desta dramática estatística. Polo tanto, temos unha lexislación máis en consonancia co Convenio de Istambul, sendo unha das máis avanzadas de Europa.

Estas cifras din que a sociedade debe amosar tolerancia cero contra o maltrato. Foi moito o traballo feito. Conseguiuse que esta grave situación deixase o ámbito privado e pasase ao público, de ser considerado un problema de portas para dentro a ser unha responsabilidade de todos, grazas en gran medida ás campañas de sensibilización e de prevención. E, neste sentido, todos e todas debemos asumir a nosa obriga; sobre todo, aqueles que temos responsabilidade política.

Señor vicepresidente, quero agradecerlle publicamente en nome de todos os galegos o traballo que vostede está a facer. E, neste sentido, non quero pasar por alto que hai escasamente uns meses vostede tiña unha conferencia na cidade de Vigo, nun foro económico-empresarial, e falaba de mellorar a competitividade, o emprendemento, e apostaba pola creación de emprego de calidade. Nos seus últimos minutos lembrou na súa intervención que a violencia machista pode ocorrer en calquera espazo, que pode acontecerlle a calquera persoa, e que ás veces se produce ao noso carón en silencio. Vostede instou a todas as persoas que alí estaban a que se informen sobre o protocolo de acoso laboral e sexual dirixido aos colexios profesionais, aos empresarios e aos traballadores, a que se acheguen para asesorarse sobre as axudas que hai para a contratación de vítimas de violencia machista, a que denuncien, que non miren para outro lado e que non calen. Esa é a nosa responsabilidade. *(Murmurios.)*

Parece que á oposición non lle interesa pero seguimos con esta pregunta, porque cremos que é moi importante a sensibilización, a prevención e, por suposto, a protección ás vítimas. Dar voz alí onde nos atopemos. Polo tanto, queremos facer a seguinte pregunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: ...respecto das medidas de protección: ¿que balance fai o Goberno galego acerca das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección ante a violencia machista?

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora García, efectivamente, concordo —eu creo que concordamos toda esta Cámara— en que todo o que se faga é pouco, e en que todo o que sirva para previr antes que ter que pro-



texer pois é moitísimo mellor por moitísimas razóns que son perfectamente entendibles. Agora, é certo que ás veces hai que protexer as vítimas, porque vítimas hai, e moitas, moitísimas máis das que debería haber. E o que fai a Unidade de Policía Adscrita dende o ano 2016 é dedicarse —concretamente con 12 efectivos, sempre, en todo momento, e cando fai falta destinar máis efectivos, faise, por suposto— a protexer as vítimas.

Asinamos hai tres anos —xa digo, no ano 2016— un convenio co Ministerio do Interior. E agora mesmo, nas unidades Vioxén, no Programa Vioxén, en colaboración co Corpo Nacional de Policía —por suposto, os primeiros responsables— atendemos as mulleres en coordinación coas comisarías de Santiago, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo —polo tanto, cubrimos toda Galicia—.

¿Cando comeza o traballo destes grupos? Pois no momento no que se cursa unha denuncia por violencia de xénero ou se solicita unha orde de protección; é dicir, cando existe unha vítima ou a posibilidade de que exista, cando menos, unha vítima. ¿Que fan os axentes —que reciben, por suposto, unha formación moi especializada e moi exhaustiva—? Entrevístanse coa vítima para coñecer as súas circunstancias persoais e identificar as situacións de risco que poida ter, e planifican unha estratexia de protección á súa medida. Non esquezamos que son unidades de protección; polo tanto, hai un plan de actuación personalizado. E insisto niso, en que as circunstancias que rodean a cada vítima —as circunstancias sociais, territoriais e familiares— varían moitísimo; polo tanto, hai que adaptarse a esas diferentes circunstancias.

Valórase o nivel de risco, e pódense facer dende chamadas telefónicas esporádicas, de contacto, de supervisión, entrevistas persoais periódicas, ata facer unha vixilancia moito máis exhaustiva, polo menos en períodos concretos de tempo. E ademais hai unha colaboración cos diferentes servizos sociais, con diferentes xulgados e fiscalías, para que esta actuación —tamén son profesionais que atenden as vítimas— sexa o máis integrada e o máis coordinada posible.

E dou algún dato cuantitativo. Dende o comezo da prestación deste servizo —xa lle dixen que son tres anos, dende o ano 2016— deuse protección a 1.617 vítimas. Foron 110 no ano 2016 —o convenio asinouse e comezou a súa vixencia xa co ano avanzado—, 511 no 2017, 558 no 2018, e 438 —un número moi alto e moi preocupante— no que vai de 2019. É preocupante ou non, porque isto tamén quere dicir que hai máis mulleres que se animan a denunciar, porque saben que van ter esa protección das forzas e corpos de seguridade do Estado; neste caso, da Unidade de Policía Adscrita.

Na actualidade estamos atendendo e estamos protexendo dende a Unidade de Policía Adscrita a 264 mulleres. Na segunda quenda de intervención pódolle dar máis datos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para a réplica ten a palabra a señora García Míguez.



A señora GARCÍA MÍGUEZ: Si, despois de escoitar a determinados grupos políticos falar de que os recortes matan ou de que hai manadas na política, xa lles avanzamos que nós non imos usar a violencia machista nin como confrontación continua —que estamos acostumados a escoitalo— nin como ferramenta electoralista. No Partido Popular queremos amosar responsabilidade, así o demostran os datos que hoxe nos achega o señor conselleiro.

Felicítamos a todo o Goberno da Xunta de Galicia, concretamente a Vicepresidencia e a Secretaría Xeral de Igualdade, pola aposta económica de máis de cinco millóns de euros para axudas directas ás vítimas de violencia, e cun orzamento de fondos propios. Nunca antes na historia houbo un apoio como agora contra a violencia de xénero, con atención aos sectores máis vulnerables, as mulleres inmigrantes, as vítimas de trata e explotación sexual, as mulleres con discapacidade, a quenda de agarda de atención psicolóxica, con formación nas universidades, prevención nas festas, na industria cultural, na artística, co emprego das novas tecnoloxías, a adaptación dos xulgados e a oficina de atención ás vítimas, a asistencia telefónica, a gratuidade letrada, a regulación da publicidade nos medios de comunicación e a aposta polo traballo coordinado dende o ámbito local, e, por suposto, formación, prevención e sensibilización no ámbito da Administración pública, da sanidade, da educación, no rural, no urbano, nas empresas e coa nosa veciñanza.

En definitiva, mentres o Goberno galego forma parte das solucións, outros, se non se suman, forman parte do problema. Pedimos responsabilidade para formar parte dun diálogo que nos una e non dun monólogo que nos separe. E así —xa para rematar— doulle a noraboa, xa que foi un Goberno popular o que no ano 2015 conseguiu que o Ministerio e a Xunta de Galicia poidan ter esta Unidade de Policía Adscrita, con atención os 365 días do ano e as 24 horas do día.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora García, efectivamente, como xa dicía na primeira parte da súa intervención, hai moitísimas medidas. Esta é unha medida reactiva, cando hai unha vítima e hai que protexela. Oxalá que non fora necesario, oxalá que puideramos dedicar todos os esforzos á prevención. E é certo que o pacto de Estado contra a violencia de xénero —eu dígoo sempre que teño ocasión—, aprobado por un goberno do Partido Popular e executado por un goberno do Partido Socialista —mostra de que nalgunhas cousas importantes hai que poñerse de acordo sempre—, dá moitas oportunidades.

No tema da protección das vítimas, que é o obxecto da súa pregunta, é certo que nos gustaría que nalgunhas actuacións que nós propoñemos e que creo que son eficaces —como, por



exemplo, poder facer obras nos xulgados para a separación entre vítimas e agresores cando hai declaracións e todo iso— os eixos do pacto de Estado non o permiten. Hai máis nas oficinas de atención ás vítimas, que creo que se deberían mellorar, e permitir esas actuacións. Pero en xeral creo que é moi positivo, e temos unha enorme oportunidade para actuar na prevención, na educación e despois na protección, cando é necesario, das vítimas de violencia machista.

Díciolle que lle ía dar máis datos na segunda parte da intervención. Simplemente quero dicir que desde o ano 2016 se detiveron 86 persoas —digo pola Unidade de Policía Adscrita— por delitos relacionados coa violencia de xénero, que se atenderon case 5.000 chamadas relacionadas coa violencia machista na Unidade de Policía Adscrita, que estes policías mantiveron máis de 13.000 contactos directos coas vítimas e que se levaron a cabo máis de 82.000 controis na contorna das vítimas e máis de 4.000 na contorna dos agresores. Fixéronse case 5.000 informes de avaliación de risco, expedíronse case 5.000 notificacións aos xulgados ou á Fiscalía relacionadas coa actuación destas unidades Vioxén e fixéronse case 3.000 identificacións. Hai que seguir facendo isto, sen ningunha dúbida, e por desgraza.

Aproveito aquí unha vez máis —e cando teño ocasión fágoo— para dicir que son doce os policías da Unidade de Policía Adscrita que están especificamente dedicados e en exclusiva ás unidades Vioxén da UPA, pero farían falta moitos máis. Nas comunicacións que estamos facendo continuamente ao Ministerio de Interior reclamámoslle o que xa conseguimos no ano 2012-2013, que é chegar aos 500 efectivos da Unidade de Policía Adscrita —volvemos estar por debaixo dos 400—, e unha parte moi importante serviría para aumentar estas unidades Vioxén. Polo tanto, creo que é máis necesario que nunca, e agora urxente. Dáballe na primeira parte da miña intervención os datos de que son máis as vítimas protexidas —polo tanto, hai máis denuncias—. E se as vítimas de violencia machista souberan que poden ter incluso máis policías para poder protexelas e que, polo tanto, van estar máis seguras, probablemente iso animaría aínda máis, xunto con outras medidas, a que se produciran máis denuncias.

Polo tanto, é fundamental seguir reclamando que se complete a Unidade de Policía Adscrita. Fan funcións fundamentais, e non só estas. Pero estas especialmente, simplemente estas, servirían para que esa dotación se complementara e se complementara canto antes. Agardo que unha vez que se constituía o Goberno poidan ser sensibles e esta sexa unha das primeiras de mandas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...que sexan atendidas, porque Galicia leva tempo facéndoa, e creo que é de xustiza e de necesidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.



Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto da consideración, na información emitida pola CRTVG o día 12 de xuño, da proba de galego como un elemento discriminatorio para o alumnado que se presenta ás probas de selectividade en Galicia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Señor conselleiro, o 12 de xuño abriuse a ABAU —onte falamos moito disto—. Recibiu 11.400 alumnos que estaban matriculados. Estes alumnos van a estas probas con moitísima presión. Pero a Comisión Interuniversitaria de Galicia, a CiUG, si parecía garantir, dende logo, a seguridade. Os alumnos e as alumnas levaban as orellas descubertas, os nervios arrebolados, os dispositivos na casa —os teléfonos móbiles—... Ben, querían evitar a fraude. Isto parécenos moi correcto, moi ben. Pero o que non evitou a CiUG foi o caos na proba de filosofía. Tamén o exame de bioloxía e xeoloxía estaba soamente en castelán. Cando algúns alumnos e alumnas pediron a versión en galego, tardaron unha hora en dárllela, e ademais despois deixáronlles simplemente dez minutos, unha vez iniciado o exame. Tamén tiveron que substituír o exame de Lingua II por abrirse o paquete antes de tempo. É dicir, houbo moita falta de rigor da Administración á hora de velar polos dereitos lingüísticos do alumnado.

Este é o dato, este é o feito, pero é moi importante saber como se enfocou o tema dende a CRTVG. Dende a CRTVG fíxose algo intolerábel, díxose que as alumnas e os alumnos galegos tiñan que examinarse dunha materia máis, que as probas eran máis difíciles, que os criterios de corrección eran máis exixentes... Isto contradíse con que o 91,46 % do alumnado galego superou a proba. Este é un dato obxectivo.

A cobertura do inicio das ABAU por parte da CRTVG espertou moitas críticas, porque o ente público aludiu ás desigualdades entre comunidades. Claro, as probas veñen marcadas pola seguridade e polas desigualdades, ¡que curioso e que coincidencia! Desta maneira, a corporación da televisión pública quebranta os seus propios principios deontolóxicos que a obrigan a promocionar, difundir e defender a lingua, a cultura e a nosa identidade. É unha falta de respecto intolerábel considerar que o exame é unha dificultade en lugar dunha oportunidade académica, considerar a nosa lingua como unha materia máis, sabendo que é un patrimonio único, unha riqueza, como a auga e o aire para vivir e para respirar. Necesitámola así.

A información publicada desapareceu despois, pero coincide coas declaracións de Feijóo, que aposta por unha selectividade única.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Isto está contradito...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora CUÑA BÓVEDA: ...polos reitores, dende a CRUE, que os agrupa en todo o Estado.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Defenden unha selectividade tal como temos no sistema actual. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, a verdade é que na súa exposición de motivos e tamén na súa exposición oral vostede pon, por riba das persoas, por riba da igualdade dos xóvenes, a súa ideoloxía. E creo que se equivoca, e voulle dicir por que.

En primeiro lugar, dáme a sensación de que vostede está absolutamente sobreactuando nesta pregunta, porque quere utilizar a lingua como unha arma arroxadiza. Véselle que non ten intención de ter un control efectivo —neste caso do órgano ao que vostede acusa de non defender a lingua e a cultura galegas, que é a CRTVG—, porque vostede sabe que este é un organismo independente que ten unha comisión de control propia no Parlamento de Galicia. Se de verdade tivesen algún interese en aclarar o sentido da noticia, vostedes plantexarían esta dúbida nese foro e non neste, que é absolutamente diferente.

E tamén lle digo, sen entrar a valorar en ningún caso a noticia, que creo que aquí hai unha sobreactuación de novo. Porque, mire, dubidar do compromiso dun ente como a Televisión Galega, a televisión pública galega, na defensa da lingua ou da cultura por unha información que é absolutamente verídica, e sen ningún tipo de valoración e que non se pode cuestionar —os alumnos galegos teñen unha asignatura máis na selectividade, na ABAU, iso é algo indubidable—, é algo que penso que é ir demasiado lonxe, é intentar construír un ataque, neste caso a un órgano público, con base nun feito absolutamente obxectivo que vostede non me pode discutir —como pasa, por certo, en todas as comunidades autónomas con lingua propia, con linguas cooficiais—. Hai un exame máis, efectivamente.

E tamén é certo que a propia responsable desta información dalgún xeito fixo unha aclaración, fixo unha aclaración. Pero a vostedes a verdade é que lles dá igual todo isto.

Claro, vostede di que non lle parece ben que os exames para a selectividade, para a actual ABAU, sexan diferentes nas comunidades autónomas. Eu creo que é importante que haxa igualdade de oportunidades para todos os xóvenes. E non o di este partido político, non o di este Goberno, non o di o anterior conselleiro de Educación, nin o actual conselleiro nin o presidente da Xunta de Galicia. Dino moitísimos expertos, dino moitísimas universidades,



dino moitísimas comunidades autónomas. Efectivamente, no acceso á universidade hai un distrito único, pero hai dezasete distritos diferentes de acceso e está demostrado estatisticamente, neste caso pola Universidade de Valladolid, que hai un diferencial no que é a intensidade da medición das notas da antiga ABAU. E iso ten moito percorrido para os alumnos e ten moitas consecuencias na súa vida. E creo que é moi importante que haxa igualdade de oportunidades e ter unha proba que dalgún xeito calibre igual a todos os alumnos con independencia da comunidade autónoma.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Iso é velar pola igualdade máis alá das ideoloxías particulares de cada un.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, é unha vergonza, señor conselleiro. Estamos falando non dunha perogrullada —palabra que lle gusta moito para falar de lingua—, non dunha ideoloxía. Estamos falando dun dereito. Está recollido no Estatuto de autonomía, está recollido nas nosas leis. A CRTVG ten esta obriga.

Claro que pertencemos a esa comisión, e alí tamén sacamos o tema. Pero o Goberno ten responsabilidade no momento de facer cumprir as leis, e están incumprindo as leis. Cumpran as leis. É un tema de fondo calado.

Ese estudo do que vostede fala non está contrastado, acábollo de dicir. O que pasa é que non esperaba outra resposta, porque vostede ten ese bo costume de non escoitar en absoluto, de facer falacias e falacias. A resposta súa é certamente sibilina. Non estamos en tempos de argumento, é verdade. O argumento evita o abismo, non ten calidade abismal. Vostedes están reproducindo o discurso recentralizador da ultradereita estatal, asumindo como propios os seus argumentos. Estes argumentos que eu lle digo e que vostede ignora, dende logo, vanse afundir en calquera noite electoral apañando os balóns perdidos no quinto inferno.

Pola contra, fartarémonos de ver triunfante, governe ou non, o neofascismo abismal co que vostedes están pactando. Xa teñen un patrimonio seguro, vostede non asiste aquí cando o convocamos para falar de patrimonio. Hoxe vén, e xa non é conselleiro de ensino nin é responsable da CRTVG. Moi ben, benvido sexa. Por fin vén, non á área que lle corresponde. Pero xa teñen un patrimonio seguro: o parque temático do abismo. Xa non teñen nin sequera que respostar con argumentos, só descualifican. Dicirme que estou sobreactuando é unha falacia. E as falacias fan un ruidiño cando escachan no chan ao caer.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.



A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas a vostede. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Eu digo que a súa visión política do mundo a leva a primar a súa ideoloxía e o seu discurso vacío fronte aos dereitos das persoas e fronte á igualdade dos xóvenes. E voulo explicar.

Mire, as comunidades autónomas, todas, fan sistemas diferentes de acceso á universidade; sen embargo, hai un distrito único. E a Universidade de Valladolid e outras institucións teñen feitos estudos estatísticos que demostran que hai un diferencial na dificultade entre as diferentes comunidades autónomas, que calibran a nota de acceso, de corte, que dificulta ou prioriza uns alumnos sobre outros, e que non existe unha correlación directa entre o nivel académico das diferentes comunidades autónomas e as notas da ABAU. Porque as comunidades autónomas que teñen un maior nivel académico en toda España —Galicia está entre elas, está en terceiro ou cuarto, segundo a variable, nos informes PISA, igual que Castela-León— sempre aparecen nos últimos postos na ABAU. E outras comunidades autónomas que teñen uns niveis de coñecemento e de destrezas por debaixo das medias de España, e moi por debaixo das medias de Galicia ou de Castela-León, por exemplo, teñen moito mellores notas na selectividade. Algo falla. E eu creo que son moi importantes os dereitos, é importante garantirles os dereitos aos alumnos, garantirles os dereitos aos xóvenes, a igualdade de oportunidades aos xóvenes. E neste sistema detectouse e detéctase que existen fallos. Hai que perfeccionalo e hai que garantir a igualdade de oportunidades para un mozo con independencia de que sexa de Lugo, de Soria, de Valladolid, de Albacete ou de Sevilla. Iso é a igualdade, e nós cremos plenamente nos dereitos das persoas. (*Murmurios.*)

Claro, vostede o que prefire é falar de recentralización da ultradereita estatal, vostede prefire falar diso que falar da igualdade dos nosos mozos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) cara a unha proba tan importante que vai marcar a súa vida...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, señora Prado! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou pedindo silencio en todos os sitios. ¡Por favor, silencio! (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Silencio de todos, señor Sánchez, de todos. E alí acabo de chamar á orde tamén. Non chamei á orde, perdón, dixeran que calaran.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Ben, dicía que hai que primar os dereitos das persoas sobre as soflamas e os eslóganos políticos. E creo que aquí hoxe quedou moi claro.

En todo caso, mire, vostede está poñendo en dúbida o compromiso dun ente público, como é a CRTVG, respecto do fomento da lingua e da cultura. E mire, unha institución como é a FORTA dános un dato tremendamente importante nunha pregunta que creo que é moi significativa respecto da contribución das televisións autonómicas á promoción dos rasgos culturais de cada comunidade autónoma. ¿Sabe vostede cal é a televisión autonómica que máis potencia, que máis promociona e máis pon en valor a súa lingua e a súa cultura propias? A



galega, co 90 %. O 90 % fronte a outras: o País Vasco, o 81 %; ou a catalá, o 82 %. Pero como parece algo raro que se diga unha realidade estatística...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...da existencia dunha asignatura máis nun exame de selectividade, e a partir de aí crean vostedes un mito, un relato, e acaban falando de neofascismo, de recentralización, realmente, a partir de aí, señoría...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ... ¿que quere que lle diga?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Cambio no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Hai unha alteración da orde do día. Pasamos agora a debater a pregunta 7.10.

Pregunta de D^a María Encarnación Amigo Díaz e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as obras de conservación executadas nos dous últimos anos na muralla romana de Lugo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, a muralla romana que rodea o casco histórico da cidade de Lugo é a única do mundo que se conserva enteira. Foi fundada no ano 13 antes de Cristo polo maxistrado romano Paulo Fabio Máximo en nome do emperador César Augusto.

Dende o día 6 de outono do 2007 está irmandada coa gran muralla chinesa de Qinhuangdao. A muralla de Lugo é totalmente transitábel. Construída fundamentalmente en pizarra e, en menor medida, en granito, mide algo máis de dous quilómetros de diámetro, cunha altura que oscila entre os 10 e os 15 metros. Nalgún dos seus tramos o espesor dos seus muros alcanza os 7 metros de ancho. Consérvanse a máis grande parte dos seus cubos. Conta con dez portas —cinco antigas e outras cinco de apertura máis recente, entre os anos 1853 e 1921—. As modificacións que ao longo dos máis de 17 séculos de historia sufriu non alteraron subs-



tancialmente o seu aspecto e o seu trazado orixinal, que segue as directrices do enxeñeiro romano Vitrubio. Cabe destacar que a muralla romana de Lugo é a única en todo o territorio que formou parte do Imperio Romano que se conserva íntegra no seu perímetro.

Neste mesmo ano, 2019, celebramos o décimo nono aniversario da declaración, por parte da Unesco, da muralla romana como patrimonio da humanidade, un recoñecemento que contribúe á posta en valor deste monumento romano que identifica a cidade de Lugo e, por extensión, o conxunto da nosa comunidade.

A Xunta de Galicia, como titular da muralla, vén impulsando diversas iniciativas que contribúen á rehabilitación deste monumento e á conservación das súas estruturas —entre as máis recentes, as obras efectuadas nos cubos 80, 70, 71 e 19—. Ano tras ano, dende o ano 2009, a Xunta de Galicia está a investir na conservación da muralla, uns investimentos que, como dicía, dende o ano 2009 suman máis de catro millóns de euros.

Por todo isto, e sendo conscientes da gran importancia que ten para todos os lucenses e para todo o pobo galego a conservación deste emblemático monumento para a cidade, e tamén do gran esforzo que a Xunta de Galicia está facendo na súa conservación, hoxe, señor conselleiro, nós estamos interesados en que nos explique aquí, en sede parlamentaria, en que consistiron as obras de conservación executadas nos últimos dous anos na muralla romana.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Moitas grazas, presidente.

Señora deputada, a verdade é que os veciños de Lugo e os galegos, que lle queremos a Lugo e á súa muralla, vemos a muralla como algo tremendamente natural e como algo case ordinario e case normal. E estamos tremendamente equivocados. Vostede acaba de describir moi ben a importancia histórica, cultural, e tamén na vida cotiá dos veciños de Lugo. E a importancia urbanística no deseño da cidade que ten a muralla pois é algo realmente extraordinario e digno de toda mención. De feito, grazas a este feito tan extraordinario, unha muralla romana practicamente intacta nos últimos dous mil anos, pois foi hai dezanove anos declarada patrimonio cultural da humanidade. Todos sabemos que esta declaración sitúa a muralla de Lugo á altura dos grandes bens culturais de Galicia, como os camiños de Santiago —que, por certo, tamén pasan por Lugo, neste caso o Camiño primitivo—, a cidade vella, o casco histórico, da cidade de Santiago ou a torre de Hércules. E pensamos, e esperamos, que en breve prazo de tempo poidamos sumar novas declaracións de patrimonio da humanidade a outros espazos, a outros territorios, como son a Ribeira Sacra, como pode ser o parque nacional das Cíes, das Illas Atlánticas, ou como pode ser o Ferrol da Ilustración.



Pero a verdade é que unha declaración desta importancia ten tamén unha responsabilidade. Obviamente, os galegos temos a responsabilidade de manter, conservar e pór en valor este recurso tan senlleiro e tan sobranceiro. E neste caso a administración responsable do coitado, promoción e conservación da muralla de Lugo pois é a Xunta de Galicia.

Isto asumíuse cunha responsabilidade digna de mención dende o primeiro momento. E ao longo dos dous últimos anos leváronse a cabo actuacións por un montante de 1,5 millóns, intervencións que continúan na actualidade, ben en fase de execución, ben en fase de licitación —neste caso por un montante de 800.000 euros—. Tamén acabamos de rematar un plan de mantemento da muralla, que basicamente o que fixo foi unha limpeza integral, un tratamento integral desde o punto de vista biolóxico, da fauna, e algunhas obras de carácter físico que situaban este orzamento en 750.000 euros, xa que era obvio que había que protexer a muralla como un monumento absolutamente vivo e que forma parte da vida da cidade.

Tamén fixemos importantes actuacións de conservación e mantemento nos cubos 19 e 80 —por un orzamento, neste caso, de 400.000 euros—, e estamos tamén restaurando con carácter integral o 70 e o 71 —estamos a falar de investimentos de 250.000 euros—. En definitiva, señorías, estamos cun investimento de 1,5 millóns de euros nos dous últimos anos, que obviamente son unha boa cantidade de recursos públicos orientados a mellorar as necesidades imperantes e importantes da muralla de Lugo. Obviamente nunca son suficientes e hai que seguir traballando, hai que seguir mellorando...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...porque ao final estamos ante un dos bens máis senlleiros do patrimonio de Galicia, do patrimonio universal, que, como dixen ao principio, nos parece que é normal porque convivimos con el, pero é absolutamente extraordinario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Amigo Díaz.

A señora AMIGO DÍAZ: Moitas grazas, conselleiro, pola súa resposta.

Sabemos do compromiso da Xunta coa cidade de Lugo, e congratulámonos coa resposta que hoxe nos dá aquí, na que se reafirma ese compromiso, esa responsabilidade que, ano tras ano, se mostra desde a Xunta cos seus bens culturais, e, en concreto e neste caso, como dicimos, coa muralla de Lugo, declarada pola Unesco, como se comentou anteriormente, patrimonio da humanidade. É unha declaración que, conxuntamente cos outros dous patrimonios da humanidade cos que contamos en Lugo, a catedral e o Camiño primitivo, fomentaron que nos últimos anos sexamos capaces de atraer moitos máis turistas á nosa cidade nuns momentos, ademais, en que o turismo cultural está en alza. E iso redundante, evidentemente, na economía da nosa cidade.



Señor conselleiro, gustaríanos que no seu segundo turno nos concretara que obras se están executando nestes momentos e cales son aquelas obras que teñen previstas para un futuro máis próximo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

Para a réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): Señora deputada, como lle dicía na anterior intervención, estamos ante un monumento vivo que precisa constantes coidados, un monumento tremendamente usado pola cidadanía e que forma parte da vida cotidiana dos veciños de Lugo. Estamos constantemente facendo obras, facendo intervencións. Nestes momentos estase executando a consolidación estrutural do cubo 7 e do seu contorno interior. É unha obra de 300.000 euros. Tamén están a piques de comezar as actuacións do novo plan de conservación e mantemento da muralla, un plan que estimamos de en torno a 250.000 euros e que se fai por un ano. O anterior era por dous, e eran 750.000. Este ano estamos falando de 250.000 para facer, como xa dixemos, intervencións de carácter sanitario, ambiental, físico, de reposicións de pezas, etc.

E, ademais destas obras que xa están en execución, temos proxectadas actuacións diversas para o futuro. Volvemos destacar o cubo 31 da muralla, no que calculamos en torno a 150.000 euros de custo a licitación, e estamos tamén, no cubo 6, poñendo en marcha unha galería atopada, unha galería que, como vostede sabe, apareceu nunhas recentes escavacións arqueolóxicas e que pode ser que forme parte dunha antiga cloaca romana e que forme parte dunha antiga curtidoría.

En todo caso, isto vainos permitir seguir coñecendo o contexto global da muralla, o seu contexto histórico e, sobre todo, a súa divulgación xeral.

En definitiva, estamos ante un conxunto de actuacións, en execución ou proxectadas para o futuro, nas que se investirán 800.000 euros. Como xa dixen, estamos conservando, estamos protexendo, estamos poñendo en valor un elemento vivencial de moitísimas, moitísimas, persoas que viven constantemente en contacto coa muralla, que interactúan coa muralla. En certa medida, a muralla forma parte das súas vidas.

Para facer, pois, un balance xa definitivo, e un pouco frío —desde o punto de vista de que vou falar simplemente de datos estatísticos—, quero dicir que dende o ano 2009 se investiron na muralla de Lugo máis de catro millóns de euros, catro millóns de euros que nos últimos anos poderíamos dividir do seguinte xeito: 1,5 investidos en obras xa rematadas —obras de mantemento da muralla, 750.000; obras de conservación dos cubos 19 e 80, 400.000; restauración integral dos cubos 70 e 71, 250.000—; e o futuro obríganos a seguir traballando nesta liña, pois temos 800.000 euros de obras en execución ou en previsión. En execución, dúas: o que é a consolidación estrutural do cubo 7 —300.000 euros— e novas obras de mantemento da muralla, como dixen antes —250.000 euros—. Temos en previsión dous novos proxectos que serán postos en marcha de xeito inmediato, que son, por unha parte, a restauración do cubo 31 da muralla, cun importe de en



torno a 150.000. E, por último, a posta en valor dunha galería atopada no cubo 6 —que, como dixen antes, pode ser...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González): ...unha antiga cloaca romana— por 60.000 euros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a existencia dalgún risco de perda dos fondos Feder asignados para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Benvida, conselleira.

A pregunta que hoxe traemos amosa un claro exemplo da pasividade do Goberno galego e pode carrexar a perda de 2,4 millóns de euros de fondos europeos. Existen os fondos pero non se executan pola pasividade de Augas de Galicia.

Poñámonos en situación. O proxecto de saneamento da ría de Viveiro ten dúas partes, unha relacionada coa EDAR, que implica unha nova balsa, un novo pretratamento e unha nova desinfección; e o segundo proxecto supón a instalación dun novo emisario, a retirada do antigo, unha nova instalación de bombeo en Celeiro e un novo depósito.

Xa no ano 2010 a Unión Europea exixiu o saneamento da ría de Viveiro, polo que en 2011 o Goberno da Xunta de Galicia anunciou a súa execución para o ano 2015. Estamos a 26 de xuño de 2019 e estas obras aínda non están iniciadas.

En 2016, un ano despois da primeira data prometida, a Xunta de Galicia indicou que esta obra estaría rematada en 2019, novo prazo que tampouco se vai cumprir, porque, mire, no mes de outubro de 2018, cando a alcaldesa de Viveiro, María Loureiro, se reunía coa directora de Augas de Galicia, esta comprometía de novo o inicio dos trámites para a retirada do actual emisario. Pero de novo, nos meses seguintes a esta reunión nada máis soubo o Concello de Viveiro. Nada se soubo tampouco da solicitude por aquel organismo para tramitar os permisos de construción dun novo emisario ante a Demarcación de Costas do Estado.



E chegamos á campaña das municipais e apareceu en Viveiro un portavoz da Xunta de Galicia que resultou ser o candidato do PP á alcaldía de Viveiro —que nin sequera era o portavoz municipal do PP nese concello— e anuncia na prensa que nos vindeiros días sería solicitada a retirada da parte soterrada do emisario que actualmente está na ría, concretando que os trámites están a piques de rematar, e tamén que a Xunta de Galicia vai presentar nese prazo —que non sabemos qué prazo é— o proxecto técnico de ampliación da EDAR. Pero esta información non é a que ten o Concello de Viveiro. O portavoz da Xunta en Viveiro fixo unhas declaracións que non coinciden coa información que ten o propio Concello de Viveiro.

Pero cómpre dicir que estas actuacións se van realizar —bueno, esperemos que se realicen, porque, vendo todos os incumprimentos desde 2011 por parte da Xunta de Galicia...— parcialmente con fondos Feder 2014-2020, na contía de 2,4 millóns de euros. E existe o risco de perdelos pola deixadez de Augas de Galicia. Porque ben sabemos que estas obras teñen que estar rematadas en decembro de 2020.

Por iso, a nosa pregunta vai no seguinte sentido: ¿existe risco de que se perdan os 2,4 millóns de euros de fondos Feder para o proxecto de saneamento da ría de Viveiro?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Grazas.

Señoría, o certo é que comparecín hai pouco no Parlamento de Galicia para abordar a planificación e o traballo feito, e o traballo que hai que facer, para a xestión integral da auga, do ciclo integral da auga —unha aposta clara do Goberno galego—, axudando e apoiando os concellos na competencia exclusiva que teñen en materia de saneamento e depuración. A lei é clara, e cando un concello asume a alcaldía pois ten as competencias directas na xestión da auga, no abastecemento e saneamento —artigo 25.2.c) da Lei de réxime local—.

Polo tanto, primeiro hai que saber tamén a normativa. E pasividade, ningunha. E voulle dicir claramente por que. Son tarefas exclusivas, polo tanto, dos concellos, nas que na Xunta apoiamos e axudamos. Polo tanto, dígolle con rotundidade que a aposta clara do traballo que vimos realizando polo saneamento integral, e sobre todo das rías galegas, é importante, coa continua colaboración, axudando e auxiliando —cousa que as deputacións me gustaría que tamén fixeran nas competencias directas que teñen no auxilio aos concellos de menos de 20.000 habitantes principalmente— nestas competencias de saneamento e depuración. Así o estamos a facer en Viveiro e, polo tanto, pasividade da Xunta de Galicia, ningunha.

Imos ver a pasividade do Concello de Viveiro, que lle vou comentar. Estamos impulsando dúas actuacións, que agora xa son tres porque o Concello de Viveiro non é capaz de facer o



que ten que facer. Porque tamén ten que saber que a titularidade da depuradora actual e a titularidade do emisario actual é do Concello. Dúas actuacións, en concreto, que son de 7 millóns de euros —a nova depuradora e o novo emisario—. E tamén temos que actuar na Xunta de Galicia para rescatar a falta de actividade, a pasividade, do Concello de Viveiro porque non é capaz de facer o seu traballo coa tramitación do novo emisario e tamén coa xustificación da retirada do emisario actual.

O novo emisario comezou coa solicitude presentada ao Concello de Viveiro, coa autorización do vertido e a ocupación dos terreos que trasladaba á Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia trasladouno a Costas, someteuse a información pública, porque son procedementos complexos pero é o hai que facer. Os informes sectoriais foron positivos menos dous. Un é o de Portos. ¿Por que? Porque lle exige ao Concello que regularice a ocupación do dominio público marítimo-terrestre, e, polo tanto, está pendente do Concello de Viveiro. O informe de Costas tampouco puido ser favorable polo cambio de localización do tanque de tormentas que debe facer o Concello de Viveiro e a retirada do emisario.

Son cuestións que superaron o Concello de Viveiro, porque son da súa titularidade, ten que facelas o Concello de Viveiro, e non é capaz porque o superan. É incapaz de realizar este tipo de xestións ante Costas e ante Portos para conseguir avanzar nas tramitacións administrativas. E como non foi capaz de atender estes requirimentos, fomos dende a Xunta de Galicia rescatar a Viveiro e facer o que non foi capaz de facer o Concello de Viveiro. Vemos que esta falta de capacidade do Concello de Viveiro é o que está a retrasar. Pero non se preocupe que na Xunta de Galicia licitaremos inmediateamente en canto teñamos toda a documentación do Concello de Viveiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a réplica ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señora conselleira, no ano 2011 a Xunta de Galicia comprometeuse a realizar estas obras de saneamento, que ían estar realizadas en 2015. Estamos a mediados de 2019 e nada sabemos do inicio destas obras.

Eu preguntome, señora conselleira: ¿estaríamos a falar destas datas, do incumprimento destas datas, se en Viveiro estivera a gobernar un alcalde ou alcaldesa do Partido Popular? *(Aplausos.)* Porque, miren, agora vostedes veñen dicirnos aquí que foron rescatar o Concello de Viveiro porque estas obras e esta petición de documentación lle quedaban grandes, que o Concello de Viveiro estivo como superado.

Mire, o único que se viu superado no concello e Viveiro foi o Partido Popular nas últimas eleccións municipais. *(Aplausos.)* Pero, mire, nós sabemos que non lle gusta que governe María Loureiro, que governe o PSdeG, pero é que este grupo non lle está a pedir que lle guste quen governe ou non no Concello de Viveiro, o que lle estamos a pedir a Augas de Galicia é que realicen as obras de mellora do saneamento da ría de Viveiro. *(Aplausos.)*



Urxe retirar o emisario para solucionar estes problemas de saneamento e non perder os fondos Feder. A situación advertida xa no ano 2010, como dixen, pola Unión Europea era que era necesario mellorar este saneamento.

¡Por favor, axilidade por parte de Augas de Galicia!, porque os fondos para a mellora do saneamento da ría de Viveiro existen pero non se executan —repito— pola pasividade do Goberno galego. A verdade é que, por desgraza, o risco de perder estes fondos Feder por pasividade do Goberno galego non existe só en Viveiro. Polo menos na Mariña tamén existe outro risco de perda pola inoperancia de Augas de Galicia no relativo ás EDAR de Burela e de Foz.

Póñanse a traballar, executen estas obras e eviten as perdas dos fondos europeos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

Réplica do Goberno.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE (Vázquez Mourelle): Nós non facemos política coa auga, (*Murmurios.*) (*Risos.*) ¡Non, non! ¿Ría do Burgo? ¿Quen goberna na ría do Burgo?

Culleredo, Cambre e Oleiros: cen millóns de euros esperando polo dragado do Goberno de España. Ría de Vigo, depuradora de Vigo, ¿quen goberna en Vigo? Máis de 100 millóns de euros de fondos propios da Xunta de Galicia.

Non facemos política coa auga. Outros, si; (*Aplausos.*) outros fan política coa alta velocidade de Galicia, que é un compromiso con todos os galegos.

En calquera caso, a auga é o que nos trae hoxe aquí —sobre todo as augas no concello de Viveiro—. É unha competencia, volvo insistir, municipal exclusiva, na que axudamos e apoiamos. E gustaríame que se incluían tamén, que se adheriran, as deputacións provinciais.

O primeiro problema de saneamento na ría de Viveiro é o Concello de Viveiro, coa súa xestión e explotación. E, cando de verdade se convezan comigo de que hai un problema de mantemento e explotación —como todas as cousas, que hai que mantelas—, pois acabariamos moito mellor todos con este pacto que lles propoño. Estamos a falar de depuración insuficiente en Celeiro, rotura do emisario que non se arranxa, mal funcionamento, problemas de arrastre, auga de mar infiltrada. E, miren vostedes, o Concello de Viveiro asume a explotación da depuración, a mala explotación da depuración, e cobra aos veciños unha taxa de depuración. ¿Que lles parece iso a vostedes? Hai mala explotación pero taxa de depuración. Polo tanto, eu creo que hai que falar con máis seriedade no tema da explotación das depuradoras e das instalacións de saneamento.



Asume responsabilidades que non lle tocan —e na tramitación, igual—, e, resumindo, agardando que os demais veñan arranxar o seu problema. Por suposto que os demais iremos arranxar o seu problema, como arranxamos tamén nas outras rías, como pode ser tamén a zona da ría de Pontevedra. A Xunta vai acometer a retirada do emisario, competencia municipal, que é de titularidade municipal. E a Xunta vai executar ese emisario submarino con 3 millóns de euros, porque os fondos hai que telos. E para telos e conseguilos tamén hai que traballar antes.

Estamos tratando de adiantar prazos para avanzar na mellora da calidade das augas. A Xunta ten redactado ese proxecto de mellora da depuradora de augas residuais, un proxecto importantísimo, con 3,9 millóns de euros que temos consignados —en total, 7 millóns de euros consignados—. Para consignalos, non sei se o sabe, pero hai que traballar. Hai que consignalos e avanzar nos proxectos. E para o proxecto que está redactado é necesaria unha documentación municipal para tramitar estas cuestións.

A principios do mes de maio —7 de maio— pedimos documentación municipal ao Concello —necesaria e imprescindible— porque é da súa competencia. Non enviou certa documentación. Bueno, non vou entrar na documentación que non enviou, pero non a enviou toda. Volvemos reclamarlla —solicitud de subsanación de documentación— o 19 de xuño. Volvemos pedirlla, e miren vostedes que onte —benvinda a pregunta para que se puxeran as pilas—, onte, manda a documentación restante.

Pero o certo —nós si que estamos preocupados— é que hoxe mesmo pedimos tamén o que falta, (*Murmurios.*) o que falta: información pública e certificado de dispoñibilidade de terreos, señoría.

Polo tanto, que a mande canto antes. Pídalle ao Concello de Viveiro que mande a documentación e licitaremos; e a Costas, sensibilidade coa documentación do emisario.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da existencia dun depósito de residuos sen control na bocana da ría de Arousa

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa tarde, señora Quintana.

O anuncio da intención da súa consellería de levar ao redor de 221.000 metros cúbicos, dous terzos dos 300.000 de lamas previstas do dragado da zona do Lérez —o dragado que vai desde o porto do club náutico ata o espigón dos Praceres—, á bocana da ría de Arousa fixo saltar todas as alarmas. E trouxo á actualidade a existencia dun punto de vertido na entrada da ría de Arousa que nunca debeu existir.



A finais dos noventa, o Estado español fixou un lugar fronte ao Grove, entre as illas de Ons e Sálvora, a 2 millas de Ons e 3,5 de Sálvora, para que alí se procedera a depositar vertidos. Depositáronse nel as lamas, primeiro, procedentes das obras de ampliación do porto de Ferrazo en Vilagarcía, ao redor de 2 millóns de metros cúbicos, e desde esa data foron toneladas de metros os que se foron depositando alí. Calcúlase que ponde ser do teor de 3 millóns, como mínimo. Tamén depósitos da zona de Marín, de Vigo, de Tragove, de Rianxo e Meloxo.

Segundo a información que nos teñen facilitado, o lugar é unha auténtica montaña cunha área similar a varios campos de fútbol e de metros de altura.

Este punto de vertido está na contorna da zona protexida do parque nacional das Illas Atlánticas, en zonas protexidas ZEPA e OSPAR, co obxectivo —supoño que saberá— de conservar os ecosistemas marítimos e a prevención e eliminación da contaminación. Está na canle de entrada á ría, pola que entra a corrente oceanográfica que provoca o afloramento na ría de Arousa, e, polo tanto, o que se deposita alí lévao a corrente mar a dentro.

Hai unanimidade na ría no rexeitamento a que se realice este vertido de lamas contaminadas. As confrarías, a plataforma en defensa da ría, colectivos ecoloxistas e cidadanía teñen mostrado a súa oposición a este proxecto, mais tamén non queren que se manteña ese punto de vertido. Non o queren na ría de Pontevedra e non o queren na ría de Arousa. Non queren ter un novo risco, unha espada de Damocles, ameazando a ría. Non queren ter que pagar unha nova factura, en danos medioambientais e en produción. O sector do mar, señora Quintana, leva pagado demasiadas facturas que non lle corresponde pagar ao sector do mar, que son facturas por cousas mal feitas e desleixos doutras administracións —a empezar pola súa—. *(Aplausos.)*

Polo cal, hoxe o que lle queremos preguntar é se cre que pode permitirse que na entrada da ría máis produtiva de Galiza, como é a ría de Arousa, de enorme riqueza produtiva e ambiental, exista un depósito con toneladas de residuos que poden estar poñendo en risco o seu ecosistema, e se ten pensado continuar con ese proxecto de levar as lamas da dragaxe do Lérez para alí.

Hoxe pola mañá aprobamos aquí unha iniciativa para instar que non fora así. Agardo a súa resposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, indo directamente a responder a súa pregunta, quixera sinalarlle que este Goberno cre e considera que non debería existir e non existe un depósito de residuos sen control



na bocana da ría de Arousa. Non o aceptaríamos nunca. Agora ben, se vostede con esta pregunta, que recolle unha afirmación tan rotunda como inexacta, se refire ao punto de depósitos de materiais de dragaxe que existe fóra da ría, diríalle que existe ese lugar pero que nin hai residuos como tales nin hai falla de control. Digo tal cousa porque os materiais de dragaxe non son considerados como residuos, e porque todo depósito de materiais de dragaxe ten que contar cun control e seguimento periódicos, tal e como indica a normativa vixente ao respecto.

Neste senso, podo dicir que Galicia é pioneira no cumprimento estrito das directrices para a caracterización do material dragado, e a súa reubicación no dominio público marítimo-terrestre, elaboradas polo Cedex, que foron aprobadas no 2014 e revisadas nos anos 2015 e 2017.

En todo caso, e vendo a súa dúbida sobre unha suposta falla de constancia no seguimento das consecuencias do depósito previo de materiais, cabe sinalar que este seguimento e as súas condicións son doadamente comprobables cunha simple busca na internet, remitíndose a documentos oficiais e tecnicamente avalados.

Por iso, e para evitar desinformacións e alarmas, quero facer un chamamento para que se empregue, como fundamento, información tecnicamente solvente, e que estea avalada documentalmente, para que esta non se afaste da verdade de forma importante. Digo tal cousa porque a súa exposición contrasta con afirmacións realizadas hai ben pouco en Galicia e diante da Comisión Europea polo seu partido, e nas que se afirmaba que se estaba xa a verter en Sálvora material procedente do Lérez, que este vertido fora autorizado por Portos de Galicia, que eran residuos e que se podería estar incumprindo a directiva de augas.

Pois ben, estas afirmacións non é que carezan de fundamento técnico, senón que non soportan unha simple aplicación do sentido común. Se ademais lles aplicamos a normativa e a forza dos feitos, vemos que nin se aprobou aínda o proxecto nin Portos pode autorizar nin se está a incumprir ningunha directiva, senón que se cumpren todas. Por iso só quero facerlles un chamamento á responsabilidade e a que siga co seu xiro cara á verdade pedíndolles que o completen con propostas rigorosas, porque, ata o de agora, parece que só pretenden que os portos do sur de Galicia se colmaten de area e que a nosa frota non teña onde atracar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a quenda de réplica ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Eu non sei a quen lle está contestando vostede, señora Quintana; dende logo, non ao que eu lle preguntei. O que pasa é que vostede practica a peor das políticas, a do escapismo, a de non asumir responsabilidades, a da inoperancia, a do paternalismo rancio e a da ameaza e chantaxe aos sectores que vostede debería protexer e defender. E, lonxe de facer iso, o que fai vostede é ameazalos se se opoñen a calquera cuestión que vostede plantexa. *(Aplausos.)* Esa é a política que vostede practica. *(Aplausos.)*



Dende logo, por moito que o intente, non pode tapar a realidade na vez de actuar para solucionar os problemas. Mire, o sector extractivo da ría de Arousa é estratéxico pola riqueza e polo emprego que xera. O 44 % das mariscadoras a pé están na ría de Arousa, o 68 % das bateas de mexillón, o 41 % das embarcacións de artes menores, 1.700 embarcacións de pesca e 800 auxiliares de pesca e acuicultura. Non estamos falando de ningunha brincadeira, señora Quintana, e está máis que xustificada a alarma. Non cren a inocuidade dos depósitos, nin dos que xa están nin dos que vostede pretendía levar alí. Non son inocuos; se se lles aplica os valores internacionais de toxicidade e da calidade dos sedimentos en función dos seus efectos sobre os seres vivos mariños, non superarían os niveis considerados mínimos para non ser tóxicos. E vostede sábeo e está neses informes que me di que busque na internet, están clarísimamente aí.

Dende logo, eu o que lle pido hoxe é que se poña mans á obra, que deixe de ameazar con que, se hai oposición aos vertidos na bocana da ría, non se van facer máis dragaxes, que deixe de ameazar con iso. A súa responsabilidade e obriga é realizar todas as dragaxes que fagan falta, facelas con garantías, e, se as lamas están contaminadas, tratalas e buscar un sitio para depositalas que non sexa contaminante. *(Aplausos.)* Esa é a súa obriga e é no que se ten que poñer a traballar. *(Aplausos.) (Murmurios.)* A súa obriga é garantir unha alternativa ás lamas que non prexudique os sectores produtivos, os ecosistemas, o medio ambiente, as rías galegas, en xeral, e a ría de Arousa, en particular.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora PRADO CORES: Menos ameazas e máis traballar, señora Quintana. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para a réplica do Goberno ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, nin escapismo, nin ocultación, nin ameazas, esas palabras non entran na miña linguaxe nin na miña forma de actuar. Vostede saberá o que facían outros que estaban antes de que eu chegara ao Goberno, pero, dende logo, non vai comigo ese tipo de actuacións. *(Aplausos.)*

Mire, voulle explicar unha cousa, que ao mellor vostede sabe e non foi capaz de dicila aquí. E eu pídolle que se axuste á verdade. ¿Pódeme vostede dicir, e pódelle explicar ao sector todo da ría de Arousa —ao que vostede coñece ben—, a onde levaron as dragaxes que fixeron dende o ano 2006 ao 2009 no porto de Baiona, no porto da Guarda, no porto de Bodión? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿A onde as levaron? ¿Que análises lles fixeron? Supoño eu que as levaron, porque así figura nos expedientes, ao punto de vertido que está autorizado na zona exterior das Rías Baixas e que está autorizado dende o ano 1998 polo CEDEX, que cumpre con todos os requisitos que establecen as directivas comunitarias.



E para que vostede me diga que eu faga as cousas con cabeza e con fundamento direille que o proxecto de dragado do río Lérez comeza no ano 2011. No ano 2014, cando xa tiñamos caracterizados todos os sedimentos, houbo un cambio na normativa e tivemos que volver empezar a facer o proxecto dende cero, e empezouse de novo. E no ano 2017 expúxose ao público, estivo á información pública. E alí ten todos os resultados das analíticas, onde se di que nin sequera chegan ao nivel A, que é o nivel máis baixo de contaminación. Esos datos vostede coñéceos, esos datos coñéceos a plataforma. Presentáronse dezaseis alegacións a este proxecto —ningunha, por suposto, súa—. Pero o que si lle digo é que hoxe podemos dicir que todos os datos que se están a tramitar din que non hai contaminación nesas áridos e que nós cumprimos estritamente coas directivas comunitarias, coas directivas do CEDEX e coas normas que nos pon a Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa.

Non facemos nada que poida prexudicar o sector. Non alarmemos o sector. Non digamos que esos fondos están contaminados porque non o están, e así o acreditan as análises que hai feitas.

E nós temos que cumprir a directiva que di que o que se extraia do mar ten que volver ao mar. E imos utilizar toda a area que se poida para recuperar os bancos marisqueiros... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Area, señora! Non son residuos. Se fosen residuos, teríamos que sacalos e tratalos. Trátase de area que pode ter diferente gran. O gran pode ser para utilizalo para recuperar bancos marisqueiros —que é o que se vai facer neste caso, 221.000 metros cadrados de bancos marisqueiros vanse recuperar—. E a area de gran máis fino é a que vai ao punto de vertido que está autorizado polo CEDEX, un punto ao que lle hai que facer un seguimento cada cinco anos. E o último seguimento que se lle fixo foi no ano 2016, que garante que o punto segue estando óptimo para atender este tipo de materiais que se leven alí.

E, por favor, o que si lle pido é que lle diga claro ao sector, se non se poden levar alí os residuos das areas que se extraían...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate. Moitas grazas, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ...¿onde os botaría vostede? ¿Queren vostedes (*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*) que máis de catro mil camións circulen polo centro de Pontevedra levando ese material?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¿Quéreno así? Pois a min paréceme que esa non é fórmula.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): E dígolle: van prohibir que se poida facer que os portos sexan lugares de atraque das embarcacións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.



A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Alá vostedes e a súa conciencia, pero, dende logo, mentres eu poida, vou seguir traballando por defender o meu sector.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto dos beneficios que lle vai reportar á veciñanza a implantación dos parques eólicos de Bustelo, Monte Toural e Campelo, nos concellos de Carballo, Coristanco e Santa Comba

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes.

Boa tarde, señor conselleiro.

O modelo eólico que vostedes aplican en Galicia é un modelo contrario ao interese xeral, que entrega recursos naturais — neste caso, territorio e vento— a capitais estranxeiros, maioritariamente bancos, fondos buitres, construtoras ou eléctricas, para que fagan un enorme negocio. Para o país quedan as migallas e os impactos. Vostedes fan as leis á medida dos que posúen xa máis do oitenta e cinco por cento do capital eólico en Galicia, que factura anualmente uns seiscientos millóns de euros. A última lei feita á medida, a «Lei de depredación», foi feita ao ditado destas empresas con todas as facilidades para que se puidese instalar toda a enxurrada de parques que se pretenden instalar antes de 2020 neste país. Un destes casos son os parques eólicos de Campelo, Toural e Bustelo, no concello, fundamentalmente, de Coristanco, pero tamén toca Santa Comba e Carballo. Son tres parques porque están fraudulenta e artificialmente fragmentados en tres. Porque, en realidade, teñen o mesmo promotor —Greenalia Wind Power—, a mesma área xeográfica e mesmo comparten liñas de evacuación e a estación transformadora. Esta é unha práctica moi habitual para evitar a avaliación dos impactos acumulados dos tres parques e as sinerxías, e tamén para evitar que escapen á xestión da Xunta de Galicia.

A instalación de 27 aeroxeradores de nova xeración, cunha altura superior aos cento cincuenta metros e nunha zona con numerosos núcleos de poboación, provocaría impactos no patrimonio natural, con espazos protexidos de alto valor e con especies en perigo de extinción e endémicas da propia zona, no patrimonio cultural e, sobre todo, na vida das persoas, xa que, en moitas ocasións, se instalarán aeroxeradores a unha distancia de entre catrocentos e mil metros das casas. Hai un caso no que están a cincocentos metros dos núcleos de Campelo e de Mires, que, evidentemente, provocará un efecto na vida destas persoas. Aínda así, con todas estas afeccións —ao patrimonio natural, á vida das persoas e ao patrimonio cultural— a Xunta de Galicia declarou este proxecto de interese especial, coas conseguíntes facilidades e trámites reducidos á metade aprobados nesa «Lei de depredación».



Tamén se aprobou a declaración de utilidade pública. E eu pregúntome, señor conselleiro, ¿que utilidade pública? Eu só lle vexo a utilidade para unha empresa privada que veña aquí facer o agosto.

Esta é, unha vez máis, a historia recente deste país, onde se espoliou o lignito en Meirama e As Pontes e se ocuparon os ríos para que empresas de fóra viñeran facerse millonarias. E, dende hai anos, sufrimos o espolio do vento. E todo para quedar cos impactos e cunha electricidade igual ou máis cara que noutras zonas onde non se produce; todo coa súa complexidade, defendendo un modelo que non devolve a riqueza ao país, á cidadanía, e que, aínda encima, provoca impactos na vida das persoas.

Polo tanto, señor conselleiro, ¿cales son os motivos para aprobar unha declaración de especial interese e unha declaración de utilidade pública? ¿Cre vostede que este parque incide positivamente na vida dos veciños e veciñas desa zona, que tamén teñen dereitos?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, non muda o seu discurso, o cal me parece ben, é bastante coherente coa posición do seu grupo. Pero vostede sabe perfectamente que o que pensa a Xunta de Galicia sobre estes parques será, coma sempre, o que determine o resultado da súa tramitación ambiental e o estrito cumprimento da normativa. Sabe perfectamente que todos os parques eólicos teñen que pasar por un exame exhaustivo de cada un dos departamentos da Xunta de Galicia, tanto de Urbanismo, de Medio Rural, de Gandería, de Agricultura..., en definitiva, de todos aqueles impactos que se poidan xerar. E, polo tanto, todas as avaliacións dos parques pasan por ese estudo de cada un dos departamentos. Creo e paréceme —como xa lle teño dito— unha irresponsabilidade pola súa banda trasladar unha mensaxe de desconfianza na propia Administración e no propio traballo que se fai dende o punto de vista técnico.

Voulle ler o artigo 1 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental, unha lei que establece que se ten que garantir en todo o territorio do Estado un elevado nivel de protección ambiental co fin de promover un desenvolvemento sostible. A Xunta de Galicia está aplicando rigorosamente esta lei, e, polo tanto, aplicaremos con obxectividade a tramitación de todos estes parques.

Lamentablemente, Galicia xa os vai coñecendo. En Marea sinxelamente é o partido político do «non», do non ao eólico, do non ás térmicas, do non á minaría, do non a Ence..., en definitiva, de todo aquilo que signifique un futuro para Galicia. Nós imos seguir traballando para xerar emprego, para participar e para impulsar unha transición enerxética centrada nas enerxías renovables.



E creo que sería bo que estudase con detalle a Lei de implantación empresarial. Creo que non ten o texto completo. Gustaríame, señor Sánchez, que me dixera unha soa medida que se inclúa nesa lei que reduza as garantías medioambientais que xa estaban establecidas en Galicia, unha soa medida que supoña unha redución das garantías que se exigen nos parques. Non a atopa e, lamentablemente, segue cun discurso demagóxico, simplemente xerando desconfianza.

Creo que nós seguiremos traballando para impulsar o sector, un sector que está xerando un impacto positivo na nosa economía, xerando emprego e impulsando unha economía máis renovable. E esperemos que deixen dunha vez ese «non». Empecen a pensar e a traballar un pouco por Galicia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Ben, ¡que pouco terá que dicirlles aos veciños e veciñas desta zona!, porque, señor conselleiro, sinceramente, nin contestou ao que lle preguntei nin puido dicir nada acerca deste proxecto concreto.

Non mudei o meu discurso porque, desgraciadamente, vostedes non mudan a súa práctica. E claro que nos van coñecendo. A vostedes tamén os coñecen, coñécenos polos das portas xiratorias, os dos discos duros, os de Arsenio Fernández de Mesa, os de Bárcenas, etc. Xa os van coñecendo: o partido da corrupción. Polo tanto, claro que non nos fiamos. A desconfianza non é nos técnicos, é no seu Goberno, no Goberno dun Partido Popular que leva demostrado na súa historia para quen traballa, e para quen traballa tamén no sector eólico, un sector que podería servir para xerar riqueza no rural para a xente. E o único para o que serve é para que voen os beneficios, beneficios suculentos. Sabe vostede que instalar un megavatio hoxe en día está sobre os oitocentos mil euros e que ese megavatio pode facturar nun ano —con estimacións conservadoras— douscentos mil euros. É un negocio redondo á custa duns recursos que son de todos —o territorio— e duns recursos que son de todos ou de ninguén —o vento—, con leis feitas por parlamentos que disque buscan o interese xeral das persoas. E, ao final, o que temos despois de anos e anos de Goberno do Partido Popular é un modelo onde o 85 % do capital é estranxeiro e onde aquí practicamente quedan as migallas, e menos quedarán co novo modelo que vostedes están impulsando.

Pero o que hai é concreción, a xente de Coristanco, a xente de Santa Comba e de Carballo que está afectada por este parque eólico, e que pode estar afectada por este parque eólico, está preocupada porque lle van instalar uns aeroxeradores a menos de mil metros das súas casas, nalgún caso a cincocentos metros. E quere saber se vai poder vivir alí no futuro. E vostedes din que son moi rigorosos. Xa se ve o que aconteceu na serra do Oribio a semana pasada e o rigorosos que son.

E con respecto á pregunta que me fai, cando eu sexa conselleiro xa lle contestarei.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Ben, eu creo que tería que empezar por coñecer o marco normativo de Galicia, sobre todo cando vén aquí plantexar temas que están regulados e que, polo tanto, hai unha lei que temos que aplicar.

Señor Sánchez, cando fala vostede dese interese por axudar as grandes multinacionais, etc., ¿vostede sabe que o sector eólico está liberalizado en Galicia? ¿Vostede sabe que calquera promotor pode presentar un proxecto en igualdade de condicións que calquera empresa en Galicia? (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Non o sabe, claro, loxicamente, porque non sabe o contido desa lei. (*Murmurios.*) ¿Vostede sabe que o Plan sectorial eólico impide que se estableza calquera tipo de aeroxerador a menos de cincocentos metros? ¿Por que me fala de mil metros? ¿Por que quere vir aquí —coma sempre— enganar a xente? ¿Por que? ¿Por que vén vostede enganar a xente? (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Lamentablemente, o que debería facer é estudar un pouquiño máis, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e a partir de aí, seguramente, establecer un debate que teña máis sentido.

Sabe que o sector eólico está liberalizado, que calquera promotor, independentemente do seu tamaño, pode presentar un proxecto en Galicia. Sabe perfectamente que a Lei de implantación empresarial non estableceu nin eliminou ningún tipo de garantía medioambiental nin urbanística. E sabe perfectamente que esa lei, efectivamente, permitiu unha flexibilidade dende o punto de vista da tramitación administrativa, que grazas a iso en Galicia se están desenvolvendo 464 megavatios e que, polo tanto, Galicia vai seguir promovendo o sector eólico. Sabe perfectamente que ten un impacto positivo para a economía galega. Sabe perfectamente que é un sector que xera trinta mil empregos, que vostedes parece que non valoran adecuadamente. Sabe que hai un canon eólico que beneficia a todos os galegos —23 millóns de euros—. Sabe perfectamente que os parques eólicos benefician a toda a veciñanza porque teñen uns impostos municipais que recadan os concellos.

En definitiva, sabe que o sector eólico xera un impacto positivo que vostedes non queren recoñecer. Lamentablemente, non aceptan que a Lei de implantación empresarial supuxo un pulo para o sector eólico, unha liberalización do sector que permite que se poidan promover os parques dunha forma ordenada, mantendo o cumprimento das garantías.

E, por favor, non engane a xente, non veña dicir aquí requisitos que non están establecidos. Todos os parques teñen que pasar por todos os departamentos nos que xeran algún tipo de impacto. E, aínda que vexo que non lle interesa o contido da lei, creo que antes de volver traer calquera tipo de plantexamento do sector eólico debería de coñecer, cando menos, a súa normativa.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a. Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto que está a ter en Galicia a actuación do Goberno central en relación coa continuidade de Alcoa na Coruña e o futuro da industria electrointensiva

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Paradoxos da política, porque, despois de escoitar durante tres anos que nos rouban o vento, ao final, ao grupo que tanto o dicía e repetía, ¿sabe, conselleiro, o que lle pasou? Foise co vento, (*Risos.*) foise co vento. E alí van, alí van.

Señor conselleiro, como pode comprobar —bromas á parte— aos grupos da oposición, aos grupos da esquerda, xa non lles preocupa Alcoa. Neste pleno nesta semana decisiva para o futuro de Alcoa tiveron ocasión de introducir na orde do día desta sesión algún tipo de iniciativa. Non o fixeron. ¿E sabe por que non o fixeron? O Partido Socialista, simplemente, polo sentimento de culpa e de responsabilidade que ten sobre este asunto. Con razón non o fixo o Partido Socialista. Pero ¿sabe por que tampouco o incluíron na orde do día desta sesión nin o Bloque Nacionalista Galego nin as mareas de Podemos —agora supoño que lles gustará o nome—? ¿Sabe por que tampouco o introduciron? Porque son os cómplices necesarios. Pola súa complicidade, que os une aos socialistas, na responsabilidade sobre esta cuestión. Son —están aquí— os verdugos das electrointensivas galegas e os seus fieis colaboradores. (*Murmurios.*)

A verdade é que eu hoxe podería aproveitar estes minutos para expoñer cal é a postura do Partido Popular de Galicia sobre a electrointensiva, pero non o vou facer. (*Murmurios.*) Vou dedicar estes minutos a darlle voz neste Parlamento ao representante de Comisións Obreiras no Comité de Empresa de Alcoa-A Coruña, Miguel Conde, que hoxe participaba no *Galicia por diante* da Radio Galega. E, polo tanto, non vou dar hoxe aquí a miña opinión. Quero ler a opinión do representante dos traballadores de Alcoa na Coruña, e ler textualmente as súas palabras, para que queden aquí no *Diario de Sesións*:

«Nós o que queremos pedir son as garantías do Goberno, que se comprometeu con nós en xaneiro, e o que nos falta é ese estatuto electrointensivo que regule o prezo da enerxía. O que está facendo o Goberno é pasarnos a nós a pataca quente e non está acometendo o prometido no seu día, que é regular o prezo da enerxía, que iso é competencia única e exclusiva do Goberno central» —palabras de Miguel Conde, Comité de Empresa de Alcoa na Coruña—. E prosegue: «En España é practicamente imposible producir aluminio primario co prezo da enerxía que temos, que vén roldando os 55 euros por megavatio de media. Entón é inviable, e Parter non vai arrancar as electrólises e acabará botando a eses máis de douscentos traballadores á rúa se o Goberno non asume o seu compromiso —que segue faltando—. O único que fai é diferir o problema vinte e catro meses». O señor Miguel Conde continúa, e di sobre a ministra de Transición Enerxética:



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate. Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: «Segue estando ausente. Aquí o único que se está escondendo é a realidade do problema e pasarnos a nós toda a responsabilidade».

Son as palabras do representante do Comité de Empresa. Eu, señor conselleiro, pídlle a valoración do Goberno sobre esta situación, que agora nada preocupa aos grupos da esquerda. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tellado.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, agradézolle, efectivamente, que traia a este Pleno a situación de Alcoa, a situación do futuro das empresas electrointensivas, porque hai unha realidade que estamos a vivir, que estamos aínda a afrontar, que é a situación que teñen todos os traballadores de Alcoa-A Coruña que nestes momentos están pasando por unha enorme incerteza e por unha enorme dificultade.

Creo que é bo compartir con todos os grupos parlamentarios deste Parlamento cales foron os tres obxectivos que marcamos o Goberno, as comunidades autónomas, os comités de empresa e os sindicatos que firmaron o ERE cando en xaneiro plantexamos a solución de Alcoa con data 30 de xuño. Había tres obxectivos: en primeiro lugar, o mantemento do cen por cento do emprego —compartido por todas as partes—; en segundo lugar, que houbera unha solución integral para as dúas plantas, tanto a planta da Coruña como a planta de Avilés; e o terceiro obxectivo era que o Goberno asumía o compromiso de establecer un prezo eléctrico competitivo que permitise continuar coa produción de aluminio.

Pois ben, se queremos ser realistas nestes momentos, temos unha situación na cal hai unha oferta vinculante, que é a oferta de Parter, que lamentablemente é unha solución provisional ao conflito de Alcoa-A Coruña. É unha solución provisional porque, dos tres obxectivos, hai un obxectivo que non se cumpriu, que é, sinxelamente, que o Goberno non cumpriu o seu compromiso de establecer un prezo eléctrico que permita garantir o cen por cento do emprego nas plantas de Alcoa da Coruña e de Avilés. Esa é a realidade e, polo tanto, estamos nunha situación na cal nestes momentos os traballadores teñen que adoptar unha solución difícil, porque teñen que saber que, lamentablemente, a falta do compromiso do Goberno para establecer ese prezo eléctrico impide que nestes momentos o comprador, Parter, non condicione o mantemento do emprego á existencia dun prezo eléctrico competitivo. Polo tanto, non podemos garantir nestes momentos ese mantemento do cen por cento do emprego na planta da Coruña porque non hai un compromiso por parte do Goberno para manter o prezo eléctrico.

Nós, señor Tellado, seguiremos apoiando os traballadores, seguiremos apoiando a situación da planta de Alcoa, seguiremos traballando para que o Goberno cumpra o seu compromiso



e seguiremos traballando para que en Galicia e en España se siga producindo aluminio primario. Pero para iso necesitamos que haxa un goberno responsable que sexa capaz de poñer solucións e de non poñer problemas á situación do aluminio e das empresas electrointensivas en España.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Para a réplica ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: É que, se non nos queren escoitar a nós, o Partido Popular —que nunca nos queren escoitar—, escoiten os representantes dos traballadores.

Seguía na súa entrevista na Radio Galega falando sobre o futuro de Alcoa en San Cibrao, e dixo textualmente: «Oxalá nunca lles pase, pero a factoría de San Cibrao tememos que en breve vaia polo mesmo camiño porque, con este prezo do aluminio primario, cun prezo da enerxía nunha media de 55 euros o megavatio, é inviable producir o aluminio primario, que é un 40 % dos nosos custos». E insistía na pasividade do Goberno dende o pasado mes de xaneiro, do Goberno socialista.

E, polo tanto, señorías, se non nos queren escoitar a nós, que somos do Partido Popular, escoiten os traballadores. ¿Ou é que os traballadores de Alcoa xa os puxeron do lado deses traballadores cuxo posto de traballo non vale nada e o poden perder, como fan con moitas empresas que vostedes queren pechar?

Pero non nos equivoquemos. Aquí non hai un único culpable, non hai un único responsable. O Partido Socialista ten cómplices, ten colaboradores, ten os tontos útiles que participan desa estratexia do Partido Socialista, e son, efectivamente, as Mareas de Pudimos e, efectivamente, o Bloque Nacionalista Galego. *(Murmurios.)*

Mire, no pleno de hai quince días interpelamos o BNG para que condicionase o seu apoio ao PSOE nos concellos e nas deputacións á aprobación no Consello de Ministros do Estatuto da industria electrointensiva. Señor conselleiro, ¿vostede sabe o que pasou? Que non condicionaron o seu apoio aos socialistas absolutamente nada. O BNG regalou o seu apoio ao Partido Socialista a cambio de nada. Non, de nada non; a cambio dos soldións e postos nas deputacións e nos concellos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿E que pasou cos traballadores de Alcoa? Que continúan na súa situación de abandono.

Mire, os señores do BNG son moi duros para criticar o Goberno da Xunta e para criticar o Partido Popular, pero son moi brandos con respecto ao Partido Socialista e tamén cara a Resistencia Galega. Cara a eles, cara ao Partido Socialista e cara a Resistencia Galega, brandos, brandos, brandos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, señor Tellado.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Esa é a realidade e o compromiso con Galicia dos grupos da oposición.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, moitas grazas...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para a quenda de réplica por parte do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Tellado, efectivamente, a situación de Alcoa e a situación das empresas electrointensivas require un debate sosegado, e require... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Xa sei que á oposición non lle interesa a situación de Alcoa-A Coruña, non lle interesa a situación... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...das empresas electrointensivas. Pero —como lles trasladaba— si parece razoable que se afronte este tema con realismo. E a situación realista é que, se non hai un prezo eléctrico, Alcoa-A Coruña non ten futuro na produción de aluminio primario, esa é a realidade. E a realidade é que, se non hai unha solución de prezo eléctrico..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Losada, señor Losada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, pois, ¿que quere que lle diga? Ese tipo de feitos tamén están... Imos deixalos. Por favor, imos deixalos. *(Murmurios.)* Imos deixalos.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Reitero, se non hai un prezo competitivo nas empresas electrointensivas, Alcoa non ten futuro na produción de aluminio primario. E, se o Goberno socialista non dá unha solución, nas empresas electrointensivas, lamentablemente, pode haber un efecto contaxio, en Alcoa-San Cibrao, en Ferroatlántica, en Megasa ou en Celsa. Polo tanto, é un tema de responsabilidade. Nestes momentos estamos nunha situación na que Alcoa-A Coruña tan só ten a posibilidade de pechar en falso a súa situación. E ten que pechar en falso a súa situación porque, lamentablemente, o Goberno non traslada unha solución concreta no prezo da electricidade. Polo tanto, seguiremos —como dicía— apoiando a situación de Alcoa-A Coruña, seguiremos apoiando a situación das empresas electrointensivas, pero iso require unha resposta.



O Goberno leva dez meses sen dar unha soa concreción sobre o Estatuto da industria electrointensiva e diminuíndo progresivamente os resultados da poxa eléctrica. Saben que a poxa eléctrica tan só deu un resultado de menos de douscentos millóns de euros, cando no ano 2017 foron máis de quiñentos millóns de euros. Polo tanto, non hai un prezo competitivo. Alcoa-A Coruña non ten un prezo competitivo para poder dar continuidade á produción de aluminio primario. E, lamentablemente, estamos en risco nestes momentos de que haxa un efecto contaxio.

Polo tanto, a responsabilidade do Goberno é atender as demandas das empresas electrointensivas e das comunidades autónomas para que haxa unha concreción. Non houbo unha resposta ás alegacións que se presentaron por parte da Xunta de Galicia ao Estatuto dos consumidores electrointensivos, e non hai unha resposta concreta a Parter para que se poida comprometer máis de dous anos para manter o cen por cento do emprego. Ese foi o compromiso do Goberno, que vai ser, lamentablemente, unha solución parcial. E nós, dende a Xunta de Galicia, seguiremos apoiando os traballadores para converter esa solución parcial en definitiva. Pero para iso precísase que o Goberno se comprometa e que estableza un prezo eléctrico competitivo que beneficie a Alcoa-A Coruña, a Alcoa-Avilés e tamén o resto de empresas electrointensivas en Galicia e en España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para impedir calquera venda fraudulenta que poña en risco as condicións da concesión do aproveitamento hidroeléctrico do río Xallas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Señor Conde, a verdade é que eu tiña moitas preguntas para vostede, pero, visto o visto, se o futuro da industria deste país depende do que pase nos concellos galegos, non sei se empezar pedíndolle que vostede e a panda de tontos útiles que teñen no Congreso dos Deputados vaian para a casa e aforramos un pouco de tempo. (*Aplausos.*)

En fin, indo ás cuestións que son relevantes, despois dos minutos cómicos deste pleno, señor Conde, sabe vostede que, desde que o pasado 4 de xuño se fixera pública a intención de Ferroatlántica de vender os activos galegos a un fondo estadounidense, non parou de medrar a preocupación tanto na Costa da Morte como en Arteixo. E cómpre recordar tamén que Ferroatlántica é unha empresa que ten un historial de incumprimentos con este país que fan que esas desconfianzas sexan fundadas: máis de vinte anos de historia sen modernizar as infraestruturas e máis de dúas décadas tamén explotando os nosos recursos naturais, sexan hidroeléctricos ou sexan mineiros, sen un retorno suficiente. Podemos falar, por exemplo, no caso do silicio solar, de como o I+D+i se está a desprazar para Puertollano ou podemos falar de como no caso das ferroalixas constantemente os traballadores e traballadoras teñen que estar en loita polos seus dereitos.



Entre as últimas extorsións de Villar Mir ao noso país temos recentemente, no 2017, ese intento de segregación das centrais; máis recentemente aínda, tamén o despedimento dun traballador que tiveron que readmitir por vulnerar o máis elemental dereito de liberdade de expresión; ou un ERE inxustificable —que mesmo neste Parlamento debatemos sobre as poucas xustificacións que tiña— que finalmente esta empresa vén de levantar, demostrando que realmente o único que tiña detrás era unha chantaxe. A estas alturas sorprende tamén que, malia a intención de venda por parte de Ferroatlántica, sexa confirmado por esta propia empresa que non pensa retirar os recursos contra Augas de Galicia pola cuestión da segregación. E sorprenden tamén todos eses movementos que finalmente teñen en vilo os traballadores e traballadoras de Sabón coa escisión desta fábrica do resto da unidade industrial. Todo isto son indicadores de que podemos estar diante dunha operación que poida ser fraudulenta e que teña unha axenda oculta detrás; unha axenda oculta dunha operación de maquiillaxe, dunha operación de enxeñería financeira, mediante a cal a empresa compradora tería un pacto xa con Villar Mir para que unha parte quedase coa produción das ferroalixas e, doutra banda, se separase a produción hidroeléctrica, que é realmente a galiña dos ovos de ouro.

Polo tanto, estaríamos diante dunha operación que buscaría conseguir pola porta de atrás o que denegaron ata dúas sentenzas xudiciais e tamén ese informe de Augas de Galicia. Polo tanto, sabe vostede, señor Conde —porque estivo reunido cos traballadores e traballadoras—, que están moi preocupados. E nós hoxe queremos sumarnos a esa preocupación e preguntarlle que vai facer para impedir calquera venda fraudulenta que poña en cuestión esta cuestión das centrais.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, o Parlamento non é un teatro. Non é un teatro onde vostede veña simplificar e frivolar sobre a industria do noso país. E o Parlamento non é un teatro para que vostede fale de determinados traballadores; e doutros traballadores, non. O Parlamento é o lugar onde estamos para defender os intereses dos traballadores. E o Parlamento é o lugar onde estamos para defender os intereses da industria do noso país.

E vostede debería saber que, en gran parte das decisións en materia de política industrial, as competencias as ten o Goberno central. E o Partido Popular non é precisamente o que está apoiando nestes momentos o goberno de Pedro Sánchez. O que está apoiando o goberno de Pedro Sánchez é o Bloque Nacionalista Galego (*Risos.*). E o que é cómplice de que nestes momentos estean pechando empresas en Galicia como Meirama, como Elnosa, ou como o



intento de pechar Ence, é o Partido Socialista. E o cómplice útil para que iso poida ter lugar chámase «Bloque Nacionalista Galego». *(Aplausos.)*

Polo tanto, señoría, agradeceríalle que, se quere falar de política industrial, fale de política industrial; pero fale de política industrial de verdade. E fale da política industrial para todos os galegos e para todos os traballadores, non para os traballadores que única e exclusivamente quere defender o Bloque Nacionalista Galego. Os traballadores saben, tanto os traballadores de Cee-Dumbría como os traballadores de Sabón, que aquí hai un goberno que os defende a todos, a todos, señora Presas; a todos e non só unha parte dos traballadores. Estamos en contacto permanente con eles e saben que nós non imos facer distincións, como si fai o Bloque Nacionalista Galego cando se fala de industria. Non sei, señora Presas, por que queren xerar dúbidas con este Goberno, non o sei. Vostede saberá, vostede saberá.

Este Goberno trasladou no ano 2017 unha idea moi clara e unha actuación moi clara: que non ía permitir a segregación das centrais hidroeléctricas da fábrica de Ferroatlántica. Trasládouno de forma moi clara e nítida, e así o cumpriu. E non sei por que vostede quere trasladar neste Parlamento, nestes momentos, que agora pode haber algunha dúbida de que este Goberno vaia ser o garante de que se cumpran as concesións e, polo tanto, que este Goberno vaia ser o garante de que se manteña a actividade industrial, de que non haxa unha segregación entre as centrais hidroeléctricas e as fábricas de Ferroatlántica.

Polo tanto, señora Presas, céntrese nos debates, céntrese na defensa da política industrial, deixe de ser o cómplice útil do Partido Socialista —que está pechando empresas en Galicia— e, a partir de aí, seguramente, poderemos estar establecendo un debate para defender os intereses de todos os traballadores industriais en Galicia.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Conde, o teatro é unha arte moi digna que, efectivamente, non merece o comportamento do seu grupo parlamentario. Pois mire para atrás e bótelles a bronca a eles, e non ao Bloque Nacionalista Galego por preguntar. *(Aplausos.)* É curioso, hoxe bótanos a bronca por preguntar só por Ferroatlántica, pero cada vez que preguntamos por algunha industria deste país levamos tripla bronca. Entón, xa non sabemos moi ben que facer para contentalo, señor Conde.

Pero, mire, agora que non nos escoita case ninguén, eu voulle contar un segredo: o BNG —lamentablemente para nós e para este país— non ten representación no Congreso, non vai condicionar, desafortunadamente, a investidura de Sánchez. Vostedes teñen esa capacidade. Aplique o seu conto. Apliquen o seu conto e condicionen a investidura de Pedro Sánchez con medidas a favor da nosa industria. *(Aplausos.)* A min gustaríame poder facelo nós mesmos, pero, lamentablemente, de momento non podemos.



Mire, vostede veu unha vez máis aquí co seu traxe de campaña electoral permanente —debe de ter medo de se hai repetición das eleccións— a botar balóns fóra para o Goberno central. Eu volvo insistirle en que nós mantemos as mesmas críticas ao modelo enerxético e industrial estea quen estea en Madrid, señor Conde. Pero hai unha cuestión diante que vostede nega, unha e outra vez —e é unha pena porque igual non me escoita se está falando por teléfono—, pero é que a concesión das centrais do Xallas é unha concesión galega, é unha responsabilidade súa, súa exclusivamente, da Xunta de Galiza. Entón, eu xa sei que debeu regalar o Estatuto de autonomía algunha vez, cando o tivo na man; pero, cando menos por esa cuestión, debería aplicarse un pouco. E sabe vostede que, se quere ser o garante de que se cumpran esas condicións, o que ten que facer é implicarse neste proceso de compravenda, ten que estar da man dos traballadores e traballadoras. Sabe vostede que o comprador rexeitou mesmo darlles audiencia.

Polo tanto, é hora de que cumpra a súa responsabilidade como conselleiro de Economía, Emprego e Industria e de que se implique, da man dos traballadores e traballadoras, para tutelar e para velar por que ese proceso, se se consuma...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...sexa limpo e con garantías para o futuro industrial deste país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Na réplica do Goberno, ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señora Presas, con toda cordialidade, eu entendo perfectamente que vostede seguramente a nivel individual non estea de acordo con moitas das decisións que se están tomando no seu grupo parlamentario. Eu enténdoo perfectamente porque eu, seguramente, se fose militante do Bloque Nacionalista Galego, adquiriría certa preocupación polos pactos bipartitos, tripartitos e tetrapartitos que vostedes están asumindo nestes momentos. Eu estaría preocupado porque, en vez de defender os intereses dos traballadores da industria electrointensiva en Galicia, se dedican a outro tipo de actividades.

E gustaríame saber por que non lles piden aos seus socios do Partido Socialista de Galicia, por que non lles exigen, que se poida aprobar o estatuto dos consumidores electrointensivos. Eu non lles escoitei iso en ningún momento. E vostedes están pactando co Partido Socialista, vostedes están pactando. Sei que non lle gusta que lle digamos isto, pero están pactando con bipartitos, tripartitos e cuatripartitos. Polo tanto, señora Presas, un pouco de coherencia e, cando veñan aquí plantexar reivindicacións sobre a industria en Galicia, seguramente debería de mirar á súa dereita e tamén á súa esquerda, e seguramente cambiaría de opinión e non falaría con tanta vehemencia, como fixo na súa intervención.

Vostede fala de implicación. ¡Toca de oídas, señora Presas, toca de oídas! Este Goberno está en permanente contacto cos traballadores de CEE e Dumbría e cos traballadores de Sabón,



en permanente contacto. Está en contacto con Ferroglobe, está en contacto cos compradores e está, efectivamente, tutelando esta situación. E ¿sabe o que lle digo? Que non imos mudar de opinión. E Ferroglobe, os compradores e os traballadores saben perfectamente dúas cousas: primeira, que este Goberno non vai permitir ningún tipo de segregación en Ferroatlántica, ningún tipo de segregación; e, segundo, que este Goberno vai garantir o mantemento da actividade industrial, que significa garantir o cumprimento das concesións tal e como están establecidas, e para iso exixiremos, loxicamente, un plan industrial e un plan de viabilidade que garanta ese mantemento da actividade industrial. Así de sinxelo, señora Presas. ¿Por que quere confundir a xente? Somos absolutamente transparentes e absolutamente claros na nosa exposición. E máis claro non se pode dicir.

Insisto: sábeo Ferroglobe, sábeno os compradores e sábeno os traballadores. Manteremos o noso compromiso do cumprimento das concesións hidroeléctricas e, polo tanto, non haberá segregación e garantiremos o mantemento da actividade industrial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luís Manuel Álvarez Martínez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as características fundamentais do proxecto de universidade privada presentado por Afundación Abanca

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Señora conselleira, como vostede deu a coñecer oficialmente hai pouco, a Xunta de Galicia está tramitando a solicitude de creación dunha universidade privada impulsada por Afundación, de Abanca. Por suposto, isto entra dentro da normativa e da lexislación actual, e pode facelo, por suposto, legalmente. Pero esta posibilidade de creación dunha universidade privada está a causar unha importante inqueda e preocupación na comunidade universitaria de Galicia. En primeiro lugar, porque non coñece absolutamente nada do proxecto e, en segundo lugar, porque teme que poida ter unha incidencia negativa sobre o Sistema universitario de Galicia.

Son os reitores das tres universidades os que manifestaron publicamente e claramente as súas inquezas respecto deste proxecto. En primeiro lugar, piden —e nós estamos absolutamente de acordo— que o proceso de tramitación sexa realizado dunha forma absolutamente estrita, rigorosa e escrupulosa, cunha total transparencia. Eu creo que, ademais, as universidades deberían coñecer xa perfectamente este proxecto. Por outra parte está o problema das titulacións, outro motivo de grave inqueda. Dende logo, non pode, baixo ningún concepto, ter esta universidade privada titulacións que sexan iguais



—nin similares sequera— ás ofertadas dentro do Sistema universitario galego, nin nas súas denominacións nin, sobre todo, nos seus contidos. Máxime cando o Sistema universitario galego, as universidades públicas, tiveron unha aplicación dun mapa de titulacións moi restritivo, que prohibiu taxativamente toda duplicidade de titulacións, aínda as que teñen demanda. Hai unha preocupación polo sistema de acceso do alumando tamén, que ten que ser absolutamente igual, o mesmo que nas universidades públicas. Porque unha universidade privada non pode descompensar o sistema público. Neste senso, hai que ter en conta que as universidades públicas están perdendo alumando por unha caída demográfica, pero tamén por unha política da Xunta chamada «compromiso de estabilidade» que prohibe implantar novas titulacións. Se se fai esa implantación de novas titulacións, ten que haber unha redución do número de alumnos igual, en número equivalente, noutras titulacións. E hai unha preocupación tamén pola cualificación do profesorado que imparte a docencia, que ten que ser de calidade, coas mesmas necesidades e cos mesmos requisitos que nas públicas.

En resumo, queremos saber se se compromete, señora conselleira, a que, se sae adiante este proxecto de universidade pública, sirva para enriquecer o Sistema universitario galego e para melloralo cunha oferta complementaria á existente e cunha plantilla docente cualificada e de calidade, e que conte tamén esta presunta universidade cos recursos necesarios.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Señora Burgo, en relación coa creación dunha universidade privada en Galicia, vostede sabe que dependerá unicamente do cumprimento da normativa vixente —e, polo tanto, si, imos ser estritos—, tanto estatal como autonómica, e que será aprobada ou non por unha lei nesta Cámara. Ademais, tamén sabe perfectamente que a existencia de universidades privadas en España é algo normal, é algo frecuente, mesmo en comunidades autónomas que están gobernadas por outros partidos políticos.

Sorprende, por tanto, que na súa exposición de motivos aluda a que a posibilidade da creación dunha universidade privada da fundación de Abanca en Galicia, Afundación, estea a provocar unha forte inqueda na comunidade universitaria. Non hai que xerar alarmas onde non as hai. E sorprende, entre outras cousas, porque en decembro do 2018, nunha resposta na Comisión 4ª do secretario xeral de Universidades, xa se explicou o estado no que se atopaba o proxecto e cales eran as exixencias legais que tiña que cumprir. E xa entón a Consellería sinalou que, tendo en conta os requisitos legais que hai que cumprir, de apro-



barse a creación da universidade privada —insisto, de aprobarse—, non tería por que afectar o Sistema universitario de Galicia.

Neste senso, tal e como manifestaron os reitores galegos á saída do último Consello Galego de Universidades, a posición da Consellería sobre este asunto é que se cumpra coa lei, e que a autorización da nova universidade privada sirva sempre para enriquecer o Sistema universitario de Galicia. O procedemento está regulado na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, e tamén é de aplicación o establecido pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, de universidades, e o Real decreto 420/2015, do 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios.

O marco normativo galego e estatal permite a convivencia de universidades públicas e privadas. De feito, Galicia é a única comunidade autónoma na que, habendo máis de unha universidade pública, non hai unha privada. E dígolle máis: cando en decembro houbo un debate deste asunto na Comisión 4ª, o número de universidades privadas en España era de trinta e catro, pero agora xa son máis de corenta, logo das novas autorizacións. E son moitas desas universidades do resto do Estado, especialmente aquelas *on line*, as que constitúen competidoras reais das universidades públicas galegas, ao estar a captar o alumando galego a distancia a prezos privados. Todas esas universidades privadas contan cun informe favorable do Ministerio e das comunidades autónomas. No caso da normativa galega exíxese a existencia de dúas ramas de coñecemento, o informe de pertinencia socioeconómica ou experiencia previa na xestión universitaria.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para a quenda de réplica, ten a palabra a señora Burgo López.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira, non é a primeira vez que lles escoito dicir que aquí non hai unha universidade privada. ¿Que quere dicir con este argumento? ¿Quere dicir que necesitamos unha universidade privada, que o sistema privado é mellor, que non podemos ser os raros de España e por iso imos ter unha universidade privada? Mire, eu creo que, dende logo nós, como Grupo Socialista, sempre defendemos e somos defensores do ensino público. (*Aplausos.*) Creo que tamén para vostede a súa obriga fundamental é a defensa da universidade pública, a súa obriga fundamental, haxa ou non haxa aquí universidade privada.

Por suposto que hai que cumprir a lei, pero é que a lei ten sempre moitas interpretacións. Por exemplo, o artigo 13 di que «o catálogo de titulacións ofertadas deberá ser complementario e non reiterativo respecto das titulacións preexistentes...», e «valorarase especialmente a súa conexión con novas ramas xurdidas». Isto deixa marxe para unha decisión da propia Consellería. Eu o que quero é que teña vostede o compromiso de que vai ser absolutamente rigorosa con todo este proceso.



E, mire, claro que hai universidades privadas, claro. Pero iso non quere dicir que todas sexan boas. Como sabe vostede perfectamente, hai moitas universidades privadas dunha calidade moi pouco recomendable e que sexan boas para o sistema.

Tamén sabe vostede, ou espero que saiba, que ten que aportar algo esa universidade, porque simplemente a súa existencia non di nada. É que a min preocúpame, porque, cada vez que fala vostede disto, di que non hai universidade privada. O que pode levala a considerar que si é necesario tela.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a réplica do Goberno a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, a señora Pomar Tojo.

A señora CONSELLEIRA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL (Pomar Tojo): Grazas, presidente.

En ningún momento eu dixen que sexa necesaria a existencia dunha universidade privada. Eu mesma son profesora dunha universidade pública. Polo tanto, pois está garantida a calidade e a excelencia da universidade pública. O que existe é un proxecto, un proxecto de universidade privada presentado, un proxecto de universidade privada en Galicia que parte de Afundación e cuxa proposta nace do actual Instituto de Educación Superior Intercontinental da Empresa, centro actualmente adscrito á Universidade de Vigo polo Decreto 445/2009, no que se imparten os estudos oficiais do grao en Administración e Dirección de Empresas e do máster universitario en Dirección e Administración de Empresas. Polo tanto, o primeiro que tería que haber é un proceso de desadscripción da Universidade de Vigo. Polo tanto, estamos a falar dun proceso complexo, con fases, e que non está feito no vacío, non é buscar unha universidade privada porque non a haxa.

Polo tanto, a intención dos promotores é a creación dunha fundación específica sen ánimo de lucro, e prevén que un 25 % dos estudantes e das estudantes se beneficien das bolsas propias da entidade outorgadas en función da renda. Os promotores da iniciativa contan con experiencia no eido universitario —esta é a información que podo dar, para que non vexan que ocultamos nada, hai transparencia total—, xa que desde hai anos xestionan a Escola de Negocios, centro adscrito á Universidade de Vigo, na que se imparte o MBA con índices de calidade e de empregabilidade altos. Por outra banda, contan con infraestruturas en toda a comunidade autónoma. E para a futura universidade privada —se é que a hai— teñen a previsión de utilizar novas tecnoloxías ademais da formación presencial.

Esta iniciativa é xa coñecida polos membros de Afundación e os promotores, que mantiveron reunións informativas cos tres reitores, cos presidentes dos consellos sociais, con membros do Consello Galego de Universidades, con alcaldes, con presidentes de deputacións, con parlamentarios e, segundo trasladaron á Xunta, en ningún caso advertiron reaccións adversas iniciais ao proxecto. Ademais, ampliaríase a oferta formativa superior nesta iniciativa con



dúas características: mantendo a garantía da calidade da mesma aos niveis da oferta pública que xa existe e mediante o recoñecemento da primeira universidade galega con oferta especializada en eidos determinados e de carácter internacional.

Insisto, no caso de autorizar unha nova institución universitaria en Galicia, as regras de xogo son claras: consisten no cumprimento — non na interpretación — da normativa estatal e autonómica neste eido. Polo tanto, será obxecto de publicidade no Portal de Transparencia e Goberno Aberto, e nese momento a sociedade en xeral e as propias universidades públicas poderán coñecer na totalidade os termos da proposta presentada.


Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Esgotada a orde do día, remata a sesión.

Remata a sesión ás oito e once minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPGDYp788vu4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

